

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(XXXIV)



Xosé F. Filgueira Valverde
Escolma
de
textos literarios e xornalísticos

XUNTA DE GALICIA

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(XXXIV)

Xosé F. Filgueira Valverde

*Escolma
de
textos literarios e xornalísticos*

Edición de:
Luís Alonso Girgado
Laura Blanco Casás

Colaboración:
Manuel Quintáns Suárez

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(Cadernos galegos de pensamento e cultura)

Directores:

Luís Alonso Girgado
Xosé Luís Cochón Touriño
Ramón López Vázquez

Consello asesor:

Xesús Ferro Ruibal
Anxo González Fernández
Ramón López Vázquez
Segundo Pérez López
Manuel Quintáns Suárez
Anxo Tarrío Varela
Andrés Torres Queiruga

Edita:

Xunta de Galicia
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Secretario Xeral de Política Lingüística:

Valentín García Gómez

Coordinador científico:

Manuel González González

Directora Técnica de Literatura:

Blanca-Ana Roig Rechou

© Copyright dos textos de Filgueira Valverde: familia de Xosé Fernando Filgueira Valverde

© Copyright das ilustracións: Juan Vidales Pousa

© Copyright da fotografía do interior: *El Correo Gallego*

© Copyright da introdución e notas: Luís Alonso Girgado e Laura Blanco Casás

Maquetación e impresión:

Grafisant, S.L.

ISBN:

978-84-453-5206-9

Depósito legal:

C 2262-2015

ÍNDICE

I	Xosé F. Filgueira Valverde: perfil bio-bibliográfico	11
II.	Nota de edición	23
III.	Selección de textos	27
1.	NARRACIÓNS	31
	O mal	31
	A moza que fai flores.....	31
	A tendeira.....	32
	¡Marela!	33
	O nome dela.....	33
2.	POEMAS.....	34
	6 canciones de mar ‘ <i>in modo antico</i> ’.....	34
	Cantigas da “seguida dos anxos de Compostela”.....	38
	“Esta é a bailada dos anxos”	39
	Seguida para os <i>Anxos de Compostela</i>	40
3.	ARTIGOS DE PRENSA.....	45
	Das brétemas	45
	De novo as sereas.....	49
	Máis sobre das fontes	51
	Do entroido	53
	Na festa dos «maios»	55
	Das fogueiras de San Xoán.....	61
	Da gaita.....	63
	Dos toneleiros.....	65
	Dos vellos pregóns	69

As rúas de onte	73
A nosa fala	75
Para unha mostra do traxe galego	80
Sementador de cruceiros.	82
Da pedra.....	83
Das pontes.....	85
No tempo das vendimas.....	90
Un camiño aberto á universalidade	93
Das lampreas de Padrón e Arbo	96
O milagre dos freixós.	98
Do «polbo»	100
Para unha estética da lingua	102
Galicia, esta cidade	104
Verbas para un congreso de planificación lingüística	105
Otero Pedrayo, poeta	108
Mariñeiros de Castelao	110
A nova version da Biblia en galego.	112
Os camiños do«amor cortés».....	115
A revistiña «Adral», 1925	117
Antonio Odriozola.....	120
Nos setenta anos da Coral Polifónica de Pontevedra.....	122
Os cantores dos Institutos de Pontevedra	124
4. FRAGMENTOS CRÍTICO-BIOGRÁFICOS	129
Afonso X	129
Álvaro Cunqueiro	130
Castelao.....	134
A. Cotarelo Valledor	135
Euxenio Montes.....	137
Luis Seoane.....	139
Losada Diéguez.....	141
Valle-Inclán	143
IV. Selección bibliográfica.....	147



Xosé Fernando Filgueira Valverde
(Pontevedra, 1906-1996)

Agradecementos

A nosa gratitude, pola súa xenerosa colaboración, en distintos aspectos da realización deste libro, a Fernando Filgueira Iglesias, ao Museo de Pontevedra (ao seu director, Xosé Carlos Valle Pérez e á arquivista María Xesús Fortes Alén), así como á Editorial Galaxia.

(Os editores literarios)

*I. Xosé F. Filgueira Valverde:
perfil bio-bibliográfico*

Xosé Fernando Filgueira Valverde nace na cidade de Pontevedra en 1906. Alí estuda Bacharelato no Instituto Xeral e Técnico do que, anos despois, será catedrático (1939-1976) e director (1946-1976). En 1922 comeza os estudos de Filosofía e Letras na Universidade de Zaragoza e, ao ano seguinte, os de Dereito na Universidade de Santiago. Con tan só dezasete anos inicia (nas páxinas de *La Renovación*, Santiago de Compostela, 1921) o que será un fecundo e prolongado traballo en prensa; traballo que, como o resto da súa obra escrita, se desenvolverá alternativamente en galego e castelán. Tamén en 1923 pasa a formar parte do Seminario de Estudos Galegos, do que será cofundador, colaborador e encargado da sección de Literatura ata os anos da Guerra Civil, en que a institución galeguista desaparece practicamente. En 1924 publica o seu primeiro artigo no *Boletín da Real Academia Galega*¹, na que ingresará como membro de número en 1941. O seu discurso de entrada tratará “Da épica na Galicia medieval”. Comeza a colaborar en *El Ideal Gallego*².

Son estes anos vinte de intenso traballo literario, investigador e docente. Así, en 1925³ publica un conxunto de narracións breves titulado *Os nenos* e, dous anos despois, a novela curta *O vigairo*. Traballa como profesor en prácticas no Instituto pontevedrés e desenvolve un intenso labor na prensa galeguista, en cabeceiras como *Galicia* (Vigo), *Nós* (Ourense), *A Nosa Terra*, *El Pueblo Gallego*⁴ (Vigo) e *Archivos do Seminario de Estudos Galegos*, ademais

¹ Publicou no *BRAG* un total de dez achegas entre 1924 e 1991.

² A maior parte dos máis de mil artigos de prensa que Filgueira Valverde publicou figura nas grandes cabeceiras dos xornais galegos de información xeral. Velaquí algunhas cifras: *Faro de Vigo*, 340; *El Ideal Gallego*, 140; *El Correo Gallego*, 83; *El Pueblo Gallego*, 86; *Diario de Pontevedra*, 71; *La Voz de Galicia*, 103; *La Noche*, 45; *Galicia*, 14; *El Progreso*, 9.

³ Neste ano participa, en Santiago, na creación da “revistiña” universitaria, tirada a ciclostil, *Adral*, cabeceira que en 1976 utilizará na ampla serie de artigos que, ata 1986, publica nas páxinas de *Faro de Vigo*. Por último, *Adral* será o título dos nove tomos nos que, entre 1979 e 1996, reunirá os artigos da citada serie do *Faro de Vigo*, así como doutras cabeceiras de prensa nas que colaborou de forma continua ou esporádica. (Vid. Filgueira Valverde, “A revistiña *Adral*, 1925”, en *La Voz de Galicia*, A Coruña (22-IX-1992). Reproducido en *Adral*, VIII, Ed. do Castro: Sada – A Coruña, 1994, pp. 241-243)

⁴ Nalgunha ocasión utilizou o polígrafo pontevedrés pseudónimos nas súas páxinas de prensa; así, J. de Acuña na serie “Glosas compostelanas”, de *El Ideal Gallego*, ou nas páxinas da revista *Logos*; así tamén, Martín Valerio na serie “Rito del tiempo”, de *El Pueblo Gallego*, e tamén en *La Voz de Ortigueira* e na revista *Misión*.

do *Diario de Pontevedra*. En 1929 é nomeado Secretario do Patronato do Museo de Pontevedra, institución á que adicará boa parte da súa vida e onde publicará libros, folletos e catálogos de moi diversa temática, revelando así a súa condición de humanista, a súa poliédrica personalidade intelectual e os seus heteroxéneos saberes de erudito, frecuentador incansable de bibliotecas e arquivos. Entre 1942 e 1986 será director do Museo pontevedrés.

Nos anos trinta colabora en revistas nas que a temática relixiosa⁵ vai unida á cultural e, nalgún caso, a posicionamentos galeguistas. Así ocorre con *Logos*⁶ (Pontevedra, 1931), *Spes* (Pontevedra, 1934) ou *Misión* (Ourense, 1937). En 1935 ocupa a cátedra de Lingua e Literatura españolas do Instituto de Lugo e ese mesmo ano publica a súa única contribución ao teatro, *Agromar. Farsa pra rapaces*. En materia de publicacións debemos reseñar a súa primeira *Guía de Pontevedra* (1931) e tamén a primeira *Guía de Santiago de Compostela* (1932). Precisamente nesta última cidade publica a súa tese de doutoramento, defendida na Universidade de Madrid e dirixida polo seu admirado profesor Armando Cotarelo Valledor. O seu título: *La Cantiga CIII. Noción del tiempo y gozo eterno en la narrativa medieval* (1935). En colaboración co profesor e escritor lugués Evaristo Correa Calderón publica *Lengua y Literatura Española* (1936), o primeiro dos seus libros de texto.

Marca esta mesma década dos anos trinta o comezo da súa actividade política á que retornará, nunha etapa breve, – xa nos anos da transición democrática – como Conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia. Participa nos debates do Estatuto de Autonomía de Galicia e, previamente, se integra no grupo Labor Galeguista (1931), así como no núcleo pontevedrés do Partido Galeguista. Home conservador e enraizadamente católico, rompe⁷ en 1935 co Partido Galeguista para pasar en 1936 a Dereita Galeguista. A

⁵ A esta temática volverá xa na posguerra, en publicacións como *Ecclesia* (Madrid) ou *Encrucillada* (Ferrol-Pontevedra) e *Compostellanum* (Santiago).

⁶ Publicou Filgueira nesta revista un total de vintedúas colaboracións (co pseudónimo J. Acuña moitas delas) e aínda prologou a súa edición facsimilar (Ed. Sotelo Blanco, 1983).

⁷ Sobre a cuestión da súa ruptura co partido galeguista, Vid.: Xosé R. Barreiro Fernández, “Filgueira Valverde e o Partido Galeguista”, en *Xosé Filgueira Valverde, 1906-1996. Un século de Galicia*, Museo/Deputación Provincial de Pontevedra: Pontevedra, 2007; pp. 134-171. Concordamos coa frase que abre o citado traballo: “Na poliédrica personalidade de Filgueira, a política activa e partidaria só ocupa un espazo secundario”.

súa aquiescencia fronte ao bando sublevado na Guerra Civil enfrontouno a sectores do galeguismo de esquerdas. En fin, no ano 1939 consegue o traslado ao Instituto de Pontevedra, onde desenvolverá un moi meritorio labor como profesor, director e animador de diferentes iniciativas docentes e artísticas.

Na seguinte década, nos difíciles anos cuarenta da posguerra, colabora, aínda que en escasa medida, coa Prensa do Movemento,⁸ na que tiña poder e responsabilidade a Falanxe (FET y de las JONS), en cabeceiras de títulos tan elocuentes como *Azul*, *Triunfal*, *Amanecer*, *Proa* ou *Imperio*. Na *Revista del Museo de Pontevedra* inicia unha serie, “Miscelánea de la vieja Pontevedra”, que terá longa continuidade. Impulsa a creación do Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, que dependerá do CSIC de Madrid e abrirá a súa sé en Santiago de Compostela, en 1944, para encher o baleiro creado polo desaparecido Seminario de Estudos Galegos. Nos *Cuadernos de Estudios Gallegos*, do Instituto Padre Sarmiento, publicará un total de vinteseite achegas. Comeza a colaborar en *La Noche* (1946) de Santiago e en *El Correo Gallego* (1942), tamén compostelán. Continúa a súa colaboración no *Faro de Vigo*, *Diario de Pontevedra* e *El Ideal Gallego*.

No Museo de Pontevedra programa frecuentes exposicións. Preside o Tribunal Tutelar de Menores da súa cidade natal. Recibe a Cruz Alfonso X o Sabio polo seu labor docente. Amplía as dependencias do Museo e obtén, en 1947, o Premio Pérez Lugín de xornalismo. Participa na creación da Editorial de los Bibliófilos Gallegos (1948), en Santiago de Compostela. Obtén o Premio Nebrija do CSIC polo seu estudo “La primitiva lírica de Galicia y Portugal”.

No terreo das publicacións estréase como poeta, seguidor do movemento do neotrobadorismo⁹, con “6 canciones de mar *in modo antico*”, editadas na revista platonese *Alba* (n.º 7, 1941). Edita os materiais recollidos

⁸ A súa presenza naquela prensa da inmediata posguerra non só foi esporádica, senón tamén orientada unicamente a temas históricos e culturais. Unha sinxela ollada aos títulos dos artigos ilustra tal orientación: “Gil Vicente”, “Los ensayos del Rey don Duarte”, “Bernardes, la sencillez”, “Lección de San Fernando”, “Una lápida romana... en la Bombilla”, “Campanas en Córdoba”, etc.

⁹ Sobre este movemento poético e os seus cultivadores, *Vid.*: Teresa López, *O neotrobadorismo*, Ed. A Nosa Terra: Vigo, 1997.

por Casto Sampedro no libro *Cancionero Musical de Galicia* (Madrid, 1942-43). Publica as primeiras entregas da *Bibliografía de Galicia* (1945) e a edición da *Primera Crónica General de España* (1943). Outros libros desta etapa: *Archivo de Mareantes* (1946) e *El libro de Santiago* (1948). Salientemos, no terreo dos estudos literarios, “Lírica medieval gallega y portuguesa”, texto incorporado ao tomo I da *Historia General de las Literaturas Hispánicas* (1949) e publicado tamén como separata.

En 1952 comeza a colaborar en *ABC*, aínda que en anos anteriores e posteriores a súa sinatura aparece en cabeceiras da prensa madrileña como *El Español*, *El Sol*, *El Debate*, *Revista General de Marina*, *Mares*, *Mundo Hispánico*, *Correo Erudito*, *Ya*, *Ínsula*, *La Estafeta Literaria*, *Revista de Filología Española*, *Las Ciencias*, *Galicia en Madrid*, *Goya*, *Revista de Pedagogía*, *Boletín de la Real Academia de la Historia*, *Historia 16*, *El País*, *Diario 16* e outras. Neste terreo da prensa dous novos apartados: o da emigración a América (colaborou sobre todo en *Galicia*, de Bos Aires) e o das casas, centros ou lares galegos espallados pola xeografía española, como os de Santander (*Libredón*), Barcelona (*Alborada*), Las Palmas (*Aturuxo*) ou Madrid (a xa citada *Galicia en Madrid*).

A publicación da excelente monografía *Camoens* (1958) abre canle a novas colaboracións no ámbito literario-cultural portugués (congresos, artigos en revistas especializadas, algunha tradución) en cidades como Porto, Lisboa, Coímbra, Braga ou Viana do Castelo. Colaborará en revistas do país como *Colóquio.Letras* (da Fundación Calouste Gulbenkian de Lisboa), *Ourivesaria portuguesa*, *Bracara Augusta*, *O Primeiro de Janeiro*, *Revista de Filología Portuguesa*, e tamén na publicación voceira do Centro Galego de Lisboa. Nesta década dirixe traballos de arqueoloxía, crea o Coro de Cantores do Instituto de Pontevedra (1955) e visita Londres cun grupo de alumnos do citado centro. Pronuncia conferencias en Salamanca, Zaragoza, Barcelona, París, Santiago, Porto e Madrid. En 1959 é nomeado Alcalde de Pontevedra.

Publicacións significativas destes anos son *La artesanía en Galicia* (Centro Gallego de Buenos Aires, 1953), *Sargadelos* (1951) e *El tesoro de la Catedral compostelana* (1959), entre outros como a súa biografía *Hernán Cortés. Su vida contada a los muchachos de las dos Españas* (1960), que nos leva aos anos sesenta.

Nos anos sesenta segue ao fronte do Museo e do Instituto pontevedreses. Continúa animando a Coral Polifónica da súa cidade natal, sociedade artística á que estivo moi vinculado dende a súa fundación en 1925. Recibe a Cruz de San Raimundo de Peñafort e fala nas Cortes, como Procurador que era, sobre Dereito Foral Galego. Dá conferencias e publica artigos sobre figuras como Rosalía, Alfonso X o Sabio, o Padre Sarmiento, Feijoo, Losada Diéguez, Castelao, Valle-Inclán, etc. En 1964 viaxa a Arxentina e ao ano seguinte recibe a Medaglia Culturale d'Argento do Goberno italiano. Recibe tamén a Gran Cruz do Mérito Civil e a Medalla de Ouro de Pontevedra.

A súa bibliografía incrementase coa escolma *Cancioneiriño novo de Compostela* (1969) e unha nova antoloxía, *Pontevedra y el mar. Textos para la antología de una tradición* (1963). Prepara así mesmo a obra poética de Rosalía traducida ao inglés e publicada polo Ministerio de Asuntos Exteriores. Engadamos aquí o seu estudo *Azabachería* (1964) e a *Guía breve del Museo de Pontevedra* (1969).

En 1970 volve a tomar a palabra nas Cortes para falar sobre a nova Lei Xeral de Educación e defender o bilingüismo. Participa na creación da Universidade a Distancia en Pontevedra. Recibe os premios Pedrón de Ouro e Galicia Letras; este último, da Deputación Provincial da Coruña. Viaxa a Londres e entrevístase con Fraga Iribarne¹⁰, que daquela (1975) era embaixador en Inglaterra. É nomeado Académico de Bellas Artes nas cidades de Sevilla e Málaga. Viaxa tamén a Italia nunha xira dos Cantores do Instituto pontevedrés, que xa levaba o nome do seu admirado Francisco Javier Sánchez Cantón¹¹. Asina un convenio coa Fundación Barrié de la Maza

¹⁰ Fora alumno de Filgueira Valverde no Instituto de Lugo, nos anos 1935-1939.

¹¹ Sobre quen foi o seu amigo e mestre escribiu en diferentes ocasións, como acreditan os artigos: “Unha noveliña en galego de Sánchez Cantón”, en *El Correo Gallego* (20-4-1991); “Sánchez Cantón escribe o discurso de Alfonso XIII na Academia francesa”, en *Faro de Vigo* (15-12-1988); “La exposición bibliográfica de Sánchez Cantón”, en *Cuaderno de Estudios Gallegos*, fascículo LXXX (1971), pp. 261-264; “Sánchez Cantón, Francisco Javier”, en *Gran Enciclopedia Galega*, tomo XXVIII (1986), p. 210; “Sánchez Cantón y Antonio Pastor”, en *El Ideal Gallego*, A Coruña (22-7-1979); “Os primeiros traballos de Sánchez Cantón sobre literatura galega”, en *Faro de Vigo* (21-IV-1991); “Sánchez Cantón, pontevedrés”, en *Revista del Museo de Pontevedra*, n.º 12 (1958), pp. 11 e ss., entre outros.

para sufragar as publicacións do Museo. Organiza os actos conmemorativos do cincuentenario do seu querido Seminario de Estudos Galegos e, en Santiago, participa na creación, en 1971, do Instituto da Lingua Galega.

Volve ao cultivo da narración breve con *Quintana viva* (1971), unha de cuxas partes, “Os nenos”, estaba publicada xa en 1925. En 1974 prologa a edición do *Cancionero Gallego* de Bal y Gay e Martínez Torner e, ao ano seguinte, prologa o *Teatro de máscaras*, de Castelao, do que prologa tamén a edición de *175 dibuxos de Castelao* (1976). Na liña dos seus numerosos estudos (e artigos) sobre lírica medieval galegoportuguesa e sobre as *Cantigas de Santa María* alfonsíes, publica *Sobre lírica medieval gallega y sus perduraciones* (1977). Citemos finalmente a súa edición bilingüe *Con Rosalía de Castro en su hogar*. En 1979 aparece, co título de *Adral*, o primeiro volume recompilatorio dos centenares de artigos de prensa que Filgueira Valverde publicará no cento e pico de revistas, periódicos, cuadernos, boletíns, separatas, catálogos de exposicións e ata algunha folla parroquial nos que colaborou. *Adral* suma nove volumes, o derradeiro aparecido en 1996 con carácter póstumo. Colabora na edición do *Códice Rico de las Cantigas de Santa María* (1979). Prologa a edición facsimilar de *Terra de Melide*, o meritório traballo institucional no que colaboraron varios membros do Seminario de Estudos Galegos e que foi publicado en 1933. Cómpre engadir que en 1975 comeza a colaborar na *Gran Enciclopedia Gallega*, onde publicará un total de vinte achegas sempre de temas ou figuras de Galicia. No volume XIII da obra, Alfredo García Alén publica un excelente e documentado artigo sobre a vida e obra de Filgueira, de quen foi colaborador.

Sempre preocupado pola situación da lingua galega, tema que tratou en artigos e intervencións en foros culturais e políticos, en 1980 toma parte activa nas reunións da Real Academia Galega para fixar a normativa. Intervén igualmente no coloquio celebrado na Universidade de Trier coa ponencia “Tradición, actualidade e futuro da lingua galega”. Nomeado académico de número da Real Academia da Historia, pronuncia o seu discurso de entrada “Ideas y sistema de la Historia en el Padre Sarmiento”.

Regresa á vida política galega ao aceptar o cargo de Conselleiro de Cultura no Goberno presidido por Xerardo Fernández Albor. Crea, entón

(1983) o Consello da Cultura Galega, que presidirá por un tempo, como tamén presidirá as fundacións Alfredo Brañas e Filgueira Valverde en Santiago e Pontevedra respectivamente. Colabora tamén coa Fundación Castelao e recibe a Medalla que leva o nome do artista, escritor e político rianxeiro, ao que dedicou os traballos reunidos no *IV Adral*. Colabora no centenario de Ramón del Valle-Inclán, no cincuentenario de Castelao e no Día das Letras dedicado a Luís Amado Carballo en 1985. Outórgaselle en 1989 o Premio Fernández Latorre de xornalismo.

Publica *Pontevedreses Universales* (1985), onde reúne un feixe de folletos que renden homenaxe ao Día da Hispanidade. Publica unha nova *Guía del Museo de Pontevedra* (1987) e as monografías *Armando Cotarelo Valledor (1879-1950)* (1984), *Fray Martín Sarmiento* (1981), texto do discurso pronunciado o día da súa entrada na Real Academia da Historia, e *Baldaquinos gallegos* (1987).

En 1990 a Fundación Otero Pedrayo outórgalle o Premio Trasalba e a Fundación Filgueira Valverde recompila a súa bibliografía e hemerografía adicada a Santiago de Compostela no folleto “Temas santiagueses na bibliografía de Xosé Filgueira Valverde”. É Académico de Honra da Real Academia Galega de Bellas Artes. Colabora na *Historia de Galicia* (1991) coordinada por Ramón Villares. Novas distincións: Doutor *honoris causa* polas universidades de Vigo e da Coruña; Medalla de Ouro da UNED; Fillo Predilecto de Pontevedra; Galego Egrexio pola Fundación dos Premios Galicia da Crítica; Premio das Artes e das Letras de Galicia. Publica os estudos *Pontevedra no Camiño das Peregrinacións* e *Compostela, camino y estela*, ambas de 1993. Intervén nas homenaxes a Bal y Gay, Antonio Fraguas e A. Bonet Correa. Edita, en colaboración con María Jesús Fortes Alén, arquiteira do Museo de Pontevedra, o *Epistolario* do Padre Sarmiento. Con carácter póstumo aparecen o libro de homenaxe *Ó Dr. Filgueira Valverde nos seus noventa anos (1906-1996). Bibliografía. Traballos. Eloxios* (1996), tamén da autoría de María Jesús Fortes Alén, e a edición aumentada de *Pontevedreses Universales* (2000).

En 1995 falecera dona María Teresa Iglesias Oscáriz, coa que don Xosé Filgueira Valverde casara en Lugo, en 1938. O matrimonio tivo cinco fillos. Non sobreviviu moito tempo á súa esposa o ilustre humanista

pontevedrés, que morría na cidade na que nacera e vivira a práctica totalidade da súa vida o 28 de outubro de 1996.

Xosé Filgueira Valverde encarna plenamente a figura do humanista, mestre en disciplinas e saberes varios e intelectual polifacético; profesor, investigador, colaborador de prensa e escritor que cultivaba os diferentes xéneros literarios, especialmente estudos e ensaios que abranguen biografía, historia, lingüística, belas artes, etnografía, antropoloxía e aínda numismática, ourivería, etc. Nada foi alleo ao seu estudo, á súa curiosidade intelectual, á súa insólita capacidade de traballo. A súa vida e obra tiveron o seu epicentro en Galicia, na súa lingua e cultura, no seu pobo e na súa historia. Pontevedra e Santiago foron as súas cidades máis queridas e estudadas; o Museo de Pontevedra, a súa atalaia dende onde pensaba e ollaba Galicia nun constante proceso creativo nos ámbitos da lingua escrita e da fala.

Á labor do polígrafo hai que engadir, no seu constante quefacer a prol de Galicia, a creación e apoio a institucións de carácter cultural, interdisciplinar; institucións que van dende o Seminario de Estudos Galegos ata o Consello da Cultura Galega, e pasan polo Instituto Padre Sarmiento, a Editorial de los Bibliófilos Gallegos, o ILG e o Centro Ramón Piñeiro, e sobre todo, o prestixio e modernización que imprimiu ao “seu” Museo de Pontevedra, cidade na que impulsou a Coral Polifónica e, nos anos cincuenta, o Coro de Cantores do Instituto de Ensino Medio.

A súa actividade política foi secundaria e de desiguais resultados. Ocupou dúas etapas afastadas da súa vida e no tempo da súa militancia no Partido Galeguista representou para el un difícil desencontro entre a dinámica política e as súas crenzas relixiosas máis fondas.

Estableceu unha radical dicotomía entre o traballo científico (estudos, investigacións, recompilacións bibliográficas) e os intres de lecer e descanso que para el representaban os artigos de prensa. A primeira actividade esixía fondura, transcendencia de pensamento e sentido da unidade; é dicir, monografía. O xornalismo, por contra, era dispersión, anécdota, fragmentación, poligrafía; mirada lixeira e superficial concretada en bocetos, glosas, notas, miscelánea na que dialogaba directa e coloquialmente cos lectores. O noso humanista repousaba da súa laboría cotiá escribindo na prensa “tecidos con lembranzas, os fíos de follas e de sinos, de ritos e costumes,

de oficios, obras e figuras senlleiras”¹² sempre referidos a Galicia, á cultura galega, e tamén “un espello de min e un froito do meu lecer”¹³.

Convirá non perder de vista o feito de que cando Filgueira fala do seu labor na prensa está facendo referencia aos seus artigos nos *Adral*, é dicir, refírese á prensa xeral, informativa e tamén a revistas de divulgación. Non fala, por suposto, da prensa especializada (*Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*, *Boletín Auriense*, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, *Revista de Filología Española*, *Compostellanum*, *Revista do Museo de Pontevedra*, *Bracara Augusta*, *Nós*, *Grial*, etc) que require traballos monográficos, documentados, de longa extensión e rigor científico. Prensa na que tamén colaborou e na que deixou traballos de moi estimable cualificación.

Mais, sexa na ampla e documentada monografía sobre calquera tema ou figura relevante, sexa na “manta farrapeira de retallos tecidos en retrincos do tempo”¹⁴ dos artigos de prensa, Filgueira Valverde é sempre grande no seu amor e atención a Galicia.

¹² Xosé Filgueira Valverde, “Limiar”, en *Adral*, A Coruña: Imprenta Moret, 1979; p. 6.

¹³ Xosé Filgueira Valverde, “Limiar”, en *Terceiro Adral*, Sada - A Coruña: Edicións do Castro, 1984; p. 5.

¹⁴ Xosé Filgueira Valverde, “Limiar”, en *Terceiro Adral*, op. cit. p. 6.

II. Nota de edición

A presente escolma de textos non pretende de ningunha forma ser representativa de todos os saberes e disciplinas cultivados por Filgueira Valverde no vasto terreo das Humanidades que el frecuentou por camiños e horizontes tan numerosos como diversos. A nosa escolla, xa que logo, resulta parcial pola súa evidente tendencia á literatura de ficción (relato, poesía), xunto coa xornalística, e no ámbito desta, aos apuntes biográficos.

Da primeira deixou o humanista pontevedrés escasas mostras; por contra, da segunda temos máis dun milleiro de artigos espallados por un cento aproximado de cabeceiras de xornais e revistas, tanto de información xeral como especializados. As pautas que seguimos nesta edición son as seguintes:

1. Os textos son sempre completos agás no caso dalgún fragmento biográfico.
2. Respectamos escrupulosamente os trazos da escrita do autor, que reflicten (en léxico e gramática) o fondo coñecemento sincrónico e diacrónico da lingua, mais non están suxeitos a normativa oficial ningunha. Unicamente limpamos de erratas algúns orixinais.
3. A alta cultura lingüística do profesor pontevedrés reflíctese nun léxico no que poden aparecer palabras de uso infrecuente e aínda voces populares e cultismos cos que o lector medio non estea familiarizado. Neste caso seguimos (aínda que introducimos algunhas notas léxicas, xornalísticas e bio-bibliográficas a pé de páxina) o criterio establecido polo propio Filgueira cara os seus lectores: consulten o dicionario.
4. O noso propósito foi presentar un conxunto textual que sintetizase un aceptable nivel de coñecementos (contidos temáticos) coa amenidade e o interese expositivos. Isto afecta moi en particular aos artigos de prensa aquí recollidos.
5. Nun escritor como o que aquí nos ocupa pareceu pertinente redundar nas páxinas que dedicou á cuestión lingüística, con frecuencia ateigada de tensións e criterios enfrontados e discrepantes.

III. Selección de textos



1. NARRACIÓNS

O mal

O escolante de Illobre viña todos os seráns deprenderme a doutrina para me ir confesar. Un día co gallo dos mandamentos pregunteille:

-¿Don Xabiel que é fornicar?

Don Xabiel, aquel vello velliño bo e sabedor, que endexamais tivo segredos para min, que de cote respondeu ás miñas demandas, olloume moito cos seus ollíños pequeneiros e dixo dubidando:

-Fornicar... é escoitar o asubío dun paxaro estando nun sermón...

Aquela noite, cando don Xabiel falou cos meus pais, mamai estaba cavilosa e o meu pai riu ás gargalladas.

De alí a dous días houbo misión en Lamas, e leváronme alá. O frade pregaba no adro subido ao chanzo do cruceiro. Miña nai puxo a súa cadeira baixo as pólas do castiñeiro vello. O frade falaba no cruceiro e no castiñeiro asubiaba un paxaro. Eu fuxía de oír ao paxaro e arelaba escoitar ao frade, mais tanto fuxín da cántiga que rematei pondo atención nela.

Así foi como eu cometín o meu primeiro pecado.

De *Os nenos* (1925).

Reproducido en *Quintana viva*, pp. 27-28.

A moza que fai flores

Esta é a rapariga macia¹⁵ que fai flores e le novelas. Flores azuis con mazaíñas moradas, flores verdes entre follas vermellas, flores mouras entre follas rosas. Novelas con homes de capa en rúas estreitas, novelas con señores de chisteira en ricos estrados, novelas con mozos de blusa en casas pobres. Esta é a rapariga loira que fai bordados con bolboretas e estrelas, a

¹⁵ Pálida, triste.

que sabe fiar mazarocas de contos e argallar trécolas, a que escarabella nas lembranzas e gabea polos soños.

Onde ela está, bole como un rodicio a devandoira das conversas e trema, a estrelecer, o maxín das mozas. Por eso dín que ten os miolos como un mundo de azougue, onde andan con figuras estrañas todas as cousas.

Cando remate os libros do difunto avogado, encetará os do crego, e cando remate os do crego, escomenzará a súa novela. Namorarase dun estudante que pasa en Castromil. Irá a vivir a Santiago...

(Un bo día os alumnos de disección farán unha preparación de miocardio falando do Celta e do Deportivo).

En *Quintana viva*, pp. 59-60

A tendeira

Rita de Breixo ten un bo pasar: trinta ferrados de sembradura, a devesa da Regueira e uns quiñóns no monte. Ten dúas vacas, tres porcos e moito avecí, viño para unha anada, millo para dez meses, patacas a correr... O fillo mándalle cartos; ela empétaos ben empetados para baixar logo á vila para metelos no Banco. Escasí, Rita de Breixo ten tenda. Tenda de todo, con taberna e con cartería: “Viños e comidas por Marcial Gómez (Viúva)”, Traballa, anda estarricada, non ten día de vagar, e perde, todos saben que perde moito no choio. Pero non o deixa; cando o deixe, morre. E, xa velliña, no mostrador, terma das mulleres que releán¹⁶ por un peso de unto ou por un carrete de cadeneta. Deféndese, latrica, fai contas, demostra, convence, aldraxa á regateira, berra, rifa, ...pero ela vende o unto e o carrete, e cando colle os cartos, anque perda, ten a risada do boxeador que deixou K. O. ao contrario anque el quede coa dentamía desfeita. Porque Rita de Breixo non é tendeira nin taberneira, nin carteira, é... latricante. Latricar nunca foi un negocio, é unha arte. Emporiso podedes atopala aquí, entre os “artistas aldeáns”.

En *Quintana viva*, pp. 68-69.

¹⁶ Discuten, porfían.

¡Marela!

Andaba a pastar vacas nos cobos¹⁷ das Xunqueiras. O choio non rendía e tivo que entrar de peón na fábrica. De peón pasou a torneiro, e de torneiro a mecánico, e agora é capitán dunha máquina enorme que vale moitos millóns e mesmo semella que ten alma.

Chámalle “¡Marela!” e fálle como falaba ás vacas que baixaba ao río.

E cando escomenza a súa “xornada laboral”, porque agora é un produtor sindicado, pódese escoitar como lle di, ollándolle ben fixo aos controles:

-¡Marela! A ver como te portas hoxe...

En *Quintana viva*, p. 121.

O nome dela

Fora o meu amor de neno. Un amoríño devanceiro, imposible, alonxado un día na borralla dos anos. Fora o nidio querer que agroma denantes que a ventanía da vida traía deica nós tanta feitura, tanto engado, tanto degoiro... para que os chamemos con nome de amores.

Foise. I eu funlle fiel. A mina testemuña sería ben estraña:

– Non hei chamar co nome dela a ninguna rapaza que o leve.

E dende entón, ás que o levaban: ¡Escoita!, ¡Ti!, ¡Oe!, ¡Nena! Cantos xeitos de alcumalas, para non dicilo.

Coidaredes que o rompín por un novo namoro, un namoro na súa sazón. Nin por penso. Foi tamén de neno. Cunha amiguiña. Aquela cativa que tiña unha bicicleta. Fun pedirlle que ma emprestase. E chameina por aquel nome, que era tamén o nome dela. E digo una “amiguiña” e non escribo aquí como se chamou aquel meu primeiro amor, por gardar siquera neste intre o voto que, por tan pouca cousa, quebrei entón.

En *Quintana viva*, pp. 134-136.

¹⁷ Cavidade redondeada nun terreo, fochanca.

2. POEMAS

6 canciones de mar 'in modo antico'

1

Porque non seca a morte a fonte das cantigas
eu vos chamo, segreles, que veñades cantar
onde os verdes loureiros gardan vellas ermidas,
cabo das sabias ondas sulcadas do luar,
das insuas da ribeira nun antigo lugar.
¡San Cremenço do mar!

Porque non tolla o frío o albre dos cantares
eu vos digo, rapazas, que vaiades bailar
onde os gayos¹⁸ loureiros quecen fríos fogares,
cabo das tolas ondas, cando o sol vai raia,
das insuas da ribeira no máis ledo lugar
¡San Cremenço do mar!

2

Un loureiro esguío
i-un cantar antigo
no Santo do Mar.

Un loureiro illado
i-un cantar lonxano,
no Santo do Mar.

Un cantar antigo,
por amor amigo,
no Santo do Mar.

¹⁸ Alegres, ledos.

Un cantar lonxano
por amor amado
no Santo do Mar.

Por amor amigo,
das ondas traído
ó Santo do Mar.

Por amor amado,
das ondas levado
ó Santo do Mar.

Das ondas traído,
co loureiro esguío
do Santo do Mar.

Dos ventos levado,
co loureiro illado
do Santo do Mar.

3

Furnas da dura costeira,
si tedes a vos primeira,
ese cantar
querédesmo ben mostrar?

Furnas do alto penedo,
si sabés a vos que eu quero,
ese dizer
eu quixera deprender.

Si tedes a vos primeira,
feita sabor da ribeira,
ese cantar
querédesmo ben gardar?

Si sabés a vos que eu quero,
feita do mar e do ceo,
ese dizer
eu viñera por saber.

Feito sabor da ribeira,
furnas da dura costeira,
ese cantar
non m'o querades negar!

Feito de vento delgado,
furnas do penedo alto,
ese dizer
non o deixedes perder!

4

Bailemos, ai ledas,
raiar de San Johán,
so ramos d'estrelas,
nas portas do vran.

Bailemos, doncelas,
na crara mañán.
Nas portas do vran,
cantar de quincelas.¹⁹

Bailemos, ai ledas,
raiar de San Johán,
cantar de quincelas,
fogueiras no chan.

Bailemos, doncelas,
na crara mañán.

¹⁹ Mozas de quince anos.

5

Da ribeira do río,
vin chegar un navío,
ai amor,
que me trouxo o sino.

Da ribeira do alto,
vin entrar o trincado,²⁰
ai amor,
que me trouxo o fado.

Vin saír o navío
e chegar o desvío,
ai amor,
a levar amigo.

Vin marchar o trincado
i-entrar o desengano,
ai amor,
a roubar amado.

Para longo desvío
non ei mar nin navío,
nin amor,
nin sabor do río.

Para logo desengano,
nin auga, nin trincado,
nin amor,
nin sabor do alto!

²⁰ Barco de vela cadrada destinado á carga.

6

Nosa Señora da Barca
eu ben a vin no sol posto;
ten unha rosa na man,
outra na mazán do rostro.

Nosa Señora da Barca
eu ben a vin no sol novo;
ten unha estrela no mar,
outra dormida no colo.

Ten unha rosa na man,
outra na mazán do rostro.
Nosa Señora da Barca,
vinde vela no sol posto!

Ten unha estrela no mar
outra dormida no colo,
Nosa Señora da Barca,
vinde vela no sol novo!

6 canciones de mar «in modo antico».
(En *Albor*, Cuaderno de poesía, n.º 7, Pamplona, 1941).

Cantigas da “seguida dos anxos de Compostela”

(A Gerardo Diego)

Miraréi anxos, madre, faréime delos,
cando nas portas tanxan, voando, quedos,
na pedra viva.

Miraréi anxos, madre, faránme nova,
cando nos outos tezan cantiga boa,
na pedra viva.

“Esta é a bailada dos anxos”

Cantái, anxos de Diego, baixo os arcos frolidos,
a carón dos esteos dos mesteres antigos
e nas rúas abertas ó paso dos romeiros,
cantái, eternos!

Beilái, anxos do Apóstolo, baixo as boutas labradas,
á beira do sartego onde findan estradas,
no Fisterre lonxano, beira-mar dos anxeiros,
beilái, eternos!

A carón dos esteos dos mesteres antigos,
cale o canto das mozas i o prego dos mendigos,
i a rolada dos nenos, i a refenda²¹ dos vellos...
cantái, eternos!

Á beira do sartego onde findan estradas,
nin troulas de folías, nin xolda de ruadas,
nin paso de muiñeira, nin rebrincos chouteiros...
beilái, eternos!

Baixo os arcos, as boutas, co esteo, co sartego,
soio vós, nosos anxos, os anxos de Mateo.

Cancioneiriño novo de Compostela
(Edicións Castrelos. Colección Pombal, n.º 3, Vigo, 1969)

²¹ Lenda, tradición.

Seguida para os *Anxos de Compostela*

Esta é a primeira cantiga

Á vila de Santiago
quero, madre, ir de grado,²²
¡mirarei anxos!

Á vila do camiño
quero, madre, ir cediño,
¡mirarei anxos!

Quero, madre, ir de grado,
onde o canto sagrado
¡mirarei anxos!

Quero, madre, ir ben cedo
onde o canto é máis ledó,
¡mirarei anxos!

Segunda

Mirarei anxos, madre, fareime deles,
cando nas portas tanxan, voando inxeles,
en pedra viva.

Mirarei anxos, madre, faránme nova,
cando nos outos tezan cantiga boa,
na pedra viva.

Terceira

Ai, anxos que vin veer,
¿querédesme dicir
cantiga en ceo?

²² Gustosamente, gratamente.

Anxos que vin mirar,
¿querédesme cantar
cantiga en ceo?

¿Querédesme dicer
do voso ben saber,
cantiga en ceo?

¿Querédesme cantar
do voso doce amar
cantiga en ceo?

Cuarta

¡Anxos de Compostela,
amostrádeme a estrela,
meus amigos!

¡Anxos dos pes lixeiros,
amostráime os luceiros,
meus amigos!

¡Amostrádeme a estrela,
para ter guía por ela,
meus amigos!

¡Amostráime os luceiros
que endereitan vieiros,
meus amigos!

Por guiarme por ela,
anxos de Compostela,
¡meus amigos!

Quinta e derradeira

Cantai, anxos de Diego, baixo os arcos floridos,
a carón dos pilares dos mesteres antigos
e nas rúas abertas ó paso dos romeiros,
¡cantai, eternos!

Bailai, anxos do Apóstolo baixo as boutas²³ labradas,
á beira do sartego onde findan estradas,
no Fisterre lonxano, polo mar dos anxeios,
¡bailai, eternos!

A carón dos pilares dos mesteres antigos,
cale a fala dos santos e o berro dos bestigos²⁴,
a rolda dos meniños e a refenda dos vellos,
¡cantai, eternos!

A beira do sartego, onde findan estradas,
nin troulas de folías, nin xoldas²⁵ de ruadas,
nin pasos de muiñeira, nin rebrincos chouteiros,
¡voade, eternos!

Baixo os arcos, as boutas, o pilar e o sartego,
convosco, nosos anxos, os anxos de Mateo.

Nesta festa do Apóstolo facemos este «recordatorio» lírico, a Gerardo Diego, poeta, músico, mestre, que xa goza da música dos ceos que él soubo cantar, a par dos anxos de Mateo.

En *El Correo Gallego*, 25-VII-1987.
(Reproducido en *V-Adral* (1989), pp. 246-249).

²³ Bóvedas.

²⁴ Voz portuguesa. Besta.

²⁵ Rexouba, esmorga, troula, algeirada.



3. ARTIGOS DE PRENSA

Das brétemas

Pra os vellos mariñeiros e tamén pra os telespectadores que atenden hoxe os partes do tempo, Galicia, vista dende lonxe, é a terra das perennes néboas. Non son eiquí, á verdade, nin tan teimosas nin tan siareiras, nin tan mestas como fora pensan, aínda que, amigas dos nosos mellores paisaxes, os visten e alfaian moitas veces, pra regalía dos ollos e desespero de moitos. A néboa está entranada no cerne mesmo do noso vivir. Pra ben e pra mal. Perguntábanme fai tempo qué era a saudade; respondía eu: «Así como decimos, dun xeito analóxico, que Deus é de lus, poderíamos falar da saudade como unha néboa da néboa». E, agora, despois de escoitar a Torres Queiruga, engadiría, «porque nela se axuntan, fermosamente, a anguria do horizonte pechado e a segura esperanza do crarexar».

Os nomes da brétema

¡Pódese chamar de tantos xeitos neste seu eido! «Brétema» ou «brétoma», «néboa», «borralla», «borrafa», «barrufa», «neboeiro», «malina», «biruxe», «mera», «orballeira», «parruma»...

Linguas hai que as asemellan co fume, co vapor, cos panos ou «bambinelas». Cando os galegos a comparamos ca cinza, percuramos un nome con valores táctiles e cromáticos.

A «borralla» ten connotacións tristesiras, do debalar do día, do ano, da vida... Como no poema de Rosalía:

«Cenicientas las aguas los desnudos
árboles y los montes, cenicientos;
parda la bruma que los vela y pardas
las nubes que atraviesan por el cielo;
triste en la tierra, el color gris domina,
¡el color de los viejos!»

«Borralla» y «borrafas», como o asturiano «borrina» e o castelán «aborregarse el cielo», debe emparentarse con «borra», «lan», dunha forma

latina serodia, anque non falta quen o leve nada menos que ao liñaxe de «borra» «vento do norte», do egrexio «bóreas» clásico.

«Néboa», que ven de «nébulas», ten a mesma raíz que «nube» e «nimbo» e cicáis a de «Neptunus», o deus do elemento «auga».

Dos tres nomes máis usados, «brétema» é o preferido polos escritores. O mestre García de Diego maxinou con agudeza unha difícil etimoloxía, a de «marítima», «m'ritima». Outros prefiren entroncala con «broma», «bruma», «brumazón» e «brumoso». É curioso que ao nome latino «bruma» se teña preferido «inverno». Corominas suxire a raíz xermánica «brethms», de onde saeu «bradam» («vapor», «calor» e «soplo», alemán).

«Algo das vagas brétomas»

O neboreiro, receado por navegantes e viaxeiros, é símbolo de liberdade pra os poetas. Namentras os que a temen óllanna como pesada e mesta, o lírico —chámese Bécquer ou Pondal—, sabe sorprendere ese intre en que camiña, ingrátida, hirmá do seu espírito:

«Algo de vago e fero
do meu ser no profundo
eu levo, como as brétomas
dos curutos escuros...»

Saber das néboas

Pra saber das néboas é mester falar cos mariñeiros. Eles teñen centos de refráns, de «verbos antigos»: «ano de brétemas, ano de medas»; «brétema húmida, segura chuvia»; «brétema no monte, mellor de mañán que de noite»; «brétema no alto, chuvia embaixo»; «cantas néboas en marzo, tantas xiadas en maio...»

Os mariñeiros saben a monición²⁶ que a néboa fai en cada tempía, en cada mes, en cada hora... según o lugar que cubra: «no Castelo, sardiña no cesto»; «na Grova, noreste fora»; «en Padrón, cerrazón»; «na boca da ría, norte forte co día»; «no mar, mariñeiros a pescar»...

²⁶ Advertencia, admonición.

Sí, é boa pesca a dos días de neboeiro, boa e chea de perigos.

Os vellos saben tamén decir que a bruma no mar é como un sermón da morte, ou, mellor, decir, dunha danza da morte da que ninguén pódese librar, nin o mariño do forte barco de guerra, nin o señorito que se recrea, nin o que sal a gañar o pan dos fillos. «Ca bruma no hai piloto», «ca bruma todos somos grumetes».

Pártese cun coitelo

Cando falamos de que o neboeiro é tan mesto que se pode «partir cun coitelo», aludimos, sen sabelo, a un dos conxuros: a espada, a lanza, o coitelo... e, mesmo, a ameaza de usalos. Non de outro xeito liberara Apolo aos Argonautas, disparando unha flecha dende o alto, e soupo desfacerse dela o héroe do «Kalevala»²⁷ ferindo as augas co seu puñal. E siguen escorrentándoa, e amedoñándoa os homes dos Fisterres atlánticos, erguendo contra ela, a unha, os seus coitelos.

Errantes revoca

En terra e mar, encontra da brétema, a lus dos faros e das lumbraradas e dos fachicos; o son das buguinas mariñeiras, e tamén o berro das xentes e o son das campás. A Torre de Hércules foi o gran conxuro antigo no mar das trebas; as linternas de mortos guiaron aos romeiros, mais eu prefiro evocar, antre tantos conxuros da cerrazón, a voz guiadoira dos sinos. Terra adentro, ningún máis lírico que o da campaña «dos perdidos» en Aubrac, que valía aos peleríños de Santiago, desnortados polo neboeiro nas Landas. Leva un epígrafe que é toda unha páxina na historia da creencia e na poesía campaneira: «Deo jubila, clero canta, daemones fuga, errantes revoca»²⁸. Chámase «María». E aínda resoa.

²⁷ O *Kalevala* é un poema épico compilado do folclore finlandés por Elias Lönnrot no século XIX, a modo de cantar de xesta. Publicouse por vez primeira en 1835, cunha extensión de cinco mil cincuenta e dous versos. Na segunda edición, aparecida en 1849, chega á extensión de vinte e tres mil.

²⁸ Inscrición que aparece na campá de Aubrac (Francia), chamada “la cloche des perdus”, pertencente a “L' Hôpital des Pauvres de la bienheureuse Marie”. A campá advertía os peregrinos a Compostela da presenza de bandidos e ladróns. A secuencia latina sería “Celebra o xubileo de Deus, canta ao clero, expulsa os demos, chama os peregrinos errantes”.

No mar haivos outra campá que salva. A de Inchcape, cantada nos versos de Southey. Erguéraa o vicario de Alberbrothock, sobor das augas, pra que os navegantes coñecesen, a tempo, os perigos. Pra aldraxar ao crego, un corsario picóu os cabos que a amalloaban. Foi vítima da súa mesma trasnada. Baixou a brétema e a súa nao, carregada de tesouros, foise esnafrar contra o mesmo penedo da ribeira, onde él fixera calar a voz de campá salvadora.

Coda

Escribía eu fai anos, a falar das néboas, que pouco saben da Natureza galega os que a ela retornan, se soio a gozan, en nítidos contornos, baixo o sol do estío. Pra nós, a que se enroupa nos mantelos da borralla, a que pecha o paso á ollada lonxana e abre o mirar ao ensoño. Os que non gozaron dos xiróns do neboeiro, suliñando, moi lenes, os planos das serras; os que non se detiveron nos camiños da montaña para sorprenden ás borrallas, asolagando o val; os que non viron o cortexo das brumas, camiñando, como unha compañía..., cando —a imaxe é de J. B. Andrade²⁹— a noite lavandeira está a tender e a recoller os panos postos a secar.

Din que os bardos coidaban que os elementos eran cinco: aire, fogo, terra, auga e... brétema.

Retornando ao escomenzo, Nóvoa Santos soupo atopar no solpor o intre simbólico da nosa saudosa anguria, desa señardá que cantaron os nosos poetas e inqueriron, como él, Castro³⁰, Piñeiro, Fernández de la Vega, García Sabell, Torres Queiruga... Anguria da escuridade que chega; seguranza da amanecida que virá; «Tras da néboa ven o sol e tras do mal tempo outro mellor».

²⁹ Sobre este poeta pontevedrés, antecedente do lirismo amadocarballista, escribiu Filgueira Valverde os artigos “Juan Bautista Andrade, o intimismo” e “Juan Bautista Andrade, a greguería e o ultraísmo”; en *Faro de Vigo* (1-9-1980 e 5-9-1980, respectivamente); “La poesía de Juan Bautista Andrade”, en *Ya*, Madrid, (30-10-1980), así como “Juan Bautista Andrade y Rey Soto. Centenario de poetas”, en *El Ideal Gallego* (A Coruña, 19-8-1979).

³⁰ Plácido Castro (Corcubión, 1902-Vilagarcía de Arousa, 1967), escritor, periodista e tradutor galego. Destaca na súa produción o libro *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego* (1949), feito en colaboración con Lois Tobío e Florencio Delgado Gurriarán.

Quixen eu atopar na brétema un símbolo da saudade, porque somella afastar de nós, pra sempre, a visión da terra irmán, anque temos a seguranza de a recobrar, cando un vento ventiño rache o cendal do neboeiro, e nos devolva o gozo da visión da Natureza.

En *El Ideal Gallego*, 18-IX-1980.
(Reproducido en *Segundo Adral* (1981), pp. 41-45).

De novo as sereas

Duns anos para acá, as sereas volveron ocupar un lugar na temática da arte; mesmo se podería dicir que retornaron á vida social, porque desta vez sentíronse vichas³¹ e garimosas, e fixeron de todo para nos seduciren dende a novela, o teatro e mesmo dende as pantallas dos cines. Aínda que a súa ausencia nunca é completa nin a súa marcha definitiva, viñeron ser, quizáis pola súa propia natureza híbrida, un mito volátil e sumerxible, que o mesmo agroma entre as irisacións de toda unha floración literaria e plástica, que bota algún tempo latexante, no sustrato da erudición, da arte e máis das crenzas populares.

Ó longo dos séculos, o home tense imaxinado ás sereas de moi distintos xeitos. Hoxe vémolos coma seres anfíbios, co feitío do monstro horaciano, mulleres con cola de peixe; xa demostrara Feijoo que a antigüidade clásica nunca as crera así; eran aves con cabeza humana ou virxes aladas con pernas e patas de paxaro. Para os gregos e os romanos eran uns poucos seres, individualizados, que tiñan unha xenealoxía coñecida (fillas de Aquelóo) e nomes propios, unha delas era Partenope; nós supoñemos que puideran ser innumerables, coma os peixes, e seméllannos sinxelamente fillas do mar.

Aínda na propia antigüidade puidera establecerse toda unha gama de sereas: as argonáuticas, que acalou Orfeo coa súa lira; as homéricas, das que se dou salvado Ulises; as platónicas, que nos oito círculos do ceo entonan a harmonía das esferas...

³¹ Coléricas.

Sempre se coincidiu en que eran seres perigosamente atractivos; os mesmos datos da linguaxe revélano: «serea», quizáis proveña de enlazar ou encadear, e era sinónimo de gracia e atracción. A disparidade plantéxase en canto ó porque do atractivo. Para o concepto vulgar, a seducción é puramente física, sensual; para os clásicos era un engado oral o que posuían. Pero existen explicacións variegadas deste xeito de engaiolar. Para Kastner, o que tiñan era, sobre todo, un poder de adiviñación e de suxestión; Unamuno lanzou a aguzada hipótese de que eran, mais ca nada, noticiosas e que aliciaban ós curiosos gregos coa novidade das refendas: eran «sereas laretas». Tovar prefire a explicación musical, tan acorde co carácter do «encantamento» (os clásicos falaban da forza do seu canto: «vi carminis»). Rabanal, ecléctico, pensa nunha «ptongodía» que enlace fala e melodía, conto e canto. Por último, Marañón dixo, á marxe destas interpretacións, unhas frases definitivas sobre o seu valor como símbolos do amor cósmico e do enlace da vida humana coa vida do universo.

En realidade, cada vez que o mito agroma, é contemplado dende un novo punto de vista. A antigüidade grega soubo recoller, á vez, o seu valor poético e mailo seu senso filosófico: pola contra, na Idade Media (cando as bautizaba San Brandán) utilízanse as refendas de «nix», «mermaids», ondinas e walquirias, con mera calidade anecdótica e novelesca. As sereas entraron no mundo real co Renacemento, fixéronse, daquela, peripecia de navegantes (a Colón, que viu tres, non lle gustaron) e mesmo obxecto de explotación comercial porque chegaron a «falsificarse». Unha curiosidade científica que arrinca daquela cima no século XVIII, cando se plantexa rigurosamente o problema da súa existencia. Foron os primeiros poetas posrománticos os que devolveron o tema, con toda amplitude, ás letras: logo dunha nova eclipse baixo o realismo, reapareceu, frívolamente; hoxe vólvese afondar no senso do mito, como símbolo e como síntoma.

O retorno das sereas no 1858 débese a un libro precioso, o de Kastner, que é, en realidade, unha obra «sirenómela», con cabeza e corpo de maciza prosa erudita e cauda lírica: comeza en estudio e remata en «Grande Symphonie dramatique vocale et instrumentale» sobre un poema preparnasiano de François Maillan, «Le rêve d'Oswald».

Nas letras peninsulares, nada novo se dixera dende Feijoo sobre as sereas, deica que Unamuno lles adicou unhas páxinas antolóxicas. De recente,

Tovar e Rabanal replantexaron o problema no terreo humanístico. Agora, o médico portugués, membro dunha brillante xinea intelectual, Fernando de Castro Pires de Lima, conságralles todo un libro que, por certo, leva na súa primeira páxina unha lapidaria dedicación ó noso Don Ramón Menéndez Pidal e ábrese cun proemio do doctor Marañón, que é unha das súas máis perfectas «obras menores» e que non debe pasar inadvertido para os lectores españois.

Entre as fermosas cousas que sabe dicir Marañón nesas oito páxinas calladas de ideas, hai moitas que tocan directamente a esta punta de Europa na que escribo e onde o mito da serea aínda vive. Porque aquí, coma en Grecia, individualizouse e chegou a ter nome de seu. Aínda que xa humanizada, perdido o seu perigro, feita cristiá e convertida en nai de toda unha noble liñaxe, na que, por certo, brillan egrexias figuras das letras, que dela terán herdado o que en Roma chamaron «sirenum concordia». Porque saberedes que, segundo as crónicas (e podedes lelo en sesudos escritores), don Juan Frojaz casou cunha serea que se chamaba dona Mariña e deles descenden os Mariños de Lobeira, que levan no escudo, tenante³², a figura dela... Porque aquí perduran os soños dos que non vían na praia «o comezo dun vieiro que remata noutra praia, senón a porta dun misterio».

«Galicia Turística», La Coruña, 1972.

(Reproducido en *VI-Adral*, (1990) pp. 123-126).

Máis sobre das fontes

Cando mediado o século VI, chegou a Galicia San Martiño de Dume, dende a lonxana Pannonia³³, alporizouse ao ver que as xentes «acendían cirios ás pedras, e aos arbres, e ás fontes, e nos cruces dos camiños» e pensou que era veneración do diaño, ou dos espritos do mal que acougaban neles, desbotados do ceo. Entón e agora, hai quen cree neses habitantes máxicos de que temos falado; mais tamén poida dare que aloumiñaran ás fontes, e fixéranlles oferendas, tal e como se fosen criaturas vivas de Deus, guiados

³² Que mantén ou soporta (o escudo).

³³ Chaira de Europa Central. Antiga provincia romana de Hungría.

xa pola idea que agromóu na cantiga de San Francisco de Asís e que soupo glosar aquecidamente o noso Cabanillas: «Agoa humilde, agoa irmán, – ágoa chea de gracia, de dozura e beleza! – Agoa san: – que eres toda limpeza, – craridade e saúde»

Porque unha fonte asoméllese a un ser de alma cristián, que durme e que esperta, que fala ou cala, que agradece ou castiga, e dá ou nega, á vontade, os seus dons.

Nunca tal bebera o que abastóu a súa sede nunha auga dormida. Ledos os que, no abrente, van cataa, cando acorda do sono da noite. Esa era a hora das doncelas lavadeiras das cantigas e dos cervos que volvían. Esa, primeira, é a «flor da iauga», que quer dicir a que ten máis virtude, como a «flor da fariña», ou a «flor da vida».

Unha fonte pode xurdir pra aseverar a santidad dun mártir ou a salvación dun reo. Das fontes xusticieiras diréivos que un lugar pode gañar ou perder a iauga pola conduta nas súas xentes. Que o digan os de Ribadavia, que non teñen as burgas porque escoitaron as caloñas armadas escontra do hermitaño Pedro, e por eso fóronse a gurgullar e a dar servicio e sona a Ourense.

Nin son tan soio as mouras que saen a asoellar as súas xoias as que fan a promesa de tesouros. Foi unha fonte xenerosa a que entregóu ao santo de Asís o ben con que puido erguer o primeiro convento dos seus frades nos termos de Val de Dios que lle aforara o Abade de San Martín Pinario coa axuda do carboeiro Cotolai.

Cando, no século XVI, os nosos concellos trocan os rollos e as picotas vindicativas polos belidos «chafarises» redondos, buscan un sino e hirmandade comunal e de acollimento ao que chegan, como o eran, no medievo, as que se erguían no «parvis» dos santuarios de pelerinaxe, antre as que fora tan louvada a do Mestre Bernardo en Compostela.

As xentiñas de agora, aturdidas, xa non saben deterse a escoitar o falar das fontes: das que gurgullan a par das corredeiras, das que besbellan os seus pregos, axionlladas diante as eirexas, das que entoan os seus latíns nos claustros dos mosteiros, das que recitan fachendosas xenealoxías nos pazos, das que saben das doenzas ou ecoan as cativeces, das fontes cantadeiras e das fontes faladoras.

A doncela que, como a do cantigueiro ou a Lionor camoniana, percura a veciñanza da fonte pra os seus parrafeos, a escolle como testemuña dos xuramentos e couda os desmános do namorado decíndolle: —«Tate quedo, que nos mira a fonte». E daquela ten comprimento o que cantan na Limia Baixa:

«A laranxa foi á fonte,
o limón foi atrás de ela;
a laranxa bebéu agua
e o limón ficóu sin ela»

Porque as fontes saben gardarse de seu, como algunhas mozas namoradas.

En *Faro de Vigo*, 23-IX-1979.
(Reproducido en *Segundo Adral* (1981), pp. 81-83).

Do entroido

Os nomes da troula previa ao tempo litúrxico, penitencial, que dispón pra a Pascua, aluden ao escomenzo («entroido») ou á abstinencia da carne («carnaval»). Anque se houbera chamado «febreiro», polo mes en que soe caír, habería na verba a remota referencia á «purificación». O apelativo ven de unha divinidad etrusca e xa Varrón interpretaba «februm» como «purgamentum»³⁴.

«Entroido» quer decir tanto como «entrada» ou «inicio», «comenzo»; é un postverbal de «introire». O cultismo «Introito» úsase pra denominar os cantos e preces con que principia a misa. En galego conviven as formas «entroido», «antroido», «entroiro» con «entrudo» que é xeral en portugués. En bable é «antroxu». No castelán rexístrase tamén «entroido», documentado no 1229; «introido» (Nebrixa), «antruido» («Crónica de Alfonso XI» e Covarrubias) e, sobre todo «antruejo», de onde sal «antruejar», que é como «trevellar» ou andar de xolda; val como o galego «entroidar» ou «antroidar».

Nomes vellos casteláns foron tamén «carnal», que atopamos no «Buen Amor», e «carnes tolendas», que é decir o tempo en que ven a privación das

³⁴ Purificación, depuración.

carnes. Dende o século XVI foron substituídos por un italianismo «carnaval» («carnevale») que deriva de «carne levare», cicáis infruído por «carne lasciare», que dá «carnasciale». Cando cursábamos latín no Instituto decíamos que a orixe estaba na exclamación «¡carne, vale!» ou en «carrus navalis», polas carrozas das festas románs en forma de nao. Hoxe nin tan siquiera se mentan esas etimoloxías.

En Galicia os días do Carnaval, que son dazasete, teñen apelativos ligados a costumes: «xoves de compadres», en que éstos se trocan regalos; o domingo «fareleiro» levará este nome ou porque as xentes xogan a enfariñarse («farelo» ven de «far», é o salvado) ou a recoñecer as máscaras, «farexando». O domingo «lardeiro» leva o nome do touciño («lardus») pola fartura de porco nos xantares, a carón dos «gulócides» tradicionaes: filloas, flores, orellas... Tamén se chama «corredoiro», por seren o das «farándulas» e carreiras ca persecución dos «choqueiros», «irrios», «cigarróns»...; córese a troula. Despois do «mércores da cinza» soe festexarse o «xoves de comadres» e no domingo «cacheleiro» a «piñata» do xogo da «repañota» ou o «das olas».

Este calendario ten moitas variantes e costumes moi diversos nas comarcas galegas. Quen sabe máis dél, como de tantas cousas do noso pobo, é o Dr. Antonio Fraguas.

Chámanlle «Lardeiro», «Entroido», «Coresma», «reco», «novio»... ao monifate que se queima ou se guinda ao río no mércores de cinza; rito parello ao do «enterro da sardiña». Taboada Chivite tiña recollido moitas notas destes costumes que fan parte dos ritos populares da expulsión do mal, da morte, do demo, das mágoas...

Non sei se houbo nas catedraes de Galicia o rito do «enterro do aleluia» que facían, nos claustros, os acólitos e mociños de coro o mércores «borralleiro», pra desaterrar logo o pergameo despois do «Gloria» do sábado santo.

Cousa curiosa: nin «antroido», nin «carnaval», nin «carnestolendas»... soan na poesía medieval de Galicia, onde se fala de moitas festas, tendo tanto lugar nos escritos casteláns como no do Arcipreste de Hita.

En *El Ideal Gallego*, 28-II-1981.
(Reproducido en *Segundo Adral* (1981), pp. 123-125).

Na festa dos «maios»

As dúas festas maiores do calendario folklórico universal son as que celebran o medrar dos días no inverno e o reverdecer dos campos na primavera; síguelles a do solsticio do vran. Nelas perduran vellísimos ritos. As tres foron cristianizadas: o «Natalis Invicti» co Nadal de El-Señor; a de maio ca Santa Cruz —«arbor una nobilis»³⁵ e cas devocións mariales que exaltan a festa das doncelas virxes; a do solsticio estival, no San Xoán.

A dos maios sigue recibindo novas adopcións como a festa social do traballo, e, de recente, o «día da nai».

A rica variedade galega

A festa dos maios ten na nosa Galicia un fondo arraigo; mantense fronte á progresiva urbanización e as industrializacións que desbotan os ritos agrarios. E máis: representa, ao meu ver, unha ollada anual, nostálgica, infantilizada, das vilas, onde se afínca, cara á perda vivencia da natureza campesiña. E cicáis o troque da lírica amorosa pola crítica satírica dos costumes vilegos poida espellar este inconsciente anxeio de retorno.

Coido que poucos pobos do mundo poden ofrecer un meirande repertorio de prácticas e de melodías. Veleiqué algunhas mostras dos nosos costumes de maio: o percorrido noitego, polos agros, con fachuzos alcendidos, perdurou, sobre todo no Ullán e na Mahía. A cantinela pode ser unha das máis arcaicas do acervo popular galego: ten a forma paralelística tradicional e alude á luz benfeitora do xermolar das espigas:

«Lume, lume!
ve o pan.
Dios che dea
moito gran»

A melodía foi recollida por Arana.

³⁵ *Crux fidelis inter omnes arbor una nobilis* (“Oh cruz fiel, el más noble entre todos los árboles!”). Secuencia de *Crux fidelis*, antífona e himno da Misa dos presantificados. Trátase do texto poético coñecido como “Pange, Lingua, gloriosi”, primeiro dos seus versos, peza escrita por Venantius Fortunatus (530-609).

O enfeitar os campos, as eiras, as portas das casas, os carros e os apeiros de labranza —e agora os autos, os tractores e as motos— responde aos vellísimos ritos que condenaba San Martiño de Dume e que foron prohibidos no Concilio de Braga do século VI. Faise tamén aínda no día de San Xoán. Pesia ás condenas eclesiásticas, o costume penetróu nas eirexas; eu lembro a Catedral de Compostela estrada de fiuncho no día de San Felipe e Santiago, outra «festa maia».

O arbore de maio perdura en Entrimo i en Laza, onde se acompaña, como veremos, dunha representación. O arbore móvil, é dicir, o paseo con ramos, facíase en Quiroga i en Cambados.

O rapaz enfeitado de ramas, disfrazado de arbore, rodeado por un corro de cantores, espallóuse moito nas agrupacións urbanas: Santiago, Cruña, Pontedeume, Viveiro, Ribadeo, Lugo, Monforte, Castro Caldelas, Carballiño, Ribadavia... En Mondoñedo, cos rapaces nun carro trunfal.

O «mayo», arcabouzo cónico cuberto de fiuncho, enfeitado con frores, laranxas e ovos, en ristras, somella sere unha evolución do disfraz do neno que sigue cantando, embaixo. Dase na Galicia do Sur: Pontevedra, Redondela, Ourense... Un paso máis, é o levar o maio nunhas padiolas como en Vilagarcía.

O maio ten de ir rematado por unha pantástica «coroa». Na mariña teñen xurdido «barcos de maio», sobre todo en Marín. Nos lugares onde se celebran «concursos de maíos» o arcabouzo puramente decorativo tense desviado cara formas decorativas: hórreos, cruceiros, castelos...

Polo que di aos ramos, relaciónanse cos de orixe votivo e cos de Pascua, no pago³⁶ das «oblatas»³⁷.

Maíos e maias

Sería importante facer un mapa co reparto dos maíos e das maias. Con seguranza podería revelar a lembranza do imperio de un ou de outro sexo, sempre co festexo do que non predominaba na vida anterga. E dicir, que en terras de matriarcado, como en Galicia, festéxanse «os maíos»; as

³⁶ Ámbito, dominio, terreo.

³⁷ Doazóns de bens, por certas ordes relixiosas, para manter o culto.

«maias» e as «raíñas de maio» de tantos outros lugares corresponderían a área onde foi dominante o patriarcado.

Na lírica do medioevo

Na nosa incomparable poesía medieval temos testemuñas ben xurdidas das festas da entrada do que os occitanos chamaban «temps clar»: bailadas, bodas, pregas, algaras...

Un dos máis vellos cantos de maio é a glosa paralelística do Rei Sabio, a un cantar vello, como ladaíña de rogos a Nosa Señora, pedíndolle tódolos bens. Parte dun refrán «Ben veñas maio» coincidente co da Toscana: «Ben venga magio e il gonfalon selvagio».

Cantor das festas primaverais foi Airas Nunes. Danzas de maio serían as que a nai mandaba facer á filla «ante o voso amigo, de so a milgranada»³⁸, e a do máis fermoso «cossaute», seguido por Xoán Zorro: «Bailemos nos xa todas, aí amigas». Baixo un ramo frorido de maio facíanse as bodas que choraba a moza desdeñada. Tamén se laiaba a doncela de Pero González de Portocarrero que perdera o anel do seu amigo «so lo verde piño».

Bodas de maio

A cantiga de Airas Nunes levaríanos ao tema das «bodas de maio», certas ou simbólicas:

So lo ramo verde frofido
bodas fazen ao meu amigo,
e choran ollos de amor.

No elenco das festas galegas, queda unha testemuña nos maios de Laza, estudados por Risco e Lourenzo³⁹. É unha farsa de Adán i Eva, unha das máis importantes do noso teatro popular, onde os protagonistas están acompañados por un coro de mulleres a fiar e de homes con sachos, testemuña do marco agrario destas festas de amor.

³⁸ Herba de cor verde amarelo, aromática e de uso medicinal.

³⁹ Vid. o artigo de Filgueira «Na memoria de Xaquín Lourenzo», en *Diario 16* de Galicia (20-VII-1989).

O canto popular de hoxe

A máis de relícas tan sinificativas como o canto «de alumear o pan», consérvanse melodías típicas en tódalas vilas onde saen as maíos. É case xeral o canto alternado de estrofas polo rapaz solista, que leva a personificación, e o estribillo que corean os máis, batendo con fungueiros ou chocando palitroques. E moi típico o canto pontevedrés, que lembra, de lonxe, unha «cantiga» do códice afonsí. Hai outros maíos, como o de Viveiro, infruídos pola música cortesán do dazaoito e tamén adaptacións de coros carnavalescos, como os dos «barcos».

A santa cruz

En canto a festa do día tres de maio, que recolle a sagra comparanza da Cruz co arbore, os rapaces, e neste día tamén as raparigas, van de porta en porta pedindo. Os «maíos» trócanse por «cruces de frores». Os cantos teñen xeito narrativo, como procedentes de romances relixiosos. Non se piden castañas pilongas, que son o gulódico⁴⁰ tradicional, senón cartos.

Neste mesmo día en Riosende cantábase o «ramo» que tiña carácter gratulatorio, por exemplo, referido a un mozo que librou do servizo. Sobre estas pregas ten feito importantes inquéritos, moi atraíntes, Carmelo Lisón⁴¹.

Unha laboría comunitaria

A dos maíos é unha festa que obriga a traballar xunto aos rapaces nunha obra común, e que tamén percura a axuda dos maiores. Pra a feita do arcabouzo é mester a veces requirir a algún carpinteiro parente ou amigo. Tamén prás cantigas botan unha man ós copleiros locais. Polo que di, ás laranxas

⁴⁰ Referido á gula.

⁴¹ Carmelo Lisón Tolosana (1929), zaragozano. Doutor en Filosofía e Letras e Antropoloxía Social e Cultural polas universidades de Madrid e Oxford, respectivamente. Moi lido (e citado) por Cunqueiro, escribiu sobre temas da súa especialidade referidos ao ámbito galego. Así, *Antropoloxía cultural de Galicia* (1971), *Endemoniados en Galicia hoy* (1984), *La Santa Compañía. Fantasías reales, realidades fantásticas* (1998), *Brujería, estructura social y simbolismo en Galicia* (1004) e, sobre todo, a súa voluminosa e recompilatoria *Antropoloxía cultural de Galicia* (2004).

agrias, ao funcho e ás frores, faise un «roubo ritual», que os donos toleran. Logo sai nas letras dos cantares o que quer cantalo:

Pra facer este maio
tivemos que ir roubar
as laranxas e o funcho
á finca de Ferradás.

Sal, Ferradás,
ven tras de nós,
corre que te corre
metiamos compasión.

Festa dos catro elementos

Cando a «terra» reverdece, chántanse nela os arbres de maio, leva o «ar» as cantigas e o recendor das frores e das herbas de olor; percorren como en Padrón i en Rois as xentes co «fogo» dos fachuzos alcendidos as terras de albor e aspérxense de auga as leiras e as mozas.

Téñese comentado moitas veces o xogo dos outros elementos, esquecendo o da i-auga, que non falta nesta exaltación da natureza. Lembraréi un dato revelador. Cando El-Rei Sancho de Castela foi feito prisioneiro polo seu hirmán Don García en Santarem e o levaba a Coimbra, pasóu, como conta a «Crónica do 1344», perto dunha fonte onde as mociñas collían a auga para as súas «mayas», os cabaleiros puxéronse a cantalas cas doncelas, e Don García choraba no contraste ante a ledicia do mundo e a tristura do seu cautiverio.

Escolma de maio

Antre os libros que un ensoña e que poden quedarlle no maxín –que a vida é curta e o traballo longo–, un dos máis sabrosos de facer tería o xeito dunha «Escolma de Maio». Escomenzaría polos cantos dos goliardos, do códice de Ripoll, e polos que veñen nos «Carmina burana» co rubro⁴² «Incipiunt jubili» e son verbas de amor na primavera, «cando Jano pecha o

⁴² Título ou lema. Pode ter o sentido de *vermello*, pois nesta cor aparecían nos códices medievais certas palabras ou inscricións para ser destacadas.

círculo do ano e Febo galopa a Taurus», todos con farta mitoloxía e labio crásico, pois os escolares vagantes do XII vivían un prerrenacemento. É sabroso o contraste de aquel seu latín, feito ao rezo das «Horas» e subrimado nas prosas litúrxicas, vencéndose ao ritmo das danzas e hastra a xogos paralelísticos como o das nosas cantigas. Versos en clave de corazón, con frores, aves canoras, ventíños mainos e mociñas virxes. E, por veces, unha cansada loita entre a razón e vontade: «¡O languéo!»⁴³.

Deixaría moitas páxinas pra os poetas da lingua de Oc: Guilhermi de Peitieu, cando se escomenzaban as obras da Catedral de Compostela, cantou «ob la dolchor del temp novel». E poñería a comentadísima balada «A la entrada del temp clar» e, co seu son, tan ledó, o «Kalenda maia», de Raimbaut de Vaqueiras.

Logo, os romances casteláns que percuraron pra o seu escomenzo o «topos». «Por el mes era de maio» e aquelas da «linda pradería donde mil aves cantaban». E aquela saída do mes «coronado de flores, – afeitando los campos de diversos colores – organeando las mayas e cantando d'amores», do «Libro de Alexandre», e as «maias» dos Cancioneiros tardíos.

Apañaría un bo feixe dos cantos das frondentes ribeiras que escoitaron as «rime» dos poetas da Italia: estancias onde Messer Dino Compagni, no tempo gaio e novo, vía doncelas e cabaleiros, cantando canzonetas de amor entre guirlandas; a visión da dona bela e xentil, tamén frorida, do Dante, e o soneto de Folgore de San Giminiano que é como un grande painel catrocentista con cabalos, bandeiras, cendaís, e sempre as lauras de frores. Non esquecería os sonetos do Petrarca, nin o «Ben venga magio e il gonfalon selvagio» de Messer Agnolo Poliziano, que foi o primeiro verso toscano que me quedou na memoria.

E vedes qué sorpresa ten a literatura comparada. Ese poema parte do mesmo «ritornelo» que a cantiga «das maias» do Cancioneiro marial da corte do Rei Sabio, que é o máis vello dos nosos cantares de maio, co seu longo desenrolo titánico de setenta e un versos, seguindo o «refrán» popular

⁴³ *Quia amore languéo*. Título do poema anónimo do século XIV ou XV que consta de dúas partes. A expresión, utilizada como estribillo do poema, pódese traducir como “Porque languidez de amor” e está tomada do *Cantar dos Cantares*.

galego paralelo do toscano: «Ben veñas Maio... » e rogando a Santa María que chegue con saúde, con lealtade, con riquezas, coberto de fruita, con bos sabores, con vacas e touros, e moitos grados, alegre e sen saña, con bo verao, con pan e con viño, manso e non sañado, alegre e fermoso, con boos manxares... A carón da peza de subrimación relixiosa afonsí, virían a bailada de Joao Zorro e Ayras Nunes, que é a «cantiga perfecta» de todo o noso cancioeiro medieval.

Despóis podería faguerse unha colleita que escomenzase no século XVI e chegase aos nosos días. E aínda outra máis no cantigueiro popular, elixindo a «fror dos maios» como fixo este ano Cuña Novás, ese gran poeta galego, antre as sete mil cantigas que temos apañado no Museo de Pontevedra. Mais... éstos son xa outros cantares.

En *El Ideal Gallego e Faro de Vigo*, 4-V-1980.
(Reproducido en *Segundo Adral* (1981), pp. 133-140).

Das fogueiras de San Xoán

Aínda recende o fume das fogueiras de San Xoán. Unha vez máis, eiquí i en lonxas terras, as festas do solsticio do vran foron celebradas con lumes e danzas.

O fogo e a iauga son os protagonistas nesta xeira, como decía Taboada Chivite. O fogo, á noiteña; a fror da iauga, na amañecida.

O fogo, que é o espello terreo do lume solar, acéndese no intre en que escomenzan a devecer os días, co «bailar» e co «rir» do sol, de que falan o romance e os refráns.

Dos catro elementos, ningún máis respeitado, por ser, tamén, o máis temido. Abonda lembrar as falas en que nos referimos a él como a un ser vivo: «manter a chama», «morréuse o lume», «matéille o candil» e hastra «alegrar o fogo» botándolle unha culler de grasa. E non soio como ser vivo, senón como que acougo de outros seres, nas creenzas dos espíritos que veñen quentarse nél, saídas da idea do perenne inverno da compañía ou do retorno dun «inferno frío».

Respéitase o fogo. Non se poden deitar nél desperdicios, nin barreduras, nin tan xiquera cascas de ovos. Nin facer diante dél cousa afouta nin noxenta. «¡Que nos mira o lume!», di a moza ao rapaz arriscado.

E ten dotes benfeitoras: sanda, prevén, couta. Emporiso, pásase un leño quente sobre a roupa limpa, denantes de gardala, e quéimanse follas do ramo bendito nas treboadas.

E pídeselle, con esconxuros, que non dane: «A auga mata o lume – o viño mata a sede – e así como éstas son verdades – lume non andes nin escaldes».

As lumbraradas de San Xoán teñen un feitío moi distinto das que se encenden en outros días e das cacharelas, borreas e magostos... Denantes de que houbera «fogos de artificio», as fogueiras eran un dos divertimentos en festas e folións das parroquias. Outro senso ten tamén o fogo dos fachuzos que se levan na víspera dos maíos, polas leiras, pra que Deus as abenzoe.

Este de San Xoán, celébrase danzando á roda e brincando por riba do lume: «Salto por riba do fogo de San Xoán – pra que me non mordan cobra nin can». O fogo da lumeirada ten un valor «profiláctico», coma o da queima das froles apañadas nestas vísperas.

Pola mañanciña, xa é festa da iauga: aquilo de coller a súa «frol», que é a máis limpa, como se canta no belido romance; e se bañar no mar, apañando as sete ou nove ondas; ou ir mergullarse en sete ríos ou a beber en sete fontes...

Noite milagreira que se pecha ca lus das fogueiras, siño do sol, «lus de lus», e que se abre a un novo día, ca beizón da irmán auga, esa purísima criatura, e ca conmemoración do «santo devanceiro» que a colléu no Jordán pra deitala sobre o corpo de Xesús.

Unha vez máis, a vizosa cristianización de vellos e fondos anceios do home: a sabencia, a limpeza do espírito e da vida... e a eternidade.

En *El Ideal Gallego*, 29-VI-1980.
(Reproducido en *Segundo Adral* (1981), pp. 141-143).

Da gaita

Resoaron as gaitas o domingo en Ortigueira, cabeza da terra de Céltigos, facendo honor aos pobos dos Fisterres atránticos. Falemos pois hoxe do nome da gaita, en agarda de que Isidoro Millán González-Pardo⁴⁴ veña dármonos luces novas.

Somella que a verba «gaita» pode ser galega, i espallada polos nosos xogares; nome de longo acollimento que correu polas dúas ribeiras do Mediterráneo, deica Turquía. Pode vir do gótico «gaits» que quer decir «cabra», porque o fol está feito «de pelexo de ovella» como din os cantares. As representacións do instrumento cunha testa de animal confirman a etimoloxía. Poden verse nas miniaturas das «Cantigas de Santa María» e nunha escultura trecentista de Reims. No mosteiro de Monfero é o xogar o que leva un capuz con cornos, como se o propio gaiteiro fose disfrazado do mesmo xeito.

Corominas acepta que o nome sexa «o froito lingüístico do interés que a aristocracia xermánica do Noroeste de España amosra, dende antigo, pola lírica e a literatura en vulgar. Mercé de Gregorio de Tours sabemos que, no século VI, os reis suevos mantiñan na súa corte aos precursores dos xogares». Non falta a etimoloxía grega, defendida por García de la Riega ca súa tese helenística da cultura de Galicia. Ou a que relaciona o instrumento co nome provenzal do vixía, do centinela, tal que ven na belida alba emparentada ca nosa lírica «Gaita, gaiteta del castel», de Raimbaut de Vaqueiras. I é curioso que en portugués e na «parla» mariñeira chámense «gaitas» as velas ou turnos de garda: «á primeira gaita».

Polo que di a mencións vellas, cicais sexa o «hemát halilím» do Talmud. En Roma a primeira mención está en Suetonio, cando conta que Nerón prometera dar un concerto público de «utrícula», que leva o nome dun fol

⁴⁴ Isidoro Millán González-Pardo (Pontevedra, 1922-Santiago de Compostela, 2002), erudito galego, catedrático de grego do Instituto Rosalía de Castro de Santiago, membro da Real Academia Galega, do que se publicaron varios epistolarios, un con Ramón Piñeiro e outro con Xosé María Álvarez Blázquez, obras ambas que supoñen un retrato fiel e de primeira man destes intelectuais e doutros cos que mantiña relación e dos que falaba na súa correspondencia. Foi autor de numerosos traballos filolóxicos publicados en revistas especializadas e artigos de prensa.

pequeno. Marcial chámalle «ascaules», do que dá tamén os nomes no tamul, «scruti», e no indostánico, «massat». Como o nome mediolatino «chorus», que non ten que ver co «coro de voces» senón co «choiron», co «coiro». Na mesma liña atopamos «odre» e «odrecillo»; «caabro», «chabro», «chièvre» e «chevette»; «getzz», «geetla»; «geis», «bock». No «Solo de Gaita» de Arana e na súa «Coda» podedes atopar outros: a «piva» dos italianos, que soen chamar «pifferarios» aos que tocan; o «corubond» dos armoricanos; o «baggipe» e o «hornpipe» dos ingleses; o «sackpfeife» o «bockfeife» dos alemáns... E os derivados de «musa», como «cornamusa» e «musette». E a «manxa borrega» catalana. E poderían poñerse máis nomes bretóns, e ucraníans, e turcos e hastra o chino «cheng». Que tan longos son os dominios do que os galegos queremos como propio.

Anque son moitas as representacións de gaiteiros nas eirexas galegas, non pode aparecer na asombrosa orquesta do Pórtico, porque é un instrumento «de vilaios», non eclesiástico. Falando de que percisa un ambiente campesiño, Benito Vicetto, nesa novela que chamou «Historia de Galicia», acuñou unha frase que é moi citada e que ven reflexar a idea que xa tiñan no medioevo: «La gaita no es instrumento de salón». Polo mesmo non aparece no texto dos poemas dos «Cancioneiros» nin nos das «Cantigas de Santa María», anque sí nas belidas miniaturas.

En castelán «gaita» documéntase, por primeira vez, no século XIV. O Arcipreste fala no «Libro de Buen Amor» da que «Gayta e axabeba, el inchado albogón – cinfonía e baldosa en esta fiesta son». E, cando o Cantar de Alfonso XI conta as bodas reais, antre os «estrumentos» que «tocan por las Huelgas los joglares», está «la gayta que es sutil, con que todos plazer han». Despois afincouse tanto que dou nome a unha forma musical, as «gaitas», ao «endecasílabo anapéstico»; ao «regocixo»; ao «pescozo»; ao «noxo»; á «axuda»... e veu entrar en moitas frases feitas.

Pra dar un remate chusco a este «Adral», que saíu pedante dabondo, quero lembrar unha facecia do século XVIII sobre a invención do «roncón» da nosa gaita. Atópase na «Adición a la Historia de Don Quijote» de Jacinto María Delgado: «Aprendió a tocar la gaita (Cide Hamete Benengeli) e hizo en ella tan rápidos progresos que a su idea se debe aquella adición o apacible bajo del cañón que sube y descansa sobre el hombro izquierdo, que llaman bajo de moscón, porque lo imita el sonido; por cuya imitación,

que le da tanta melodía, le ponen flecos y borlas, como señal de aprecio, y ha llegado a tanto extremo que se espera se coloque en el número de los instrumentos aéreos de capilla, en cuya pretensión está la nación gallega, para entrar como otras en el catálogo de inventora, de cuya excelencia está desposeída, habiendo inventado el instrumento gaita, citado por muchos autores músicos líricos».

En *Faro de Vigo*, 6-VIII-1978.
(Reproducido en *Segundo Adral* (1981), pp. 203-207).

Dos toneleiros

Unha vella amiga escíbeme dicindo que logrou mercar, nunha librería de vello, un exemplar do xa moi raro traballo meu sobre «Artesanía en Galicia» editado polo Centro Galego de Buenos Aires no 1953, nunha colección que honraron Otero Pedrayo, Carro, Alvarez Blázquez, Fernández del Riego... Engade a queixa de que eu esquencese o mester, tan noso, dos toneleiros entre as que chamamos «artes menores» ou «suntuarias». Proba de que non teño nada contra ese antigo e fachendoso gremio son os «adrales» «Arca-las pipas» e «A balea e o tonel». Adícolles hoxe esta páxina, en desagravio.

O tonel como símbolo

Collendo o fío dende moi lonxe, lembraríamos que o tonel pechado é un dos símbolos da riqueza e da ledicia e que, aberto, é imaxe dos anxeos, dos degoiros que se non poden acadar e dos actos esguerios. Este é o senso que ten na parábola das Danaides —que foron no comezo ninfas— ou no «exemplum», de orixe oriental, de «enchedor», como tamén no mito de Sísifo. No emblema da «balea» recóllese o costume dos mariñeiros de largar pola borda un tonel valeiro para entreter ó monstro. Ven dicir «deixar o máis polo menos». Véxase nun cadro do Brueghel e nos libros de Camerarius e de Mauricio de Saxonia.

Nos portos e nas terras de ribeira vizosas en viños inza o mester dos fustalleiros. Das antigas iconografías, a que máis me aliciou foi unha que

se atopa no val do Mosela, tan somellante ós do Sil e do Miño. E unha das xoias romanas do Landsmuseum de Trier. Cubría un sartego de Neumegen, onde vin unha réplica, ergueita como moimento ó espírito da vila. A barca de Caronte baixa acugulada de pipas, namentras o patrón —cunha testa que recorda as do mestre Mateu— escruta confiado as lonxanías do Alén. Gostaría de recitar diante del algúns dos parlamentos con que Don Ramón fixo falar ós pipotes nas omnianimacións do seu Teatro.

Os fidalgos arcadores das pipas

O Bachiller Olea, autor do primeiro vocabulario da lingua galega, sorprendese de que a xente de pro fixera o traballo dos toneleiros:

—«Ay en Galicia mucha tierra de bino, y muy bueno: el Ribero de Avia, Orense, Lemos, Monterrey, Valdiorras, Quiroga, las Mariñas... en todas estas tierras no saben los hidalgos, clérigos y labradores buscar cuberos para arcar cubas, sino que todos los saben echar, y se precian de ello, como si fuesen cuberos, y cada uno con sus criados y amigos arca las cubas, e las aprieta, e tienen ingenios de hierro para ello, cada uno en su bodega».

Estes traballos eran o limiar das dionisiacas vendimas.

Pasadas as grandes festas das videiras, polo San Martiño, cando os magostos, ven a proba do viño, abillándoo abrindo co berbiquí un bitoque, que se pecha cun bimbio afiado coa navalla.

Na vella Compostela, abillar un viño era toda unha solenidade ritual, fose en taberna ou nunha casa, onde se poñía na porta un ramo de loureiro e o marbete «Véndese viño ó cuartillo». A noticia viña nos xornais, á par dos casamentos e dos bautizos. Un periodista bo bebedor ponderaba nunha «gacetilla», superlativamente, un viño do Ribeiro que se abillara na Rúa do Franco: «...es mejor, si cabe, que el de...». Outro xornal retrucoulle ó día seguinte: «Cabe, cabe, Pepiño, así fora un moio».

O léxico da tonearía

Conviría amplia-la nomenclatura recollida por Rodríguez González, Xaquín Lorenzo e polo P. Crespo, sobre todo nos obradoiros dos cubeiros, porque revela a importancia do mester e das feitura e dos aparellos. Abonde

hoxe a mención de: bocoí, cuba, pipote, pipa, perfía, fuste, fudre, xuvexo, xabeco, xabido, masera, pilo, troxe, tinalla, bagaceira, talla, barcoleta, taboa, barrica... Medidas: ola, canada, canado, moio... De cada parte das vasillas: doelas, liobas, aros, bombo, fondo, zapa, billa, canilla, bitoque, espicho, ucha...

E os refráns que se escoitan abondo no traballo. E as cantigas que o riman e acompañan.

Danzas e cantos dos toneleiros

Os traballadores da barrileiría tiñan sona de seren bos bailadores e de cantar ben. E facían gala delo nos cortexos gremiais. Xa dicía Gil Vicente na «Comedia Rubena»:

«Trágolhe aquí mil gaiteiros,
lampas cada San João,
carreiras no meu ruão,
folías de tanoeiros
en calças e em jubão».

Viríalles do ritmo dos mazos nos aros.

En Galicia as Ordenanzas do 1609 imponlles que acudan á procesión do Corpus «con insignia, andas, pendón y danzas». Sabemos que éstas eran «de mozos», que cantaban e levaban música de acompañamento. No 1670 quixeron deixar de leva-la e contratar un gaiteiro: o Concello non os deixou.

O Gremio de Pontevedra

Foi o máis importante de Galicia. Como en tódolos portos de mar fornecían de fustalla ós barcos e de tabales e barricas á salazón, ós escabeches, que se exportaban ben lonxe, ós fumeiros da grasa de saín⁴⁵... Dende os grandes bocois para as adegas das comarcas veciñas ós pequenos barriliños das confituras das monxas, toda unha gama de manufacturas saía do barrio da Pedreira onde se asentaban dende o século XVII os máis dos seus obradoiros. Denantes estaban perto das Torres do Arcebispo, na que

⁴⁵ Aceite de peixe.

se chamou Tonería Vella; o topónimo documéntase no 1333. Húboos tamén na Rúa de «San Julián», que aínda os vellos chámanlle «Barrilería».

Primeiro os cubaceiros pertenceron ó Gremio de San Xoán cos carpinteiros de ribeira e os pedreiros. A data da formación da Confraría en Pontevedra vira a coincidir coa de Lisboa e outras portuguesas do 1572. As primeiras Ordenanzas son dos comezos do XVII.

Gábanse de ser un dos «gremios maiores». A Confraría estaba colada na igrexa conventual de San Francisco, baixo o padroazgo do Espírito Santo. Tiñan un altar co «paso» que saía no Corpus levado por «serafíns» e que aínda hai poucos anos gardábase na sacristía da Orde Terceira. Tiñan aló as súas campas gremiais, asinaladas por un circo con radios externos, estilización dunha cuba. Déronse moito a imita-las agrupacións de artistas. Nomearon veedores⁴⁶, expediron «cartas de examen», requeríron «título» para exercer-lo oficio, coutaron a liberdade do traballo... Así mantiveron pleitos costosos. Poñamos por caso. «Demanda dada por Juan de Valladares veedor del oficio de Tonelería contra Domingo de Rúa, por haber levantado barricas en el Arrabal de la Villa e sin ser Maestro no lo poder hazer» (1674). Tamén lograron que o material se repartise «entre todos los hermanos» e opuxéronse con forza a que viñesen pipas de Asturias e a que saísen de Pontevedra pezas sin marca. Coma se fose un traballo de ourives. Ben entendido que non é a mesma xeira a de facer un canado «de mestría» que a de armar unha barrica.

Os «Estudios» contra os toneleiros e outros preitos

Para nos o repiniquero dos mazos dos cubeiros evoca, no dito de Ramalho Ortigao, «uma refrigerante sensação de adega». Para os mestres do Colexio da Compañía, onde se uniron no XVII os Estudios da Vila, era un infernal troupeleo que turbaba a paz das aulas. E promoveron unha protesta xurídica, en toda regra, contra os «barrileiros» e «toneeiros» que traballaban á beira do novo edificio.

Outro preito famoso foi o que mantiveron os cubeiros contra os frades menores que os acolleran na súa igrexa. Puxeran a condición de que, en pago, tiñan que arranxarlles a fustalla. Os maordomos protestaban, no

⁴⁶ Rexistradores, inspectores, observadores.

século XVIII, «de que a todas horas los están ocupando en componerla, poniendo arcos, vimbres, paja, masa, hilas, trabajo, y más correspondiente, en grave detrimento».

De certo facheában non só das súas habelencias, senón dos saberes. Por algo escolleran por Patrono ó Espírito Santo, máis axeitado ós veciños mestres e escolares da Pasantería e do Colexio. Porque tanxelaban, a ollo ou cunha haste, o aforo da cubaxe, «empíricamente», sen manexa-las fórmulas de Béziers, de Dez ou de Oughtred que requiren os probiños dos matemáticos.

«La Voz de Galicia», IV-6-1989.

(Reproducido en *Adral*-VI, (1990) pp. 214-219).

Dos vellos pregóns

Atopo transcritos dous vellos pregóns, coruñeses, no grande libro de Luciano García Alén «La Alfarería de Galicia», un dos mellores que sobre temas da nosa Terra se teñen publicado nestes anos. O das castañeiras («¡Ala! Que van fervendo. ¡Ala! Leva-las castañas!»,. Outro das minchas ou caramuxos. Foron anotados por Carril⁴⁷, valor novo da nosa musicoloxía.

Pregóns, cantigas de mozas e roldas de nenos eran a voz viva de rúas e de eirados. Ramón Gómez de la Serna víaa como «el alma acústica de la ciudad», foguetes de berros que, meténdose polas fiestras, chegaban ós máis fondos recunchos das casas. Algúns teñen dado motivos musicais a obras sobranceiras, outros espalláronse en lixeiras cancións. É estrano que tiveran menos fortuna da que merecían entre os folkloristas españoles. Poucos entraron na colleita de Rodríguez Marín, editada fai un século baixo a égida do noso

⁴⁷ Nemesio García Carril (Sobrado dos Monxes, 1943). Profesor de música e compositor. Foi mestre de capela de música da catedral de Santiago e profesor do IES Rosalía de Castro de Santiago e do Instituto Español de Lisboa. En 1984 obtivo o Premio da Crítica Galega. Fixo a banda sonora de *Los gozos y las sombras*, a serie de TVE inspirada na novela de Torrente Ballester. Compuxo diversas obras de música vocal e na actualidade é profesor colaborador da Universidade de Granada.

paisano Antonio Machado Álvarez; no «Cancionero» de Pedrell⁴⁸ ven soio un. Mágoa porque, sobre todo, os andaluces son un prodixio de gracia, de vizosa improvisación popular. Os nosos, carón deles, son coma parentes pobres, pouco repinicados, fixos, sen esa espontánea gracia do trinque. Coido que as lérias das castañeiras a chamar os compradores eran as máis variadas.

Fora de Galicia moitos galegos da diáspora teñen pregado as súas «marchandías» ou o seu traballo. Nas «aleluyas» madrileñas dos oficios representábanse algúns. Nas setenta e duas graburas de «Los Gritos de Madrid» (1798) veñen uns poucos: o afiador («¡Aa-oor!», a vendedora de tecidos, cicais «viveiros» ou padroneses («¡Musulina e curtes de chalecus!», o das legumes («¡Esquerola y apiu!»), o dos bacoriños («¡Un cuchinillo vivo vendo!»), o agador («¡Agua fresca, ahora viene de la fuente!»).

En contraste cas cativas e tardías anotacións melódicas, os pregóns tiveron cedo quen os levase á poesía. Vicente Fociños, guiado polo título das estampacións madrileñas, compuxo os «Gritos en Santiago en 1844», en vintecatro décimas, todas en castelán menos unha. O autor exprícase: «En gallego por no tener carqueixas consonantes en castellano». Os ripios son estes:

«Vouvos meu pai a decer
que na vila estoutro día,
cando da misa salía,
como tiña algún lecer,
fun á praza para ver
se había moitas sereixas
(esto non é darvos queixas)
e alí encontrei a Catuxa
berrando coma unha bruxa:
«¿*Quén quer mercar as carqueixas?*»

Os versiños non son dos que fagan entrar a un escritor nas Historias das Letras; en troques é moi curiosa a riola dos pregóns galegos de aquel tempo que recolle. O primeiro «berro» da mañán, cando aínda non raiara o día e o aceite ardía nos faroles, era entón, e seguía sendo moito tempo, o

⁴⁸ Felipe Pedrell Sabaté (Tortosa, 1841-Barcelona, 1922). Compositor e musicólogo de extensa obra. Filgueira fai referencia ao *Cancionero musical popular español* (1922).

das leiteiras: «¿Quén merca leite?». Viña deseguida o esterqueiro, a propor a troca por estrume, co seu cesto e o saco ó lombo: «¿Hai esterco pola xesta?». Seguía a muller dos lenzos, que sabía cortar o castellano: «¡Compren servilletas, manteles y paños de mano!». O afiador. Preséntao co armatoste ó lombo, a roda e demais «zarandajas»; non fala da «siringa»⁴⁹ que poñía unha nota bucólica e remota nas rúas. O pregón era o mesmo de agora: «Amolar las tijeras y navajas». Un home da montaña, «vestido con largo sayo, gruesos zocos y polainas», en tono gangoso e cadencioso cantaba: «¿Quén merca noces?». Xa ben entrado o día, «en tono mesurado, con muy sonora cadencia», un forasteiro anunciaba: «Aquí van zapatos finos y abanicos de Valencia»; era o mesmo que andaba a vender vidros: «Son vasos de cristal fino». Cando viña a friaxe aproveitábanse os vendedores de prendas de abrigo: «Las buenas mantas y los dobles cobertores». Fociños vía os leñadores como «figuras extravagantes –algunos como gigantes– otros como cantimploras: ¡Componer los barreñones!». Os cesteiros noxaban, «impávidos» ós vecinos gritando: «Componer as cestas!». Cun «repique de martillo sobre mango de sartén», anunciábase, «agorero», o caldeireiro, en competencia cos menestrales da famosa rúa santiaguesa: «¡Compór calderos. Estañar chiculateras!». O popular «Campana Choca», que retratou de vello o pintor Guisásola ilustrando uns versos de Fortunato Rodríguez, andaba xa a vender follas de cordel, historias e «repertorios»: «La irrupción de los suevos», «Las Coplas de Calaiños», «Pronósticos nuevos»... Unha «muller camello», como fatal agoiro, repetía: «¿Quén me vende ferro vello?». O vilheu que, a golpe de tambor, declamaba os bandos, chamábase Remigio, andaba sempre bébedo –ó decir das coplas– e nunca anunciaba nada bo, sempre o pago de trabucos. Ouvíase unha voz de gato. «¡Ahuja finas y alfileres baratos!». Os fósforos que en outros lugares ofrecíanse con longas cantinelas, aquí eran vendidos por importunos rapaciños. Pasaba guiando os bois do seu carro, con paso preguiceiro, o vello labrego da leña: «¿Quén quer mercar billardos⁵⁰?». Día e noite, rondaban as rúas «mocitas de buena traza – pero de muy mala hilaza», as pescas, armadoras de liortas: «¿Quén me leva ostras frescas?». Hai unha décima para os «serenos», dos que Sampedro Folgar recolleu as melopeas. Outra adícase ó «coquín» ou «muñidor», que merece de seu un «adral».

⁴⁹ Frauta asociada ao deus Pan.

⁵⁰ Pequenos feixes de leña.

Cando Fociños xa tiña dado remate ós seus versos, lembrouse de que aínda lle quedaban na alxibeira o vendedor de «¡Vinagre!» co seu burriño, o «tonillo estupendo» da castañeira: «¿Quén quer castañas frescas?» e os peixeiros de Herbón que chegaban polo xaneiro a berrar «¡Compren lampreas!».

É un bo documento de costumes, anque falten moitos pregóns: os do carbón, os limóns e as laranxas, as xardiñas frescas, o aceiteiro, «Allos e cebolas», os ovos, «O meleiro, mel», os churreiros, os barquilleiros... e aquelas mulleres, que cun pesado feixe sobre a testa, berraban «¿mer-ca-tuus?», que eu tardei moito en saber que decían «¿Mercan toxo?».

O pregón das castañeiras inspirou a Marcial Valladares unha glosa lizgaira: «¡Ai que ricas, fervendo!». Siguen sendo estas vendedoras as máis paroleiras. O poeta de Vilancosta maxina o que o van decindo ás mocías, ós estudantes, ós soldados e mesmo a Doña Urbana, «a comersianta de enfrente».

Non deixaba de haber, fora de Compostela, pregóns máis floreados. Poñamos por caso o dos que agora chamaríamos «chatarreiros», que mercan ferralla e trastos vellos:

«Cobre, quen vende, metal, estaño,
caldeiros rotos, potes furados,
estaño, cobre, galóns dourados,
a túa porta, sete soldados».

Santiago foi dende os tempos da grande pelerinaxe bo lugar para os que quixeran andar a zarrapique, de cacho para testo. O Paraíso sería un fervedeiro de pregóns dos que vendían, como nos di o «Liber Beati Iacobi», non soio as cunchas senón «botas de viño, zapatos, fardeles de pel de cervo, bulsos, corregas, cintos, e toda sorte de herbas sanadoiras, e ademáis, menciñas e outras moitas cousas», os berros dos vendedores resoarían tamén na Quintana, na Plaza do Campo... e sobre todo no «Preguntoiro» que, como soupo amostrar Amor Ruibal, non leva este nome porque os romeiros inqueriran alí onde estaba a Catedral –que é a interpretación popular– senón por ser o «Praeconitorium» ou lugar do pregón e dos pregóns.

En *Faro de Vigo*, 10-II-1984.
(Reproducido en *Terceiro Adral* (1984), pp. 44-48).

As rúas de onte

O que vai de tempos a tempos contrástase pola mudanza da vida nas rúas. Aquelas da miña «boa vila», nos meus anos de neno, eran como o rueiro dun teatro que se gozaba desde as galerías e os balcóns, onde as mulleres poñíanse a coser e axexar e os vellos pasaban as horas mortas debrozados no peitoril das fiestras. Agora os autos ateigan calzadas e aceras e non deixan nin camiñar devagariño. Quedan lonxe, moi lonxe, os días en que calquer rúa era lugar de acougo, onde parolar camiñando, coma nun claustro. Mirabamos pasar roldas de amigos a se deter rindo as chuscadas ou cavilando nos ditos sentenciosos. Sabíase a hora da pasaxe dos do club, dos da rebotica, do Gimnasio, dos cregos, dos profesores... E tamén a chegada dos noivos que falaban dende o chan cas mozas asomadas no sobrado e mesmo no segundo andar, que era un amor a berros ou por señas, baixo o zoroño⁵¹ fisgoneo dos curiosos.

De noite, os serenos cantaban as horas e muñían do tempo que facía. De mañanciña, renxían os carros do estrume, escoitábase o paso das burriñas de Caldas, dos carricoches de Cambados, das peixeiras alporizadas nunha liorta. Viñan os vendedores dos diarios, ecoaban os pregóns... Pasan un médico no seu birlocho e o landeu da Marquesa. Apártanse contra as paredes as velliñas que van a misa, as mulleres co cesto da praza, os obreiros ca ferramenta e o petate do xantar... e a riola algareira dos cativos da escola.

Cando soaban as avemarías do meiodía, escoitábase o bater das portas das casas dos señores, que pechaban á hora de comer e da sesta.

De tarde, as veciñas sacaban á rúa as cadeiriñas e os mundillos e a cesta da roupa do repaso e traballaban, latricando.

No serán saían as criadas, cas sellas á testa sobre os rodetes, a coller auga da fonte. Era o seu parladoiro, e de alí traían as derradeiras novas e faladurías.

Non faltaban divertimentos na rúa: viñan os titiriteiros, con nenos saltaríns e canciños amestrados e o rechamo dunha corneta berradoira. Viñan o portugués dos monifates co seu teatriño ó lombo; o cego do violín co

⁵¹ Insinuante.

cartel da refenda sanguínea, e a muller vendendo as coplas; e os moinantes vendedores de chioladas e remedios, escóitanse moitos pregoeiros, de toxo, de mercaderías... lembro a curiosidade que espertaba un francés que traía o fonógrafo de Edison. Por veces, no recanto, o pregoeiro moi plantado, antre un vilheu e o redoblante da Banda, publicaba un bando no nome do Señor Alcalde. Pasaba o enterro dun probe, ca caixa forrada de tela ou o de alguén do señorío, con ancianos do asilo e os nenos do Hospicio con fachas, Don Pedro tocando o fagot e os cregos con rizadas sobrepellices. Outras, escoitábanse, de lonxe, o son da campaña do Viático: «¡Pobre don Valentín, está nas últimas!» e as señoras corrían a encender velas nas ventáns do salón.

Os nenos podíamos dar cumprimento, nas rúas e nos eirados da vila, ó ríxido calendario estacional dos xogos: trompo, pincho, billarda... As nenas trazaban no chan as raras estancias do peletre, cunha tella ou con tiza collida na escola.

Podo medir os trancos da miña leda vida de neno polo altor do cristal onde axexaba a rúa: primeiro polos máis baixos da galería, despois os segundos, logo xa asomado ó batente aberto: «Coidado, neno, que podes cair».

Os que xogabamos na rúa tiñamos mágoa dos que estaban a nos axexar, ca nariciña pegada ós vidros. Cicais esta lembranza sexa a que me fixo coidar que o «Lazarillo» é obra de un gran señor que viviu de neno o anxeio de liberdade dos rillotes. Poida dar que fose Hurtado de Mendoza e que encheran un pouco o seu desexo traíndo ó pazo a aquel rapaciño, fillo de una lavandeira galega, que se chamaba Luis de Sarria, e que logo foi Frai Luis de Granada. A rúa entraba no alcázar co «capigorrón»⁵² e na literatura ca novela picaresca. A rua, cas debouras e as trasnadas, cas parolas e as tirapuxas, peirao do mar das vidas que veñen e van, grande teatro do pequeno mundo, aberto e ámago⁵³, das vilas...

En *El Ideal Gallego*, 4-XII-1983.

(Reproducido en *Terceiro Adral* (1984), pp. 353-355).

⁵² Vagabundo vestido con capa e boina.

⁵³ Interior ou máis íntimo.

A nosa fala

É moi gasalleiro para min, e agradezo de corazón, o falarvos hoxe da lingua galega. Moitos, que fostes discípulos meus, terédesme escoitado na cátedra estas mesmas razóns, que agora hei expor. Os máis sodes escolares que tede-la fortuna, que eles non tiveron, de poderdes recibir, con longura, ensinós do noso idioma e do ben das súas letras, con sete séculos de historia. E axuntádevos, chamados pola Xunta de Galicia, a dardes testemuña da vosa afervoadá galeguidade.

Eloxio da palabra

A uns e a outros escomenzarei por lembrar unha páxina que incluíñ nos meus libros de texto e que comentaba a miúdo: a gabanza da verba, dese alto poeta catalán que foi Joan Maragall. Di que o don da palabra é «a maravilla meirande do mundo, porque nela apréixanse e fúndense toda a maravilla corporal e toda a maravilla espiritual da nosa natureza». Tal que si tódalas súas forzas se axuntasen para a formación do home e o home se valse de tódalas forzas do seu ser para producila.

¿Tedes reparado algunha vez no misterio da expresión e da comunicación que é a fala? ¿Coidades de cote nos segredos que entraña cada lingua e na riqueza da variedade delas? Tres fonemas nos abundan para dicir «nai» ou «pai», nun segundiño de tempo, tres letras ó escribilo. E que largacía conteñen nas nosas vidas, nos nosos sentimentos, nas nosas afeccións. Podemos aprendelas e dicilas en linguas alleas; endexamais terán tando contido como o que acadan na que é de nós. De infindos xeitos nos é dado artella-los ditos. Como prega ou como agarimo, como conversa, como demanda de axuda ou como rexouba, como desdén ou remorso. Polo don do falar podo eu neste intre facer este loubor, e podedes vós amosstrar conformidade ou disentir dos meus ditos.

¿Cómo poderíamos gracir a Deus esta impar regalía? «Con qué santo temor deberíamos pois falar», di o poeta. «Tendo a palabra todo o misterio e toda a luz do mundo deberíamos falar coma enmeigados, coma deslumbrados».

A lingua, esa fermosa obra dun pobo

Non hai esgrevia catedral, nin brandido⁵⁴ pazo, nin circia ponte, nin cidade fermosa que teñan comparanza co moimento secular que é obra dunha lingua. Porque todos eses feitíos do home teñen os seus autores, e un contado número de traballadores, un impulsor, un emprego de bens materiais... En troques a lingua é unha creación comunitaria, colectiva, onde deixan o seu pouso centos e centos de xeracións, millóns de seres que a luíron, falándoa; que a anovaron co espírito e cos adiantos dos tempos; que fixaron e a soergueron en creacións egrexias. É unha manifestación do espírito do pobo, recolle a impronta do seu andar polos camiños da historia, dos traballos e os feitos e mesmo do meio xeográfico onde medra.

Galicia é a terra da lingua galega. Do seu ser dixo Valle-Inclán:

«¡Oh tierra de la fabla antigua, hija de Roma,
que tiene campesinos arrullos de paloma.
El lago de mi alma yo lo siento ondular,
como la seda verde de un naciente linar,
cuando tu pasas, vieja alma de mi lugar,
en la música de algún viejo cantar!».

Lingua e historia

Os idiomas que, coma o noso, son dialectos do latín, teñen unha longa prehistoria que asinala as roitas da súa diferenciación, e un densenrolo que nos revela tamén os avatares do vivir de cada comunidade. Dese xeito fanse espellos do paso dos tempos. As causas desa creba da unidade latina son ben coñecidas: o sustrato lingüístico entre nós, as linguas faladas polos aborixes; no megalítico, nas invasións célticas, na cultura castrexa. A procedencia das xentes que compoñían as lexións, a data da chegada, a incorporación de cheo ás romanizacións... E tamén o que sucedeu logo: a presenza xermánica, a ausencia dos árabes en Galicia, os avatares políticos: o arredamento do Condado Portucalense, a incorporación ó Reino de León e Castela, a presenza do castelán como lingua oficial dende os tempos de San Fernando e Afonso X, o desleixamento do cultivo escrito, dende mediados

⁵⁴ Ostentoso, suntuoso.

do XV a fins do XVIII, o rexurdimento... Non temos libro que mellor nos fale da nosa historia como pobo.

Xurdir e rexurdir galego

É gustoso albisca-las orixes do galego, cando se vai arredando e chegando a ser unha fala distinta e propia, que vai convivir co latín, que se escribe e que loita por entrar nos documentos, nos nomes dos lugares, nos das persoas, os aparellos, o gado, os traballos... Vanse escribindo esas formas orais, peculiares, do léxico, da morfoloxía, da construción. Xa é un idioma feito, doado para a poesía a fin do século XII. Tal que no poema de Euxenio Montes poderíamos dicir: «Vinte nacer miudiño, – vinte mozo namorar...». Dáse entón o primeiro milagre. Porque esta lingua dun pobo alonxado, confinado no Fisterre Atlántico, mal comunicado, xunguido á política doutros Reinos, conquiere un posto de «lingua poética», a carón do provenzal, do francés, do toscano; val para a expresión dunha lírica que ten unha belida forma inxenua, na «cantiga de amigo», percorre toda a gama das expresións narrativas nas «Cantigas de Santa María», e vai ser traballada, lonxe de Galicia, fóra dos propios lindeiros, por italianos, que aportan as súas creacións á escola galaico-portuguesa, logo galaico-castelán. Tradúcense obras relixiosas, leis, novelas dos ciclos «caballerescos» e longas historias ou tratados como o da «Albeitería»⁵⁵.

Recollía o prestixio arcaísta das formas que lembraban aquelas orixes dos romances, cando, nos outros reinos e logo entre os mozárabes, a fala tiña caracteres moi semellantes ós que se tiveron no occidente e no levante da Península. O apoxeo da nosa escola dáse no XIII e no XIV, namentres Portugal mantén, diferenciada, e levará a un novo cume, no XVI, a mesma liña idiomática.

Despóis dese «clímax», a fala dos galegos vaise pechar no seo dos fogares, íntima, familiar, agraria e mariñeira, case sen produción literaria, mais cunha rica poesía oral. Esquecidos ou perdidos os códices que recollían as mostras daquela primavera poética, ninguén daba creto a testemuñas coma a do Marqués de Santillana que darán fé da súa vitalidade.

⁵⁵ Que trata das enfermidades dos animais. Procede do arabismo albeite, médico de cabalos.

Ven logo o segundo milagre. Esa lingua desbotada vai rexurdir, baril. Non poden arredarse dous feitos, parellos no tempo: o achado dos «Cancioneiros» que gardaban o tesouro das nosas cantigas e o recobrimento do cultivo das letras galegas. Arrinca do P. Sarmiento que, denantes de que foran descubertos os códices, intuía e probou a existencia da poesía que contiñan, sen que lle desen creto porque somellaba levado polo patriotismo local, e asentou as bases do coñecemento centífico, da filoloxía, do Galego e das leis da súa formación.

Intuindo ese «ontes» luminoso, os escritores de Galicia, dende Xoán Manuel Pintos a Rosalía, Curros e Pondal, coñecedores del, dende os precursores á Xeración «Nós» á do «Seminario de Estudos», ós «Novos», traballouse coa seguranza de ter un alicerce, un sustento clásico á laboría anovadora.

Unha dura xeira

Esta volta ó emprego culto do idioma se non fixo sen rexa loita. Porque namentres no cume intelectual recoñecíanselle a beleza e aptitude, a miniburguesía minigalega das vilas rexeitábao, coma se fose un «castelán mal falado», un noxento «patois» dos probes, e coutaba o seu emprego, desbotándoo da igrexa, da escola e da administración. Non están moi lonxe de nós os días en que os mestres berrábanlle ós nenos: «Fala en cristiano», e os cativos tiñan que calar porque non sabían outro xeito de se expresaren. Moitos, moitísimos galegos sentíronse abaixados e colleron un complexo de retraimento porque lles non deixaban falar tal que nos seus fogares o facían. Quixeran adeprenderlle-lo castelán en castelán e falaban «castrapo». Ninguén lles ensinaba as equivalencias. «Non digas funcho, que é galego», pero non podían dicirlles que o «funcho» se chama «hinojo» en castelán, porque eles tampouco manexaban ben a lingua oficial. Erguíase unha muradela de incompreensións. O xuíz alleo coidaba que unha «facha» de leña era un «machado» agresivo. O confesor dicíalle ó penitente que podía «trebellar» coa moza canto quixera con tal de non ser en festa de gardar... Entre tantas tristesiras facecias⁵⁶, eu quero lembrarvos un paso conmovedor:

⁵⁶ Chistes, contos de humor.

Foi no 1932. Editáramos un «Viacrucis» en galego, para o que, por certo, debuxou Castela unha fermosa «Quinta Angustia». E dispúxose un rezo solemne na igrexa da Compañía de Compostela. Estabamos alí un fato de universitarios. Guíabao, segundo coido, Pedret Casado. Había dúas mulleriñas que se axuntaron a nós. Nunca tal ouviran. As pasaxes do Evanxeo achegábanse a elas, coma nunca. Unha, acorada, coas bágoas nos ollos, achegóusenos a Beiras e a min:

-«¡Ai, señor que cousa tan bonita. E ¿non será pecado?»

Fálalle galego

Houbo, pois, un tempo en que a xente coidaba que falar galego era cousa noxenta. Hoxe é un orgullo falalo e falalo ben. Aínda queda algún que pensa que é inútil. Sería tanto como dicir que non teñen utilidade as grandes creacións do espírito. ¿U-la «utilidade» do Pórtico da Gloria, da «Ilíada» ou do «Hino á Alegría» de Schiller e Beethoven? Hai unhas fondas verbas dese grande poeta que é Karol Wojtyła⁵⁷, o Papa Xoán Paulo II, cando ensalza a lingua vernácula de Polonia, fronte ós que din que non val ren nin pode emparellarse coas outras que inzan no concerto dos pobos. Respóndelles.

«Cando arredor noso
ouvimos fala-las distintas linguas do mundo,
a lingua nosa resoa con máis forza,
afonda no pensamento das xeracións,
e faise coma un teito de tódolos nosos fogares,
onde vivimos xuntos».

Teito, escudo, sino que nos axunta, proba da nosa identidade. De feito, ¿sería Galicia, Galicia se non tivese unha lingua propia? Temos á man posuí-lo tesouro de dous idiomas, que nos abren, de mar a mar, as portas do mundo: o galego-portugués chegou a inzar coa cosmovisión lusitana das Descobertas; o castelán é o verbo de vinte nacións que teñen acollido e dado segunda Patria a tantos emigrados nosos. O galego non é unha fala estranxeira en España, é unha lingua española. Somos donos do uso de

⁵⁷ Vid. os artigos de Filgueira: “Karol Wojtyła e a poesía do traballo”, en *La Voz de Galicia* (A Coruña, 20-8-1989) e “O poema á fala de Karol Wojtyła”, en *El Progreso* (Lugo, 20-8-1989).

dúas expresións e do goce de dúas inmorrentes literaturas. E, sen mingua do dominio da lingua de Cervantes, acougamos no corazón da de Rosalía, íntima, lídima, natural...

A rematar quero tamén facer lembranza daquel garrido canto no que o meu mestre Cotarelo Valledor vía ó galego máis ferido pola vanidade dos desleigados que polo castelán. Díciálle: «vas esmorecendo, derréteste, dexagas (sic.), como cheiro de rosas, como agua de abirta⁵⁸, como espuma de praia. Ti es unha anduriña migradeira que se xía entre nós e que, femente, inquire, non sei onde, na terra ou no ceo, lentura e craridá. Non fuxas non, que inda tes un niño fonxe⁵⁹, antre os beizos das nenas namoradas».

Non, por sorte, e mercede a moitos coma aquel meu mestre, nin fuxíu nin esmoreceu. Acouga segura no niño dos namorados. Todos vós a acolledes agarimosos. Todos, con ciencia e conciencia, coa fachenda dos que, ó facelo, serven ó seu pobo e se confesan fillos desta nosa «matria»; todos «falades galego».

En *A Nosa Fala*, Consellería de Cultura, 1984.
(Reproducido en *V-Adral* (1989), pp. 13-18).

Para unha mostra do traxe galego

Cada nova mostra do traxe galego ten de ser un afinamento máis da nosa personalidade. Porque cantos agora queren vestilo, por unhas horas en solemnes ocasións, fano xa con esa vontade e non coma quen escolle un disfraz pintoresco ou favorecedor. Sábese ben que é un brandido froito das artes do pobo, herdanza de séculos, avencellado ó ambiente, á Natureza, ó traballo, que recolleu o influxo do estilo e da calidade de vida, das correntes estéticas e mesmo das crencias. Teño dito noutras ocasións que homes e mulleres deixan o ronsel máis fondo da súa mentalidade no que teñen máis perto de sí: o corpo e o fogar. O vestido protexe e enfeita; é a un tempo defensa e chamada, necesaria utilidade, é aliciador engado na feira

⁵⁸ Canle para regadío.

⁵⁹ Mol, suave, brando.

das fachendas; manifesta o gusto persoal, as posibilidades materiais e o sometimento ás modas. Cifra o apego ó propio e ós influxos do alleo. Locilas prendas antergas é coma un retorno ás raicieras da identidade.

Foi moita a rica variedade dos nosos traxes antergos, distintivos moitas veces das comarcas, diversos en prendas, en formas, en cores. Mágoa que moitos, por sinxela imitanza, descoñecéndoo, coiden que é un «uniforme» e nas festas e folguedos atopemos unha árnea⁶⁰ repetición dos mesmos figuríns, e todo en roxo, negro e branco, cando deberan ser unha «resilicada»⁶¹ e polícroma regalía dos ollos. Abonda volta-los ollos ás testemuñas que nos deixaron debuxantes e pintores de costumes, ós vellos gravados, ás fotografías. Sen esquecer-los grandes artistas que non só anotaron o que vían –como Fierros, Avendaño, Sotomayor, Sobrino... – senón que maxinaron figuríns de novo estilo: Castelao, Picasso... Ou ós vestuarios dalgúns Coros, merecentes de gabanza, e o do «Ballet Gallego».

Certo que non son moitas as publicacións sobre o traxe galego, mais temos aportacións moi válidas, coma os libros de Xoán Naya e de Nieves de Hoyos, os capíduos de obras xerais –Carré Aldao, Otero Pedrayo, Xoaquín Lorenzo– e artigos coma os que contén o Número de «Vida Gallega» adicado ó tema no 1958, en que colaboraron Bouza Brey, Fraguas, Hortas, Paradela, Ramón Fernández Oxea, Otero, Moure, Naveira, Risco, Taibo... Cando se abre esta Exposición está a saír do prelo unha obra moi fermosa de Antonio Fraguas, con abondosas ilustracións, na serie da «Catalogación Artística» recollida no Museo de Pontevedra. Edítase mercede ó xeneroso mecenazgo da «Fundación Barrié de la Maza».

Que a Mostra sexa unha homenaxe a cantos defenderon, estudiaaron e cantaron ó traxe galego, coma un símbolo máis da personalidade de Galicia. E ós que, lonxe da Terra ou nela, teñen a ufanía ó sentiren galegos cando o visten.

En *Museo de Pontevedra*, 1983.

(Reproducido en *V-Adral* (1989), pp. 139-140).

⁶⁰ Estéril.

⁶¹ Verba que se emprega para louvar a variada graza das mazorcas do millo que teñen grans de distintas cores.

Sementador de cruceiros

No ano 1967, un fato de galegos axuntámonos, na Catedral de Vannes, ao pé das relias de San Vicente Ferrer, perto dos grandes «panos de historias» que lembran os seus feitos. Viñamos de percorrer as roitas dos megalitos, dos lugares arthuriáns, das illas e, sobre todo, dos «calvaires». Foi como unha oferenda de gratitudes ao «sementador de cruceiros».

Nestes días, en que en Bretaña «a menor» e no vello Reino de Valencia festexan ao padroeiro, cando se escoita o louvor das súas virtudes e, nas prazas, os rapaces representan, unha vez máis, os «Misteris» dos mirages, chega á terra que o dou un brazo seu, engastado nunha ricaz orfrefrería. E compre facer eiquí a lembranza do que nos deixou.

Porque aquel frade dominico, de verbo aceso e asombroso «don de linguas», un dos máis outos oradores da cristiandade, deixou tras de si unha obra literaria e inscribiu o nome nas historias co influxo na resolución do cisma, influíndo no Concilio de Coyanza ca súa actitude, e presidiu e dirixiu aos persoeiros do «Compromiso de Caspe». Mais foi, sobre todo, un misionero en camiño, «legatus a latere Christi», como el decía, enfervorizador de moitedumes, que percorreu os vieiros da Península, de Italia e da Francia, que morreu na Bretaña, onde fora chamado polo Duque Jean, e que aló está soterrado, despois do derradeiro mirage da súa vida cando tornou a Vannes, contra a súa vontade porque Deus dispuxo que non poidera viaxar a Valencia.

Pro o que nós evocamos é o rol que tivo como sementador de cruces. Como aínda no noso tempo, fíxose a memoria de tantas misións, poñéndolas nos muros das eirexas, no século XV, onde pasou predicando o que chamaban o meirande pregoeiro do Verbo despois dos Apóstolos, Conmemoraron os seus sermóns: «cruces de término» valencías; «cruceiros» galegos; «calvarios» bretóns...

Anotou López Ferreiro que, con motivo da súa romaxe a Compostela, foran ergueitos «cruceiros» nas entradas da cidade. Este orixe ha ter o «do Home Santo», que sería Vicente Ferrer e non Xoan Tuorum, como quer a leenda. No 1465 di un documento: «adonde edificou o home santo predicador o moimento de pedra cua cruz». Este cruceiro é coetáneo do que estaba no adro de San Bertoméu de Pontevedra e do moi famoso de Guimarães. Foi

un frorecer novo, despois das cruces das antergas cristianizacións, das do «camiño de Santiago», das que eiquí temos documentado no século XIII.

Castelao, que xuntaba á súa circía sabencia unha xenial intuición, soupo enlazar os tres vértices do triángulo dos «cruceiros» —Valencia, Galicia, Bretaña— ca figura de San Vicente Ferrer e cas súas misións eiquí, polo ano do 1412, e adiviñar canto puido infruír no espallamento.

E certo que Amor Ruibal dixéralle a Castelao que non tiña datos certos da viaxe. Hoxe pode asegurarse que veu cando a visita a Salamanca e a Zaragoza. E na obra queda patente mesmo a devoción ao Apóstolo Santiago.

Non soio os «cruceiros» que fixo erguer os que dan testemuña do seu paso. Podo asinalar outro importante recordo, en pedra. Está na eirexa de Santo Domingo de Pontevedra. E unha labra fermosísima do século XV. Baixo o dosel, a Virxen da Quinta Angustia, como nas cruces de pedra, con «santos Varóns» do descendimento. Facendo parella cun santo bispo, San Vicente Ferrer predicando. Sinala co índice da man dereita a Cristo Xuez, no derradeiro xuicio, que é o tema predilecto dos seus sermóns, e ten ao pe dúas figuriñas de penitentes disciplinándose, que daquela, despois dos sermóns, vendíanse «en mercado» as disciplinas como hoxe os recordos e as lambetadas nas romarías.

E veleiquí cómo os Fisterres da fachada atlántica deste noso vello mundo deben ao novo «praeco⁶² Evangelii» o inzamento do que chegaría a ser, na Bretaña e na Galicia, o mellor froito da arte do pobo.

«Faro de Vigo», 20-IV-1980

(Reproducido en *Segundo Adral*, (1981) pp. 244-247).

Da pedra

No granito, alicerce da nosa paisaxe, dase un dos máis fermosos xuntoiros que ofrece a Natureza: o do seixo albo, co dondo albite, o feldespató, e a escintilante, espelladoira mica. É coma un emparellamento elemental dos

⁶² Pregoeiro do Evanxeo (na Carta primeira de San Xoán).

sinos do fogo, da terra e da auga, que o ar ven luír ou labrar amorosamente. Un acorde perfecto para a sinfonía en que o tempo desenvolva, sobre dél, as variacións, infindas e ouriceladas⁶³, da vexetación.

Rexa e sufrida, a roca arcaica déixase conquistar para a arte polos picos dos canteiros. Nos máis garridos versículos do mestre Otero Pedrayo, ó xeito de Paul Claudel⁶⁴, atopámo-la cantiga á pedra feita esquinallal, lumieira ou esteo, a florecer en capiteis e arquivoltas. Mais non precisa da man do home para amosarnos formas que esperten unha emoción estética. Nos curutos da montaña, nas abas das ribeiras, nas furnas da beiramar agárdano-lo goce e a interpretación das formas abstractas, degresadas⁶⁵, meteorizadas polos ventos, as choivas, as ondas, o raio... E podemos mirar nelas o que nos cadre, tal que facemos coas nubes, coma se fosen as follas dun «test» proxectivo. Pois haivos penedos-cúmulus, rupestres estratos, líticos cirros...

Non menos de setenta nomes ten a fala galega para nomea-las pedras, dende o cativo loio ós enormes gañarros. E os topónimos descubren tamén a visión e a misión das laxes e as súas fasquías: Pedra Abanadoira, Aguda, Agulla, Alba, Corva, Chan, Faladoira, Fechada, Furada, Guincha, Quetiña... Preside o Concilio a pedra-nao de Muxía, a máis sonada de todas.

Os homes do megalítico souberon acollelas, nas súas grandiosas arquitecturas sen que perderan a natural enxebría, en contraste coas requitadas filigranas dos que chegaron tras deles, e xa non comprenderon o engado das masas e das espidas liñas dos dólmenes, dos menhires, dos circos e aliñamentos, que se fundían co chan sen deixar de revela-lo esforzo das xentes, que as «humanizaban».

Anque un teña andado moitas terras e apreixado para sempre no recordo garridos momentos, sentíu unha emoción nova e distinta diante os esteos de Carnac, que se non poden maxinar sen percorrelos. E que nas

⁶³ Cubertas.

⁶⁴ Vid. tamén: “*Via Crucis*, de Paul Claudel” (tradución ao galego), en *Grial*, n.º 20, Tomo VI, (1968), pp. 194-199. Así mesmo Filgueira Valverde traduciu ao galego outros poemas do gran lírico francés nas páxinas da revista *Teucro* do Instituto pontevedrés do que el era catedrático e director.

⁶⁵ Sucadas, apretadas.

crenzas do pobo, pola omnianimación común ós Fisterres atlánticos poden cobrar vida, en cada ano unha vez, na Noitiña de Nadal. Dixéronme os antropólogos bretóns que as pedras dos «Cromlech» danzan cando sonan as badaladas das igrexas.

Cando acá saen famentos, os pitiños de ouro, da penedía de San Xoán da Coba, baila a xigante rolda dos menhires de Ploulinec. E, como as pedras teñen sede, por máis que chova, baixan beber no Etel. E os de Menec a beberán na badía de San Columban, que é o seu augadoiro. ¡Quén vira esa atolada carreira dos mil cento sesenta esteos⁶⁶ de Carnac, baixando á auga, coma cervos feridos!

Cando dixen esto, en «O Nadal das Pedras», preguntei a Álvaro Cunqueiro se sabía o nome do paxaro que tódolos anos quere roubarlle o tesouro ó menhir de Mont Baleux namentres a pedra fai o seu camiño á percura das augas. E sempre o paxariño queda alí apreixado baixo do esteo que volve. Din que é o merlo avisador do El-Rei Arthus. Díxenlle daquela que, se o coñecía, tiña a obriga de libertalo na máis fermosa das súas prosas. E poida que soubese tamén o nome do que aniñaba baixo a Pedra da Barca. Finou sen dicilos. El xace, coma o paxaro cantor baixo a laxe do cimiterio de Mondoñedo. E cando finou, xa a campá da Berenguela deixara de estarrecelas pedras sagras de Santiago e a Pedra de Muxía deixou de abanear. Pois él levouse consigo os nomes segredos dos anxos, dos paxaros e das pedras.

En RTV Galega, 15-VII-1988.

(Reproducido en *V-Adral* (1989), pp. 155-156).

Das pontes

Cando escribo estes folios non teño visto aínda ningún comentario do fermoso libro «As pontes do Lérez» que axunta ós debuxos dun dos nosos mellores artistas, Agustín Portela, glosas literarias de Rodríguez Fraiz, nunha edición en todo parella á que foi unha verdadeira antoloxía da prosa galega da post-guerra, «Pontevedra boa vila» (1947).

⁶⁶ Píares, monolitos, estacas, columnas.

Neste novo volume atoparedes a fasquía e as semblanzas das trinta e nove pontes e pontellas polas que podemos cruzar os máis poéticos ríos de Galicia, dende a Noveliza, perto das súas fontes, aló nos outos do Acibeiro, deica ó da Barca en que o «eral tierno» dos versos de Góngora loita coas ondas do mar. Unha regalía para os ollos, os deseños, e todo un acerto as notas do historiador da Terra de Montes e das súas xentes.

A obra chámamos a adicar un longo «Adral» ás pontes.

A simboloxía

Cando pasamos por unha ponte, remanece en nós unha xorda ledicia, coma se viñera de lonxos tempos cando foi feita coa esperanza de se libertar dos perigos dos baos⁶⁷ e das barcas de pasaxe. Nese gozo latexan moi antergas crencias sobre a significación destas obras nos camiños todos do mundo.

Porque ese artificio feito pola man dos homes, que nos permite pasar dunha a outra beira dos ríos, é unha imaxe do paso desta vida terrena ó Alén, figurada na «ponte de entrada ó Paraíso».

E o nome sagro dos «Pontífices» recolle, coa mención dos constructores, a idea da mediación e do achegamento.

Os homes do medievo viron tamén, tanto nas edificacións como na emblemática, unha cifra alegórica no número dos arcos: tres as virtudes teologais; catro, as cardinais, sete, número de «poridat»⁶⁸ (recórdese o escolio agustinián) é tamén o dos sete deberes na ascética do Korán.

As pontes e a historia

As pontes son lugares elixidos como escenario de feitos históricos. Moitas axuntan o seu nome a famosísimas batallas decisivas, dende Milvio a Sampaio. Sobre elas axustáronse paces, como o do Lérez, no Burgo pontevedrés, no 1169, entre Fernando II e Alfonso Henríquez. Foron o lugar das proclamacións, dos recibimentos, as requisitorias e os desafíos, non somentes nas lides imaxinarias da novelística cabaleiresca, senón en aventuras

⁶⁷ Madeiros que van de babor a estribor para formar a cuberta do barco.

⁶⁸ Ocultación, secreto, reserva.

certas coma a de Suero de Quiñones, na do Órbigo, ou na que dá nome a Pontevedra, cando Pero Niño lidou con Gómez Dómao no 1397, porque era «muy buen lugar para los que quisiesen hacer armas por amor de sus amigas, ca todas las dueñas e doncellas de Pontevedra eran a mirar por el adarve de la Villa». E mesmo Carlos V para que non houbera mortes de vasalos, retaba a Francisco I a loitar sós, en metade dunha ponte en camisa, sen armaduras.

Sabémo-la historia de moitas pontes, a súa orixe, arquitectos e benfeitores da obra, por inscricións postas nas súas pedras, o mesmo nas longas e fachendosas, defendidas por castelos, que nas homildosiñas, dun só tramo, coma as da Terra de Deza. Crónicas e guías recollen tamén nomes e feitos. No «Liber Beati Iacobi»⁶⁹ podemos atopar, entre outros, o de Pedro, o que refixo a de Portomarín. Eu supuxen que puidera se-lo Petrus Desutambén, quen sabe se pai do máis esclarecido dos «ponteadores», Mestre Mateo. Din que escomezou a traballar na de Cesures. Ergueu esa asombrosa ponte de tres arcos á eternidade que é o Pórtico da Gloria.

Hai pontes das que se conta que as desfecía o demo e que se remataron por avinza con él, que requeríu para sí o pontazgo da alma do primeiro que pasase por elas. Outras maxináranse tan estreitas coma o fío dunha espada, como a que pasara Lancelot de a cabalo. A Santa Compañía pasa polas pontes, pero a «ánima peregrina» precisa para facelo das «velas da Victoria». Ríos hai, tamén, que ningunha ponte pode cruzar: nas sagas irlandesas déitase un rei para servir de paso.

Pontes, fontes, cruceiros, soutos e vellas árbores dan conxeito⁷⁰ ás citas dos namorados que «tallan preto»⁷¹, como se dicía no medievo, de se atopar neles.

No medio das pontes facíase, e faise aínda, que o contan Muruais e Valle-Inclán, o bautismo prenatal da criatura no ventre da nai que non logra ter fillos, por continuados abortos. O río é parceiro da festa, porque nél se deita a ración que lle correspondería como invitado. Son moitas (lerédelo no

⁶⁹ Ou *Codex Calixtinus*. Edición do Instituto Padre Sarmiento publicada en 1944 e preparada por Walter Muir Whitehill, Germán Prado e Jesús Carro García.

⁷⁰ Ocasión, oportunidade, consentimento.

⁷¹ Acordar unha cita.

libro das do Lárez) as que se escollen para os esconxuros do mal da cobra, do arañón e do lagarto, con azoutas de ramas de funcho.

Os nenos gustan de se debuzar nos peitorís, contra corrente, para mirar como a ponte «camiña para diante».

Os ditos e as cantigas

Entre os ditos, ven de moi antigo o de «quen queira ser xefe, sexa ponte», que ten a raigaña na lenda do Rei Braun, que se deita para que pasen os vasalos. «Por la puente Juana, que no por el agua», que da título a unha comedia de Lope, ten outra versión, «por la puente se va a casa...» que aconsella face-las cousas por dereito e non pola porta falsa. Unha «ponte de prata» ofrécese ó inimigo que foxe. A «ponte» dos asnos», é, segundo o Mestre Correas⁷², a dos siloxismos, onde tantos caen; fálase dela cando nos referimos ós que deixan a carreira porque encontran difícil os estudos. Polo demais, cómpre saber escolle-lo paso: «por la puente de madera pasa el loco caballero», que ten en galego parella nunha cantiga, para o que teña amor lonxe e «regueiriños que pasar»:

«faga una ponte de pedra,
que de pau pode quebrar».

No cantigueiro tradicional son moitos e moi xeitosos os cantares que se refiren ás pontes. Algúns á construción, como a da famosa obra noíesa:

«Adios, ti, Ponte Nafonso,
non sei quén te acabará,
trinta anos me levache,
fror da miña mocedá».

As pontes esmaltan series de cantigas, como as que ponderan a valía das vilas, con comezos tópicos «Tres cousas hai...», «A vila», ou «O lugar

⁷² Gonzalo Correas (ou Korreas) Iñigo (Jaraíz de la Vera, Cáceres, 1571-Salamanca, 1631). Humanista, helenista, gramático, lexicógrafo, fonetista, paremiólogo e ortógrafo español. Autor de *Nueva i zierta ortografía castellana* (1624) e do moi celebrado no seu tempo *Vocabulario de refranes y frases proverbiales* (1627).

de...». As de fasquía itineraria: «Dende a ponte de ...a...». As que se refiren a episodios de caza ou da pesca. E o conxunto da «cita frustrada», nas que se conta que o cantor que agarda á súa moza encóntrase cunha costureira ou, o que é peor, «cun xabril». E as dos «adioses» como a que vimos de citar.

Pero as máis fermosas son as «de amor». En «As Pontes do Lérez» podedes ver algunhas:

Na Ponte da Barreiriña
botei unha rosa ó río:
canto máis a rosa corre,
máis amoríños eu sinto.

As mociñas de Fornelos
moito se poden gabar,
pasan a Ponte de Pedra
para poder namorar.

Maruxiña vai na ponte,
moito tarda que non ven,
ou trabucou o camiño
ou moitos amores ten.

Podería facerse toda unha antoloxía literaria das pontes, onde non faltaría o «Media Vita», o máis patético prego medieval, inspirado polo perigo duns monxes illados nun pilar pola corrente da chea do río. Nin aquela arriscada metáfora do «Cancionero de Baena» en que o Demo de Soutomaior dispara co arco da Ponte de Sampaio, coma unha balesta. A colleita recente galega sería moi xurdia. Un lembra moitos trechos, en formas diversas; de Vicetto, López Ferreiro, Lugrís, Otero Pedrayo, Castelao, Cabanillas, Noriega, Trapero, Cunqueiro, Amado Carballo, Montes ...qué sei eu. E entre os mellores, «Pontes do Lérez», de Xosé Otero Espasandín. Coa súa lembranza volvemos ó pórtico do libro que inspira esta «rapsodia», e a pechamos, que saíu moi longa.

En *Faro de Vigo*, 5-VII-87.
(Reproducido en *V-Adral* (1989), pp. 157-161).

No tempo das vendimas

Dende o día vinteún, a xente anda á vendima. Xa din os vellos «San Matéu, vendimas ti, vendimo eu». Sempre temos un veciño que se adianta. Chega un rapaz dando a nova: «O señor Manoel xa escomenzou...» E, anque as uvas anden aínda chegadoiras, veña recollelas.

En tempos pasados, as «Ordenanzas» dispoñían que se agardase a orde do Concello... que, polo visto, saía sempre despóis que xa fervera todo o bagazo.

Tamén dispoñían que somentes poideran vender viño os avecindados nas vilas; que non se metera o novo denantes de San Martiño, cando xa «todo mosto é viño»; que non se abillase o de fora sen que denantes o controlara un dos Alcaldes ou rexidores... En Pontevedra, a excepción da cautela, asinálase deste xeito: «Y todo lo arriba dicho no se ha de entender con el vino que se cogiese debajo de la campana de San Bartolomé de esta Villa, que, en cuanto a ello, se ha de guardar la costumbre inmemorial que siempre se ha tenido de que lo puedan vender quando y al precio que quieran, con que no sea en los meses de estanque...» E unha maneira orixinal de coutar as lindes dunha demarcación, polos lugares a onde chega o son das campás. A escolla destes «marcos» de sons, faríanos maxinar unha fronteira melódica e lábil⁷³. E como unha profesión de fe poética. E quen sabe se as badaladas dos siños pontevedreses mellorarían o labio dos viños, como din que o facían os da «Berenguela» compostelán, agora fendida e muda.

No século XII

No «Codex Calixtinus» léese que, pola porta de «Mazarelos» entra o precioso viño á cidade do Apostólo». Tamén fala do «bon viño de Castela» o «Degredo» de bo foro e tasas, ditado polos coengos, en nome de El-Rei e do Arcebispo, no 1133, que ven na «Compostelán». Por certo que cando se retire ao viño «castelán» fala do Ribeiro, porque a terra de Avia chamábase entón «de Castilla». Sabemos ben o custo do canado⁷⁴ nos tempos de Gelmírez, e tamén o do viño «embarcado» que sería o do Salnés, é o do país. Os

⁷³ Inestable, cambiante.

⁷⁴ Medida de capacidade para líquidos.

campesiños podían vender de seu a sidra, sen mestura, que trouxeran; en troques non deixaban abrir tabernas pra vendela, «nin en cubas nin en cántaros». Cando a solene ordeación se refire á «aquela canada ferrada que ten Fernando Velázquez» decatámonos de que a vila das pelerinaxes era unha familia de familias, onde se pedirían prestadas as medidas e a fustalla⁷⁵.

Do viño nos cancioneros

Polos Cancioneiros sabemos do «viño forte de Allariz», da «adega de viño» compostelán de Pero da Ponte, do «bon viño de Ouréns» que desexaba El-Rei Sabio «para Mestre Joan».

João de Gaia, nas cantigas de burlas, deixóunos o proceso aromático das narices dun ilustre hóspede, conforme ían adiantando o xantar e a bebedeira; Afonso X cóntanos as tres aparicións do demo ao monxe bébedo, polo espantar, en forma de touro, de ome monstro e de bravo león. O trade escorréntao: «Fuxe, mao, mui peor que rapaz». E deixa o viño «con que era sandéu».

Tamén nas «Cantigas de Santa María» podemos leer do pedrisco que deixou de ferir as viñas do home devoto; que Santa María do Viso, que tiña a súa festa «cand'as viñas vendiman», sandaba as aves de cetraría; que se repetiu o miragre de Caná, acrescentando o viño a unha «boa dona de Bretaña», nada menos que Santa Aethelheda de Glastombury, no día en que a visitaba El-Rei que fixo traducir a Biblia ao anglosaxón. E vemos cómo tingué o viño «de vermello coor e espessa» una branca casula; cómo a un neno resucitado que se ergue do ataúde «déronlle pan e viño», que ben concorda con aquilo que decía Quevedo das nosas amas, que daban aos meniños «aguardiente por leche...» ¡alambiques que tiñan!

Louvres dos nosos viños

Xenia galega tiña o Dr. Gerónimo Pardo que escribiu o «Tratado del vino aguado y del agua avinada» (1661). Tamén o «Peregrino» da «Noble Academia Compostelana» o bebería augaxento, nas tabernas da Rúa de Bautizados.

⁷⁵ Pipón de viño.

Nas ponderacións do viño galego, sobre todo do de Ribadavia, pódese facer un frorilexio cas verbas de Alonso de Toro, Cervantes, Espinosa, Hurtado de Mendoza, Lope, Espinel, Tirso, Moreto e hasta o Padre Las Casas. «Perdonen cuantos hay tristes y blancos, que éste es el rey de los vinos», decía Estebanillo González.

Escomasí, tantos ilustres alaudos xuntos, non gañan aos versos de Cabanillas nin á prosa de Cunqueiro nas gabanzas dos viños galegos.

Abillado

Volvendo ás «Ordenanzas» dos Concellos, a escomenzos do século XVII, ningún vendedor podía ter abertas máis de dúas pipas, unha de branco e outra de tinto. Calquera podía porse a despachar o seu viño nunha taberna feita a presa, con tal de poñer sobre a lumieira da porta un ramo de loureiro, tal que xa o facían os románs.

Cada abillado era unha festiña. Contaréivos que, fai uns setenta anos, os xornaes de Compostela daban conta de que aquí ou alá se encetara un novo bocói, como se fose un relevante suceso local. «Nuestro convecino de la calle del Franco número tantos abilló ayer un tonel de tinto del Ribeiro, verdaderamente excelente. Con tal motivo, etc., etc.». Nunha ocasión, un famoso periodista cando daba a reseña, ao día seguinte, de outro acontecemento vinícola, escribía «ribeiro que, si cabe, es todavía mejor que el que ayer probábamos en la calle del Franco». Do que un agudo crítico local comentou: —«Cabe, cabe, Pepiño, así fora un moio».

Do «chiquiteo itinerante»

Andar as estacións, de taberna en taberna, e catar o viño, facendo comparanzas, é tarefa das roldas de alegres bebedores que nunca faltan. Nos meus tempos santiagueses, unha destas tertulias volantes recibía o alcume da «Cofradía da Santa Sede». O feito de andar de unha en outra e de outra en unha foi contado por Rosalía nun dos seus máis churrusqueiros cantares, «Compadre, desde un vai vello...» Nel, os dous petrucios «tras de tanta e tanta proba –leváronnos para a cova– dende o mesmo pe da cuba». Compre escoitallo recitar ao patriarca dos arqueólogos lusitanos,

que coida, con xusticia, que é unha das páxinas da literatura galega que mellor refrexan o falar do pobo.

«Faro de Vigo». 7-X-1979.

(Reproducido en *Segundo Adral*, (1981) pp. 153-158).

Un camiño aberto á universalidade

O viaxeiro que chegaba de Roncesvalles podía ler en «La Preciosa» un poema latino de comezos do século XIII que exaltaba, con amplitude abraiante, o carácter universal da hospitalidade no Camiño de Santiago:

«Porta aberta a todos
doentes e sanos
non só a católicos
senon ós paganos,
xudíos, herexes,
gallofos e vagos,
é dicir, a toste⁷⁶,
ós bos e ós profanos»

As liñas mestras da tradición

Os destinos da cidade santa de Occidente estaban sinalados nos temas clave da tradición xacobeá. En primeiro termo, a liña da «Predicación» ten o seu raigame na profecía isaíaca e no mandado de leva-lo Evanxeo ata o fin da Terra, a misteriosa «Estrela Escura» xermánica, e tamén na existencia dunha cristiandade temperá, sen a que se non explica a expansión doutrinal e literaria do século V. Na «Traslación» a refenda, serodía, recolle grandes motivos da antropoloxía cultural galega: a «barca de pedra» e a súa chegada polo mar no «camiño das Cassitérides»⁷⁷, o carro de bois sensorio, a matriarca

⁷⁶ A eito.

⁷⁷ Chamadas tamén Illas do Estaño, situadas no País de Cornualles ou ben en Galicia. Herodoto, Estrabón, Pomponio Mela, Diodorus Siculus e aínda Xosé Cornide teñen escrito sobre a súa localización.

Lupa, a serpe do Pico Sagro... Na «Invención de las Reliquias» dase xa un triple plano. O estrictamente local, arredor do sartego, «compositum» que mesmo pode dar nome ó lugar, e mailo traslado da sé iriense. O nacional, coa advocación do «Miles Christi», os votos e o Patronato, liña encetada coa presenza de Alfonso o Casto. O ecuménico, que inspira a lenda carolinxia, donde a visión do Imperante de Aquisgram, cando recibe o mandado de libera-la vía que segue na Terra o vieiro que a «Galaxia» amosa no firmamento.

A cuncha vieira –vaso, testemuña e talismán– é, segundo o Liber Iacobi, unha representación da man que dá e da celestial armadura da Gracia, pero tamén poden verse as súas estrías coma a imaxe dos camiños que conducen a unha espiritual converxencia.

Compostela elixiu, como cifra de universalidade, dous expresivos «topoi». Un o da enumeración das nacións, paulino e ptolomeico, que abrangue a tódolos pobos, dende os bárbaros que teñen moradía nos confíns do Ecumen ós máis próximos, en tódolos climas, con non menos de setenta e catro termos no «Calistino», reais ou imaxinados, actuais ou pretéritos, «de tódalas linguas, tribus e nacións». O outro, de carácter musical, é a referencia á variedade de instrumentos que tanxen os peregrinos; «uns tanxen cítaras»; outros, liras; outros, tímpanos, frautas, caramelos, trompetas, arpas, violíns, rotas británicas ou galas; outros cantando con cítaras...». A orquesta dos anciáns do Pórtico da Gloria e a iconografía do Coro, tamén mateano, ofrecían a versión plástica destas evocacións.

Posteriormente procurouse outro símbolo de aparencia trivial, pero moi significado: as parellas de xigantóns que con exóticas vestimentas representan «las partes del mundo», ós que se engadiron o «Coco» e a «Coca», turistas actuais, que son os que teñen o raro privilexio de entraren a bailar na Basílica diante do altar do Apóstolo a muiñeira que toca o gaiteiro titular do Cabido.

A mercadería exótica

¡Aínda había outro signo de universalidade! Podía atoparse nas «trabancas⁷⁸» e «loxiñas⁷⁹» da rúa de San Pedro, as Algalias, Acibecheiría,

⁷⁸ Taboleiro de mesa apoiado en tres soportes.

⁷⁹ Cuadra de pequenas dimensións.

Platerías... O peregrino podía mercar alí algo máis ca vieiras, acibeche e medallas. Os orientais, que se aloxaban sobre todo no Hospital dos armenios, na rúa de Xerusalén, traían para a venda especiería e produtos exóticos e máxicos amuletos, perfumes e tecidos. En canto ás pezas con virtudes prodixiosas, aínda no 1726 o xastriño picardo Guillaume Manier o que máis apreciaba das súas adquisicións santiaguesas, amais da «Compostela», celestial salvoconducto, era unha «pedra de aguiá», das que se traían do Mar Pérsico, ou das Indias. Ía acompañada dun escrito onde se enumeraban as súas virtudes.

A transcendencia cultural do Camiño

A peregrinaxe era un «exercicio espiritual», mais con moi distintos graos: unha «queste»⁸⁰ aventurosa, novelesca, de emocións e sorpresas. A presenza mesma do peregrino podía ter motivos variegados e mesmo contradictorios: a procura do perdón ou da saúde, o cumprimento do voto, a redención dunha pena xudicial, a práctica dun mester, a fuxida do cotián, un interese político, literario, amoroso ou o vagabundeo picaresco e mendicante dos «gallofos»⁸¹.

Por iso a «via peregrinalis» era un crisol fervedeiro de tendencias, intercambios e empréstimos culturais. Foi coma unha canle de confluencias. «Exempla», milagres e refendas épicas ponderan a amizade trabada ó facer camiño. A «pastorela» idealiza os encontros amorosos. Sátiras e escarños descubren... a outra faciana do camiñar das moitedumes.

As «vías» que eran moitas e chegaban ós confíns do Ecumen deron azo á transmisión e ó espallamento de formas artísticas, ó cruce do culto e do vulgar, do popular e do cortesán. En refectorios e tinelos⁸² se escoitaban as lecturas haxiográficas que os «recontadores» recitaban tamén polos camiños as corrobilas⁸³ dos romeiros. Trobadores e xograis animaban as rúas e as prazas. As mesmas compañías dos peregrinos camiñaban cantando e contando.

⁸⁰ Busca.

⁸¹ Folgazáns.

⁸² Comedores familiares.

⁸³ Coplas Festivas, comparsas.

Anovar

Os «jacobipetas» retornan agora á «via francíxena». Fálase de «rehabilitala». Xeira árdiga porque a máis das grandes roitas que veñen do Nacente e da que sube de Portugal, son moitísimas as derivacións, as venelas⁸⁴, os atallos e sendeiros. Asemade hai moitos que non poden xa recuperarse, cubertos polas modernas estradas ou perdidos polo medro das cidades e a construción dos encoros. Mais... restaura-la «primeira vía cultural de Europa» non é só axeitar e asinalar canto perdura, é tamén manter vizosos os froitos desa grande corrente, cos seus moimentos e cas testemuñas documentais poñendo na man das xentes os textos literarios.

De Daux a López Ferreiro até nós tense escudriñado moito, editáronse novos libros maxistrais, fundáronse moitos centros de investigación... Hai anos non podería maxinarse un acontecemento coma a mostra, exemplar, e o Congreso sobre o Pórtico da Gloria. Mais, namentras a Catedral de Compostela non estea plenamente estudiada e excavada, polo menos coma o que resta de Cluny; namentras estea en ruínas a Peregrina de Sahagún, e tantas construcións evocadoras non sexan rescatadas para albergues dos novos camiñantes... non poderemos darnos por satisfeitos.

Polo demais, o rexurdir do camiño de Santiago non pode ser un falso montaxe pintoresco, senón unha faceta máis, e trascendente, do cultivo do espírito.

En *El País*, 29- IV-1989.

(Reproducido en *VI-Adral* (1990), pp. 67-70).

Das lampreas de Padrón e Arbo

Neste choqueiro inverno-verán que gozamos e padecemos, xa nin a lamprea se libra da estragueira, e mesmo o cuco vai querer saír do cubil antes de tempo, que tamén terá os ventos cambiados. E pode retrucarse o dito dos vellos «no abril para min; no maio para o amo; no San Xoán para o criado». Con todo, os bos larpeiros non deixarán de ir ás feiras de Padrón

⁸⁴ Calellas.

e de Arbo, para enxuciaren na retesía⁸⁵ das lampreeiras, desouvindo a sentencia de non comer lamprea «que é mala e ten a boca fea».

O dictado remanece do psiquismo escuro que olla «o peixe dos sete buratos» coma unha «cobra» e aponlle o receo que, de sempre, en tódolos pobos, espertou a serpe e que dou azo ás súas valoracións simbólicas. Aínda así, poucos son os larpeiros que se negan a gorentala, sobre todo se encobre a súa noxenta fasquía na «fermosa cobertura» da empanada.

Venlle o nome latino de «naupreda», con dubidosa orixe. Na evolución da verba tivo infruxo unha etimoloxía popular «lambepedras». A forma castelá debera ser «lampreda», mantendo a «d» intervocálica. A caída é un galicianismo; xusto tributo á fama das «lampreas» galegas.

Dise de cote que os romanos gustaban dos viños de Amandi e das lampreas do Miño. O certo é que preferían o ouro galego. Pero o reconto dos peixes e da caza que se levaban para as primeiras mesas dos patricios anda no epigrama que adica Marcial ó seu compatriota Materno, «oráculo do Foro», o único escritor clásico nado en Galicia. Seca, en conserva ou como ingrediente do «garum»⁸⁶, a lamprea era un manxar escolleito.

Podemos saber da preferencia pola lamprea no medievo na comparanza do custo co de outros peixes e carnes, á vista dos aranceis do ano 1133, dictados polos coengos, xuíces e homes bos de Compostela, coa licencia de El-Rei Don Afonso e do Arcebispo Gelmírez. Viría, sobre todo, dos «canaes» do Ullán ou das pesqueiras das marxes do Miño onde tiña concesións Doña Teresa de Portugal. Cada peza vendíase a tres diñeiros. Por un podían mercarse cinco besugos, unha robaliza ou unha langosta. A lamprea valía o mesmo ca un bo cabuxiño coa súa pel. A ordenanza prohibía toda revenda. No 1241 contábase que ninguén recibise lampreas, salmóns, nen outros peixes para vender, na súa casa, baixo pena de desterro por un ano.

Nin nos Cancioneiros, nin nas Cantigas de Santa María fálase dela, pero no «Libro de Buen Amor», dáselle o posto sobranceiro: «la noble lamprea».

⁸⁵ Disputa, porfía.

⁸⁶ Salsa de pescado que os romanos tiñan por afrodisíaco. Salmuera. O termo aparece con algunha frecuencia en Álvaro Cunqueiro.

Temos, entrosques, unha refenda haxiográfica, na vida do suposto Abade de Mondariz, San Victorio, recollida por Lobaríñas nas súas historias de santos galegos.

Ruperto de Nola, no seu «Libro de Guisados», do 1525, pon só unha receita, a da empanada, anque podan valer as doutros peixes. Anos despois Moutiño recollía trinta. O «Picadillo» trai cinco fórmulas; outros libros recentes chegan a unha ducia, entre eles, a sorprendente da «lamprea rechea».

De Dumas acá, a lamprea galega ten, como agora se di, «boa imaxe» no exterior. Dicía Cunqueiro que somos «lampreeiros» e «pulpeiros». Se queredes saber das perfeccións fisiolóxicas deste primitivo «vertebrado fósil» e do seu prodixioso sistema fotorreceptor, lede a Xosé Estévez⁸⁷. Podedes atopar un certo ensaio sobre a pesca no Miño en la «Señora Lamprea», de Eliseo Alonso⁸⁸.

En *La Voz de Galicia*, 19-III-1989.
(Reproducido en *VI-Adral* (1990), pp. 190-191).

O milagre dos freixós

Este é o conto da muller que fixo freixós ca fariña furtada. Non é de agora; tínase por recente fai uns setecentos anos, cando no seu galego, tan feito e dereito, decía Alfonso X nas «Cantigas»: «sabede do milagre que non é moi ancião».

O caso pasou cuns romeiros que ían a Rocamadour, que é na Dordoña, nun estraio paisaxe, alí onde foi pendurada a Durandal de Roldán. Eles foron pousar nun burgo, e a hósbeda, que «era mãã de cabo são», vendéulles moitas

⁸⁷ Xosé Estévez Rodríguez (Quiroga, Lugo, 1943). Historiador. Diplomado en Estudos Eclesiásticos polo Seminario Maior Diocesano de Lugo. Licenciado en Filosofía e Letras pola Universidade Complutense de Madrid. Doutor en Historia pola Universidade de Deusto, da que foi profesor. Publicou estudos históricos referidos a Galicia (escribiu sobre Manuel Murguía, Castelao ou Manuel María) e ao País Vasco, en galego ou castelán.

⁸⁸ A referencia de Filgueira Valverde xustifícase polo libro de Eliseo Alonso, *Pescadores del río Miño*, (1989), onde se fala da lamprea.

cousas, anque, como homes avisados levaban os seus bastimentos, antre eles moi boa fariña. E fixeron «feixoos», «e un deles meteu í bon queixo recente, ca est era en veráo». A pousadeira crecéulle a cobiza de facelos tamén pra ela, rouboulles a fariña, que sería munda⁸⁹, e «fillouse» a fritilos. «Mais o demo a torvóu; «que quis ende probar un, mais non lie saíu en váo» porque ca aguza de catalo, ao meter o coitelo na boca, chantouno nas cachas que lle pasou as queixadas máis dun palmo e non había quen dalí o tirase, anque acudiron moitos médicos («mexes» dí a «cantiga») que serían do melloriño de Montpellier, e non lla sacaban «nen por arte nen por sen». Foise chorando, dediante do altar da Virxen «e tiróulle un preste o cuitelo, ca non xa un celorxiao⁹⁰». E todos deron gracias a Madre de Nostro Señor».

A cantiga forma parte dos relatos e das admonicións contra os albergueiros que noxan aos peregrinos. Lembrade os «Sermóns do Papa Calixto» sobre os de Compostela, e a outra cantiga alfonsí, onde, no burgo mesmo de Rocamador, son roubados uns romeiros. Eles eran nove, mercaron carne, pan e viño pra o seu xantar, e fixeron nove postas ca carne. Cando foron comer faltaba unha posta. Queixosos, revolveron toda a pousada, percurando onde a tiña acobillada a serventa. A tallada, que era de moi boa lei, púxose, de seu, a decrarar o paradeiro, brincando «dacá pra alá» e petando na arca onde a criada a entoupara. E os nove romeiros, cando tal viron, saíron á rúa a chamar pola xente, pra que mirasen a bailada da posta de carne. E logo collérona e foron pendurala dunha corda de seda, diante do altar de Nosa Señora.

Tornando á dona que roubara a fariña, eu coidaba que aqueles «feixós» serían «filloas», das que falei, fai agora un ano. E das de queixo, pra variar. E non eran. Eran «froitos de sartén», como «buñuelos». E «feixoo», que é como di Alfonso X, responde a «fritido». Mírese ben na miniatura da cantiga, (no códice toledán do Escorial, T, I, 1) que é unha das máis belidas representacións pictóricas da cociña no medievo. De certo son «buñuelos». A verba ten, que eu sepa, forma galega equivalente ao «bunyol» catalán, anque sí xenia vella, ao mellor prerromán. En castelán ven nos «Castigos e documentos» de El-Rei Don Sancho e, como «bruñol», no poema de Alfonso XI. Un diría que viña de «bullire», como «bulla» e «bullón». Non pensa así Corominas.

⁸⁹ Moída.

⁹⁰ Cirurxián.

Deixando as etimoloxías, o que está certo é que os romeiros facían «freixós» e non «de vento» senón «de queixo». Se vos medra a cobiza de probalos, non deixedes de lembrar á Virxe de Rocamador e aos seus romeiros. Por certo, que ten un santuario na nosa terra, na freguesía de Vitoriz, a carón do camiño de Compostela, en termos de Melide.

E, pra remate, retraerei que calquer manxar é máis sabroso se deitamos nel unha pingota de lembranzas, da vida ou do arte. Unha pasta de te préstalle mellor a aqueles aos que «lles sabe a Proust»; como o churrasco ao que cabalgou na Pampa; a «bouillebaise» a quen viviu a «rive gauche», ou unhas boas filloas, cando falan da «troménie»⁹¹ de Locronan. Neste meu «adral» de hoxe eu quixen botarlle aos «freixós de queixo» unha migalliña dese medievo, xentil e milagreiro, das «Cantigas».

«Faro de Vigo», 12-II-1978

Do «polbo»

Algúns admirados amigos escollen a verba «*polbo*» («*pulpo*») como exemplo do suposto e rente hiperenxebrismo dunha «Normativa» que outros rexeitan por ser castelanista de máis. Pero o certo é que esa palabra é vulgar e de uso xeneralizado deica fai pouco. A substitución por «pulpo», contrasta coa perduranza de «*polbeiro*», tanto para o pescador como para a dorna «*polbeira*» e da toponimia: «*Punta Polbeira*». Un pescantín razoábaa hai días: É que o de «*polbo*», a xente tomábao de pava por aquilo de «botar un polbo», aludindo a unha frase erótica que, por certo, vén no Dicionario da Academia Española, anque con «v».

«*Polbo*» consta en documentos medievais. Foi comentado por Sarmiento reiteradamente, nos textos editados por Pensado: «Polbo, pulbo. Llámase polbo al pulpo. Vile y comile» («Catálogo de voces y frases»), e con comento etimolóxico: «Pólvo. Pronunciando la ô del circunflejo con la boca muy cerrada, para distinguirla de *polvo* por *pulvis*. Del latín tomado del griego, *polypus*; se formó perdiendo la «y» y mudando la «p»

⁹¹ Procesión.

en «B», «polbus» y el gallego «polbo»; y el castellano conservó la «p» y mudó la «o» en «B» y dijo «pulpus» y «pulpo». Los médicos españoles y otros conservan entera la voz *polypo* para designar una especie de «cirro» que imita al marisco *pulpo* y que es bien conocido» («Colección de voces y frases gallegas»).

Cuveiro Piñol (1876) engade a razón da etimoloxía: «porque tiene ocho patas o brazos con bocas con que se agarra a las piedras y con las que anda, nada y lleva a la boca central lo que ha de comer; tiene en la espalda una especie de canal por donde arroja el agua».

Do mesmo modo está glosado por García de Diego na súa «Gramática Histórica» como Menéndez Pidal na «Española». Vén ademais nos léxicos recollidos por Valladares, o Seminario de Estudos, Carré, as «Irmandades», Rodríguez González... As comparanzas cos outros idiomas románicos poden verse no Corominas.

Sería inxusto falar da palabra e non louva-lo manxar, preferido dende a antigüidade, exportado dende Galicia ó fondo do Mediterráneo e mesmo a América.

Preguntoume hai días un amigo de O Carballiño, por qué sendo o «pulpo á feira» xantar de tódalas festas ten na súa terra interior unha meirande acollida, mesmo como cousa peculiar. Respondílle que a razón está no avencellamento de Marín e o porto de Ancorados co seu couto e pesquerías a Oseira, por seren bens do cabaleiro fundador do cenobio, Diego Arias, dominio recoñecido por Afonso VII no ano de 1151. Dende entón tivo aquí o Mosteiro –como os outros señoríos– unha farta fonte de ingresos. Dos cobros «en especie» de dezmos e rendas viría o consumo siareiro do polbo, por vendas nos mercados, na exportación, seco, que se facía de moi antigo e emprego nas cociñas dos prioratos, moi especialmente, nas terras de Cea, do Ribeiro e da garrida vila que agora o celebra nunha festa anual.

En *Faro de Vigo*, 1-IX-1993.
(Reproducido en *Adral*, IX (1995), pp. 95-96).

Para unha estética da lingua

Coa súa nova *Estilística da Lingua Portuguesa*, Rodríguez Lapa soubo prender unha fulxente apoloxía en honra do máis frondoso e dilatado gromo do dobre tronco idiomático, que arrincou un día do noso lírico e *gensor*⁹² Fisterre galego. Por vez primeira atoparedes alí, á marxe de todo estéril gramaticalismo, unha visión, a un tempo nítida e minuciosa do espírito do portugués. Moitas páxinas teñen idéntico valor para a fala dun e doutro lado do Miño: na súa maioría, os textos aducidos, sobre todo os de linguaxe oral ou afectiva, serven indistintamente para ámbalas linguas. Por exemplo, no que di á expresión verbal. Neste aspecto, quixeramos salientar que, por primeira vez co libro de Rodríguez Lapa, entra no campo do espallamento unha das máis atractivas experiencias estéticas que se verificaron sobre o galaico-portugués: a reacción de Valéry Larbaud⁹³ no seu primeiro contacto coa nosa vella lingua, recollida como *Divertimento filolóxico*, pero fundamental, pola calidade do testemuño e pola agudeza, a *immediatez* e o encanto das observacións que ofrece.

Sabido é que o autor das *Enfantines*, excelente catador de palabras, formulou a súa impresión estética sobre unhas trinta voces portuguesas, tan frecuentes como características do ser dunha lingua. Non sendo catro, tódalas que impresionaron gramaticalmente a Valéry son comúns ás dúas ramas e de máximo arraigamento e tradición literaria na nosa:

Só, rapariga, raíña, menina, beiramar, saudade, namorar, namoro, doente, doença, voo, dor, coor, carballo, orballo, cotovía, imenso, de vagar, meigo, brinco e brincadeira.

Faltan, é certo, algunhas das que máis poéticas considerámo-los galegos, pero tódalas incluídas pertencen ó noso acervo lírico, e algunhas

⁹² Provenzalismo. Xentil, delicado.

⁹³ Valéry Larbaud (Vichy, 1881-1957). Escritor francés, poeta, novelista, ensaísta, tradutor. Cultivou un notable cosmopolitismo cultural e mostrou ao longo da súa obra escrita un elevado lirismo sensualista. Entre os seus libros de contos anotamos *Enfantines* (1918) e *Amants, heureux amants* (1923). Cómpre salientar así mesmo a súa novela *Fermina Márquez*. Tentou interpretar a alma moderna, dividida entre o nihilismo e o tedio; visión que inspira *Journal de A.O. de Barnabooth* (1931).

foron adoptadas, con afección extremada, non só polos poetas en lingua vernácula, senón por escritores Casteláns nados e formados en Galicia.

Dúas destas voces forman parte do grupo, tan reducido coma revelador, das expresións de *soidade* que C. Michaëlis e Vossler, P. Castro e Cabanillas, Nóvoa Santos e Javier Andrade⁹⁴, enfocaron desde os seus diversos aspectos literarios ou patolóxicos.

«*Só*», que, na súa *desesperada concisión*, expresa o máximo do abandono, co sufixo «-*zinho*» descubre, *unha actitude do espírito dobrado sobre si propio na soidade*, actitude que, coma a propia forma que a expresa, creo pertence exclusivamente ó lusitano e non ó galego; «*saudade*», en cambio, é coma «*só*», unha voz na que uns e outros expresamos un mesmo sentimento, case exclusivamente noso. Creio que somos moitos os galegos que compartímo-la *parafantasía* de Larbaud; coma a el, a palabra «*saudade*» preséntasenos á maneira dunha celaxe de brétema, entre dúas distantes zonas luminosas.

En «*rapariga*» atopa unha forte superioridade sobre as súas compañeiras doutras linguas románicas; produce, coma elas, unha impresión leda, cinética e resoante, pero que fai máis ruído que calquera, mesmo «*rapaza*», «*ragazza*» ou «*muchacha*».

«*Raíña*» ten, en sonoridade ou grafismo, algo exótico, asiático quizáis, mentres que en «*menina*» hai un aire antigo de fidalguía.

Finalmente, para satisfacción de Cotarelo, que a escolleu como título dunha intensa produción dramática, e de Sánchez Cantón, que a gravou á entrada da súa casa de Lourizán, fronte a unha paisaxe de marabilla. «*Beira-mar*» é para Larbaud a perla moura do noso léxico, unha das palabras máis fermosas que coñeceu: *vasta, sonora, grandiosa, oceánica*.

As catro voces exclusivamente lusitanas que agradaron a Valéry son: «*garota*», «*janota*», «*ficar*» e «*poupar*»; «*boneca*» pareceulle inferior a

⁹⁴ Foi membro do Comité de Cooperación Intelectual de Pontevedra, da época da República, xunto con Luciano del Río ou Evaristo Mosquera. No percorrido polas interpretacións da saudade, Fernández del Riego menciona a Javier Andrade, que entende o fenómeno como “a melanconía producida pola paisaxe ensombrizada, a sede de luz”.

«bárbola» e «medoño» impresionouno repulsivamente, como palabra infame, nauseabunda.

Creo que os escritores galegos poderíamos contribuír ó estudio estilístico da nosa lingua entreténdonos en formula-la lista das palabras que cada un xulga como máis fermosas, expresivas ou reveladoras. ¿Quería *La Noche* acoller e estimular unha información desta índole? Espero que sería grata e proveitosa e ata podería motivar un aditamento a esa *Estilística* de Rodríguez Lapa, que, por fortuna, contará con numerosísimas reedicións.

En *La Noche*, 11 de marzo de 1947.
(Reproducido en *VII-Adral*, (1992), pp. 11-12).

Galicia, esta cidade

Non sei quen foi o primeiro en dicir que Galicia é unha cidade ou o que acuñou o lema «Galicia, capital, Galicia». Antonio Palacios e Castelao glosáronna cedo. Responde a un tema prantexado, con teimosía, nos anos vinte. En contraste con Cataluña, a nosa comunidade non tiña unha metrópoli integradora, con forza económica e anxeios culturais, a un tempo garantes da identidade e abertos ó universalismo. Esta careza, reparada polos prestixios de Compostela e polo auxe prometedor da Coruña e de Vigo, inza nas «utopías» dos que daquela anovaban o ensaio e o periodismo galego. A proposta de un dos políticos e financeiros de meirande creto fora a de que a nosa grande urbe tiña que ser Oporto. Non é mester maxinar cáles foron as respostas. Pola miña parte afinqueime no lema Galicia, capital Buenos Aires, xusto demográficamente, cando tiñamos aló medio millón de galegos e cando a emigración era devanceira na galeguidade.

Castelao trazou un xurdio painel de Galicia como una estrutura rural, cristalizada nas parroquias como células primarias do agro, motivo fondo de diferenciación, base da constitución social e mesmo fonte do noso lirismo. Ramón Cabanillas condensou en barudos versos a oposición entre a Galicia rural e as vilas, tema conductor de tantas narracións e pezas dramáticas. Unha Galicia espaxada, sen urbe absorbente.

Foi tamén este tema da unidade cívica de Galicia un dos preferidos por Sánchez Cantón. Desenvolveuno nos apuntes para a conferencia do «Centro Autonomista» de Vigo no 1931 e na «Carta Entreaberta de Valentín Paz Andrade» que botou ó correo o 16 de xullo do 1936 e que chegou ás miñas mans rematada a guerra. Publícase agora cos seus «Escritos en Galego».

«Eu non vexo –dicía–, non podo ver a Galicia, dende o outeiro da Arte máis que coma una cidade espallada», «Galicia, una vila e os galegos, seus «cives»; sempre a traballar, e nosos problemas desfaríanse como a brétema ó sol». «A fórmula de Castelao, irta de humor, non está valeira de fonda verdade. Dinos, con craridá de auga limpa, que en Galicia non se ha facer cousa para esta vila ou para aquela outra, senón para «nosa Terra».

De certo, engadiríamos nós, pode ser vizoso, en ben de todos, o contenciar⁹⁵ das comunidades sociais por seren sobranceiras, máis que nada, nos bens do espírito. Mais sempre que a tirapuxa non merme os froitos. Tódolos galegos teñen que sentirse honrados polos logros que se acaden, en calquer lugar da nosa Terra. E os medios de comunicación que nos achegan, cada vez máis, permítennos o goce que se faga fora dos lindeiros de cada vila que xa vai sendo un arrabaldo das outras. Non perdamos en cativas liortas o ben da unidade «cívica» de Galicia.

(Reproducido en *VII-Adral* (1992), pp. 213-214).

Verbas para un congreso de planificación lingüística

Verbas de saúdo e de gratitude, as miñas, en nome do Consello da Cultura Galega. Para ben do poder da «palabra», axuntástevos a encarar un problema de certo universal: o da praxe planificadora nas linguas en contacto, que aquí o Prof. Alonso Montero denominou «dilingüismo», é dicir, nada menos que para avesulla-las relacións da fala coa circunstancia social; da posición, en tantos pobos; da manifestación lingüística ante ese complexo de situacións que se conforman nos estamentos e nas súas

⁹⁵ Contender, enfrentarse.

interrelacións; nas ideoloxías guieiras; e ás normas que encamiñan ó ensalzamento, á defensa, á unidade, á perduración das linguas minoritarias, e tamén á análise das oposicións exercidas polos poderes centralizadores, pola autoxenofobia, a señoril fuxida do falar dos pobres, a fascinación da expresión superior... Toda unha mesta fraga de contrapostos onde medra aquela árbore que maxinaba [Vicente Wenceslao] Querol, hai cen anos, coma símbolo do idioma minoritario, que contén a expresión desiderativa da pervivencia e o senso da renovada vitalidade. «Non morrerás», dicían os nosos poetas fronte ó conformismo dos burócratas, e Curros Enríquez chegaba a combatelos supoñendo, hiperbólicamente, nun divertimento poético, que, se algún día chegase a unificación das falas, a nosa, «Cristo das linguas», «idioma compendio de idiomas», «¿qué outro senón? Será o galego»... nada menos que a lingua universal.

De feito é ben merecente, se non de acada-los delirios do poeta, de perdurar, porque o noso pobo viviu os meirandes avatares da presenza de linguas en contacto e superou unha crise de catro séculos escuros aliterarios cun vizoso rexurdir.

A lingua de Roma inzou aquí, de cheo, e recolleu na fragmentación os influxos dos falares precedentes fóra da presenza do árabe. Perdurou o uso do latín como lingua documental mesmo ata a oficialidade do castelán, nos tempos de Afonso X, e mantívose nos medios universitarios ata mediados do século pasado, e na liturxia ata o Concilio Vaticano II. É unha situación trilingüe con dous idiomas superiores. A oficialidade do castelán, consecuente á anexión dos Reinos de León e Castela, chega cando está no seu apoxeo a escola lírica e narrativa, da que temos tan fermosos froitos nos «Cancioneiros» e no marioloxio afonsí. O rexurdir iníciase cos ilustrados do XVIII, arraiga no romanticismo, atopa a súa voz poética en Rosalía, «ánima galaica», e medra, a contrafío, ata a actual oficialidade e normativización.

Vindes, pois, a dar testemuño de cómo perdurou no pobo, e puido rexurdir nas letras, no ensino, na administración, na Igrexa.

Outro motivo pode ser atraínte para vós: axuntádesvos en Compostela que é, na «grande e xeral historia», símbolo de ecuménica convivencia das falas propias e alleas. Cífrase na enumeración das nacións no «Liber Beati

Iacobi», coma no concerto politonal dos instrumentos musicais, perennizados asemade, no Pórtico de Mateo. Lemos no «Calixtino»: «Aquí pode escoitarse a variedade de linguas, voces diversas, en idiomas bárbaros, conversas e cantigas en teutón, anglo, grego, e nos idiomas doutras tribos e xentes, de tódolos climas do mundo. Non hai palabras na linguaxe na que non resoen as súas voces». Aínda no século XVIII escribíase na «Academia Compostelana»: «...la muchedumbre de personas y la variedad de lenguas, así de peregrinos como de naturales, pues aun las Aves Marías, el extranjero que comenzaba una en italiano solía acabarla en latín y el natural que la principiaba en gallego solía acabarla en castellano». Os confesionarios dos «linguaxeiros» amosan aínda a atención á diversidade.

A esta dupla motivación histórica de atraemento axúntase o prestixio da nova escola filolóxica compostelana, co labor do «Instituto da Lingua Galega», a revista «Verba», o «Atlas Lingüístico» e valiosas publicacións; as da «Real Academia» e as editoriais; a Facultade, con mestres como Constantino García, Ramón Lorenzo e Antón Santamarina; o esforzo oficial da «Xunta de Galicia» e dos organismos das Consellerías de Educación e de Cultura que están levando a cabo un circio traballo de normalización e de espallamento.

Á par do intercambio froitoso de nocións, de criterios, de técnicas e do engarzamento de novas e valedeitas amizades, quixeramos, sobre todo para cantos chegades de alleas e mesmo afastadas terras, que fose gratificante para vós a presenza desta nosa Galicia, «matria» acolledora, e que ela vos acompañe xa para sempre, nese recanto do espírito, onde florecen sen se murchar as máis ledas lembranzas.

En Compostela, 25-IX-1991.
(Reproducido en *VIII-Adral* (1994), pp. 11-13).

*Otero Pedrayo, poeta*⁹⁶

Din que, cando morre un grande escritor, despois do pasamento, é moito o que dél se fala, e que axiña veñen uns anos de careza, en que somella amingoar a súa sona, para logo agromar de novo. Exemplos ben recentes, perto e lonxe, poden asinalalo. Nembargantes, os persoeiros da xeración «Nós» siguen medrando en vixencia e as xentes descubren, a cotío, neles, novos valores. Fálase do «total» Castelao do pensamento de Risco; cántase con Cabanillas e «decóbreanse» as novelas e máis o teatro de Otero Pedrayo. Eu quixera, nestes días en que o conmemoramos, falar da súa poesía.

En vida de Don Ramón decían algúns, e non como alaudos, que era un historiador poeta, un xeógrafo poeta, un catedrático poeta... Hoxe os mesmos que tencioban deste xeito rebaixar, no que podían, o seu merecemento, conveñen en que era esta calidade a que prestaba meirande engado á súa persoa. Porque canto él tocaba, quedaba transmutado liricamente. E sabía exercer este don o mesmo diante dunha catedral que ao ollar un piorno; pra gabar a gracia dun Boticelli ou un verso do Petrarca, unha lambetada, o labio dunha cunca do ribeiro ou o dito churruqueiro dunha velliña. Era unha fontenla gurgullante, nunca enxoita, que pra cada intre tiña o seu cantar. Os amigos sabíamos ben que calisquer acaecemento familiar, fose a nacemento dun fillo, un casamento, ou unha data lembradoira, podía facernos chegar unha longa epístola, latina ou galega, do señor de Trasalba. Era tan dado a verter sobre as cousas e os feitos a «fermosa cobertura», escandida con «cuento, peso y medidas», que poderíamos decir dél, cunha minguiña de pedantería, o que se decía do Ovidio das mocedades, nas que, «sponte sua, carmen numerus veniebat ad aptos, et quod tentabam scribere versus erat».

⁹⁶ Outros artigos de Filgueira: “Autopoética (de Otero Pedrayo), 1936”, en *Outeiro*, n.º 28, Santiago (marzo, 1988), pp. 40 e 49-50; “Don Ramón en mi recuerdo”, en *Revista del Instituto Cornide de Estudios Coruñeses*, n.º 4, (1970); “Espectros, de Otero Pedrayo”, en *La Voz de Galicia*, (19-V-1988); “Otero Pedrayo: entendedor de compostela”, en *Faro de Vigo*, (24-IV-1976), “Os pseudónimos de Otero Pedrayo”, en *Faro de Vigo* (29-VIII-1976); “Otero Pedrayo e o mapa de Fontán”, (8-V-1988), no mesmo xornal; “Seis inéditos de Otero Pedrayo”, en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, fasc. XCIII, Santiago, (1980), p. 924; “Teatro de máscaras de Otero Pedrayo”, en *Cadernos do Espectáculo*, n.º 3, (1981).

Pubricóu poucos poemas en verso, pro a súa pruma era tan axil que podía escribir un cento de endecasílabos, de corrido, e sin unha soia tachadura. Un home desbordante, como era, gostaba de pechar o pensamento na gaiola preceptística do soneto: á revista portuguesa que lle pedira «un», mandóulle «un feixe». Cando se fala agora da publicación dun libro cos seus poemas, prantéxase o inquérito de qué é poesía e qué é prosa en Don Ramón. Tal que acaece no seu grande homónimo arousán.

Ben sabido é que o tema das fronteiras da poesía é moi árdigo⁹⁷. Dende o Seminario Whitehall-Hill⁹⁸ e os ensaios de Jakobson, soemos aceptar que se trata dun problema xerárquico. A función poética pode estar subordinada a outras funcións ou presentarse como dominante. Nun «Parladoiro», na «Pelerinaxe», en «Arredor de sí», subordínase, anque non sempre. En «Bocarribeira» é protagonista da mensaxe. Do mesmo xeito que Hocket xogóu a trocar en prosa versos de Rubén Darío; en Otero poderíamos dar grafismo ou entoación versificatoria a moitas páxinas de prosa.

Por outra parte, a súa gama é moi aberta: o mesmo tecía unha epístola crasicista que fiaba tríadas «hilozoísticas», ao gosto dos mozos ourensáns dos días do futurismo. Camiñaba dende o romántico ao parnaso pondalián, e a «O galo», pasando por Teixeira de Pascoães. Espremindo en cinco verbas as súas preferencias, escribeume un día: «Fala da veiramar e dos esteiros. Pondal. Amado».

Otero Pedrayo, todo un poeta, é un poeta en todo. O soneto de gratitude á homaxe do ano 1962, péchase cun trazo definitorio da súa xeira: «Galicia trasposta en poesía».

En *Faro de Vigo*, 2-V-1979.

(Reproducido en *Segundo Adral* (1981), pp. 426-428).

⁹⁷ Árido, seco, estéril.

⁹⁸ Seminario de Lingüística que leva os nomes de H. Whitehall e A. Hill.

Mariñeiros de Castelao

Este «Apostolado» de mariñeiros de Rianxo que tedes diante non é somentes una mostra sobranceira do seu arte; é una proba de amor. Sentir, sentíu sempre coa xentiña do pobo, pero era máis achegado á do mar. Tiña para ela un agarimo familiar. Sempre que falaba da vila alcendíanselle as verbas na lembranza dos cativos dos peiráns, dos pescadores, das súas casiñas, dos barcos e das xeiras, dos ditos rexoubeiros e das horas tráxicas. Era sempre una volta ós anos de neno.

No camiño de ennoblecimento do trato artístico do pobo están as súas mellores «estampas» de figuras: «O cego», o vello mariñeiro que toma o sol, «O xefe da danza de espadas», os nenos que conversan...

Veredes nas «Cousas» ó «Rifante», toda a confianza no mar e a fachenda na terra. Saberedes de cómo, por un medo inane, casaron Ramón e Micaela. Da siñá Sinforosa que sofrira con tódalas desfeitas do mar na travesía da banda de acá á banda de aló. Dos vellos máis vellos da vila, que tiñan sempre un barco e un aparello para enredar. Dos cantares dos mariñeiros nos portos lonxanos do norte, o que falaba francés e o que falaba inglés, e os dous eran galegos. Daquel mozo, Ramón, que morreu afogado, e o mar devolveu o corpo á terra. Adeprenderede-los segredos da Cova dos Carcamáns. Atoparedes nos «Retrincos» a «Peito de Lobo», retratado no cabezudo, que primeiro se alporizou pola rexouba e rematou logo coidándose «inmortalizado» na caricatura. E a lizgaira «Sabela» do «Meu bailador». «Os dous de sempre» ten o recendo da viliña natal en moitas das súas páxinas: lémbrese «A despedida».

Cos mariñeiros, Castelao doeuse da fuxida da sardiña e do troque da economía comunitaria tradicional pola industrialización que os mudaba en obreiros a xornal dos patróns.

Entre tantos fermosos dibuxos de mariñeiros, o do abó co rapaciño no colo leva este «pe»: «As sardiñas voltarían se os gobernos quixesen». Nas «Cousas da vida», da siareira colaboura na prensa remanece, en todo un «ciclo», esta dor da súa xente: «¿Qué me importa que non volvan os caciques se tampouco volven as sardiñas?» Dous peixeiros, falando, comentan: «—O peixe acábase todo—. Pro mentras dure fanse moitos ricos». E outros dous:

«—¿Que a terra debía ser de todos? Xa ves, o mar era de todos e quedou sen sardiñas». Di o fabricante: «Non hai sardiña porque emigra», e retruca o mariñeiro: «—Emigraría... en latas de conservas». Cavila un vello: «No meu tempo comíamos sardiña; agora pescámola, nada máis». «Do mar non facían caso. Pensarían que se facían as sardiñas nas fábricas». Outra conversa entre labrego e mariñeiro: «—Eu poño as patacas, ti pós os peixes, e xa vivimos».

E cando chegou a careza ós fogares e se murchaba a ledicia das festas do seu Rianxo, facíalle decir a un rapaz falando coa moza: «—A fame mete máis medo que o mar». E tamén : «—Din que non hai rías máis bonitas. Pero xa non teñen peixe».

Outras «cousas da vida» refírense ós pescados: «...non dependen nunca. Son coma os homes». «—Emplear dinamita contra os peixes, que son tan inocentes... ¡Iso non é de homes!», «—Nós, os mariñeiros, non enganamos a ninguén. —E logo, ¿non enganades aos peixes?».

Sabía moi ben que, para arranxa-las desfeitas da pesca, era mester axunta-la sabencia dos homes baqueados no mar e o traballo dos investigadores. Pasado medio século longo, somella de agora a sentencia do petrucio a carón do esquelete dunha vella gamela.

—«Non hai homes de cencia e ós de experiencia non nos fan caso».

En Barcelona, a fins do ano 1937, Castelao adensou o seu pensamento sobre os tesouros do mar e os traballos dos pescadores nunhas verbas tan belidas coma fondas. Escomenzaba deste xeito:

«O peixe é un dos símbolos de Cristo.

O peixe é a prata do mar feita carne.

Cada peixe ten a sustancia do seu mar. O peixe do Mediterráneo sabe a carne civilizada e xa decadente. O peixe do Atlántico —un mar terriblemente salvaxe— sabe a sal de vida libre.

O peixe galego trai nas frebas da carne as mellores esenciais do Océano [...].

A pesca era un traballo nobre e xeneroso. Por algo Xesús de Nazaret escolleu para os seus apóstoles a doce mariñeiros...»

E deste xeito, evocando o «apostolado» rianxeiro de Castelao, rematamos con verbas súas a evocación de tantas horas adicadas ós mariñeiros da vila que lle aprendeu a encher coa visión do noso mar «A Fiestra valdeira» dos que viven arredados dela.

«Festa da Guadalupe», Rianxo, 1986
(Reproducido en *Adral*, IV, (1987), pp. 9-19).

A nova versión da Biblia en galego

A edición da segunda versión integral da Escritura Sagra é un feito sobranceiro digno de comento. As traducións bíblicas son para as linguas coma unha «consagración», ben axeitado neste caso o emprego da verba. Porque, dicía Heine, «o seu falar semella un froito da Natureza, tal que unha árbore, unha flor, o mar, as estrelas, o home mesmo...».

A presenza medieval, escasa e significativa

O doctísimo Dr. Precado, que traballou no precedente traslado ó galego, lembraba, hai días, a «prehistoria» do feito. Podería iniciarse coa presenza constante de citas nos escritores da nosa latinidade cristiá e mesmo nas historias e nos documentos do medievo, que confirman a tese do Dr. Mario Martíns da existencia dunha perdida versión galego-portuguesa. Logo é ledó atopar, nun relato ou nunha cantiga galego-portuguesa, o esmalte dun versículo. E doémonos de que sexa tan curto. Poñamos por caso a inserción dun trecho do salmo cento catorce na refenda da Dormición de Nosa Señora adicional ós «Miragres de Santiago». (Véxase na edición de Pensado).

Namentres que a presenza na liturxia era ben doada, a versión íntegra foi en todas partes, con poucas excepcións, serodia, e as restricións foron medrando. Mesmo no segundo medievo, moito antes da Contrarreforma, nos pobos da nosa península, contentábanse coa «Vita Christ», uns «Autos dos Apóstolos» ou unha «Biblia Rimada» coma a que tiveron os cataláns. E, sobre todo, «Historias» compendiadas. Poidéramos considerar como o primeiro texto galego o compendio da «Crónica General» do tempo do derradeiro dos Reis nosos, Alfonso XI. Comprende dende a creación do

mundo á loita de Jacob co Anxo (32, 33). Foi editado polo lembrado mestre Martínez López.

E houbo unha primorosa Biblia xudea, miniada, da que fixo referencia Emilio González López.

Esa careza alongouse moito tempo. Abonda lembrar que a primeira Biblia en castelán é a «Dos Xudeus», ou de Ferrara, do 1533 (por certo que Ramón Martínez tiña un fermoso exemplar), e a segunda a de Cipriano de Valera, luterano. A primeira portuguesa foi feita no XVIII por Mattos Soares, un oratoriano converso ó presbiterianismo no XVIII. Do mesmo século é a ortodoxa de Scio.

O Príncipe Luciano Bonaparte promove o Evanxeo en galego

Por unha das siareiras paradoxas da nosa historia, a primeira versión dun dos Evanxeos á nosa fala fíxose por iniciativa dun mecenas moi alonxado da nosa Terra, o Príncipe de Canino Luciano Bonaparte (1813-1891), amigo das ciencias naturais e da filoloxía, que colleitou na súa rica biblioteca de Londres biblias e pregas nas máis diversas linguas. Alonso Montero ten anotado en sucesivos traballos, a orixe dende o 1858, e caracteres dese moimento primeirizo do Rexurdimento. O Príncipe, valéndose de amigos españois, escomenzou as xestións no 1859. Logrou varias versións: a de Vicente Turnes, que foi rexeitada, outra santiaguesa, tamén inédita, e a de Xosé Sánchez de Santamaría impresa en tirada limitadísima de 250 exemplares, en Londres, no 1861, un ano por diante do «Album de la Caridad» e dous dos «Cantares Gallegos». Fixo tamén colleita de versions da «Parábola do Filio Pródigo» (véxase a «Literatura Catalana» de Magín Pers, 1851).

No longo baldeiro que veu logo danse somentes, que saibamos, poemas de inspiración bíblica e paráfrases, do feitío das de Pérez Ballesteros, ou as de Antonio de Lorenzo (baixo oseudónimo de Amaro Chaín), como máis tarde os de Ramón Cabanillas...

O renovo recente

Nos anos vintes, Antonio Vilarelle e máis eu encetamos un misaliño e diversas versions, entre elas o Evanxeo de San Mateo, que somentes se

espallou mecanografiado. No 1949 «La Noche» principiou a dar anacos do «Novo Testamento». Na liturxia foi un grande adianto o pequeno «Misal Galego» de «Sept», 1968. No 1965, Vidal Torreira e Precado deran en «Grial» o «Cantar dos Cantares» e o «Apocalipsis». No mesmo ano sae a versión dos coengos da Colexiata de A Coruña Morente e Espina, das catro libros evanxélicos editada por «Sept», un traballo tamén moi coidado e tendo en conta publicacións recentes. O «Centro Galego» de Barcelona fai imprimir no 1968 as belidas versións dun poeta e xurista, Casado Nieto: «Libro de Job», «Eclesiastés», «Cantiga das Cantigas». Compre anotar tamén o «Libro dos Salmos» de I. Alonso Estravís, con boa Introdución e notas (Sep, 1967) e os «Salmos e Cánticos» de González Núñez (Galaxia, «SM», 1985). E no eido da eséxese, a «Introducción ao Xénese» de Chao Rego (1973).

A primeira edición íntegra da Biblia en Galego

Dos cinco volumes da Biblia iniciada pola «Editorial dos Bibliófilos Galegos», saíu por diante «O Novo Testamento», en versión directa do grego feita polo poeta, discípulo e biógrafo de Amor Ruibal, Avelino Gómez Ledo (1974). Costeou a publicación o inesquecible Álvaro Gil. En boa parte foi remitida ós Prelados das Diócesis de Galicia e ós centros de emigrados.

A edición, moi costosa, tivo continuidade gracias a outro xeneroso mecenario o da «Fundación Pedro Barrié de la Maza Conde de Fenosa», que fixo tamén unha profusa difusión gratuita. Débense eses outros catro tomos a Casado Nieto, con supervisión, introducción e notas do Dr. Xesús Precado Lafuente. Tamén eles dispuxeron un derradeiro volume, outro «Novo Testamento», aínda non impreso. Temos que pór de resalte o esforzo persoal de Casado Nieto, único tradutor. Fixo compatible o arduo traballo con outras laborías literarias e coas obrigas do posto de Fiscal na Audiencia Territorial de Barcelona, puxo na obra toda a súa finísima sensibilidade lírica e o seu coñecemento da fala. (Temos que recoñece-la valía e a necesidade das traducións eruditas, a súa fidelidade á palabra orixinal, a súa matización ideolóxica, mais, para nós, a verba vizosa do poeta, como Casado, dono da expresión musical e garrida. Das dúas facetas precisan a Biblia e a Fala).

Desta primeira versión imprintouse no 1975 o «Pentateuco»; no 1982 saíron os «Libros Históricos» e «Os Profetas», e no 1984 os «Libros Poéticos e Sapienciais».

Froito dun compenetrado equipo foi logo o gran «Misal Galego».

O achegamento ás Escrituras

Felicitémonos da nova versión. Un paso máis, o segundo, no longo camiño. Temos ben perto o que significa a sucesión: Torres Amat, Scio, «Monserrat», «Bover», Nácar-Colunga, «Jerusalem», Schökel-Mateos... É unha escada na que cada degrao⁹⁹ supón o adianto do precedente. Non poden desleixarse ós que fan unha tarefa tan labourenta. Cómpre de cote facer camiño con aqueles que o foron abrindo. E sempre restan agros por decruar. É moito o que facer nestas terras onde o «pensum¹⁰⁰» bíblico das xentes é tan cativo, con dano do espírito relixioso e de toda cultura. Poñamos unhas sinxelas mostras. Fóra entenden moitos o que quer dicir: «O Leste do Edén», «Contra el Ángel y la Noche», «Sóbolos ríos»... Aquí non. Pensen no asombro do conferenciante que cita «Mille anni ante oculos tuos...» e que escoita a un mocíño norteamericano repentizar «David, oitenta e nove, catro». E logo resulta que, ademais, era agnóstico, e que non pasara por ningún seminario nin colexio relixioso.

Lín en Nietzsche que «o mellor libro alemán é a Biblia». Coido que cantos labouran nas traducións e os que tivemo-la honra de promover algunha delas sabemos tamén que é o mellor libro, o «Libro dos Libros», en galego.

«Faro de Vigo», 19-XI-1989.

(Reproducido en *VI-Adral*, (1990) pp. 57-60).

Os camiños do «amor cortés»

No coloquio sobre a Filosofía e a Ciencia do Renacemento achegámonos ós vizosos soutos onde gorgullan as fontes do «fino amor».

⁹⁹ Chanzo.

¹⁰⁰ Tarefa diaria dos escolares redactada en latín.

Foi Gaston Paris¹⁰¹ quen, hai un século, percorreu, nunha «cansó» de Peire d'Alvernha, o termo «amour courtois». Por máis que se acuse á verba de galicismo, foi un acerto, pois o de «amor platónico» é mellor reservalo para tempos en que Platón era xa máis coñecido pola lectura das súas obras e non «en espello»; o que non quer dicir que fose ignorado nunha Idade Media que imos atopando máis seguidora da antigüidade clásica.

Galicia tivo moito que dicir do amor medieval nos precedentes do «neoplatonismo» de León Hebreo, Marsilio Ficino e dos humanistas do XVI. Sabianno ben os humanistas do círculo de Angelo Colocci, de Bembo, de Lucrecia Borgia... que fixeron copia-los «Cancioneiros» nos apógrafos, e os salvaron para nós.

E pode dicir moito porque a nosa lírica é orixinal non só no estilo «humilis», popularizante, inxenuo, da «cantiga de amigo» e nas rexoubas das «burlas», senón nesas «cantigas de amor» onde moitos non ven outra cousa que «artificiosismos» ó xeito trovadoresco occitánico, e onde a adopción de ideas e de formas vixentes fóra non foi nunca versión literal nin servil copia dos modelos. Os nosos cantores souberon facer súa a «modernidade». A propia expresión lingüística impuxo caracteres moi distintos dos que imperaban nos prototipos. Lapa soubo poñelo de resalte.

O tema enguiza¹⁰² á comparanza das dúas liñas: a que medra na chamada «forma inmóvil» e a que alician as cancións dos troveiros da doce Francia e os italianos que os seguen. Dunha banda, o protagonismo feminino, os diálogos que se poden representar, os temas da ausencia e do retorno do namorado, das nais amigas e mandadeiras, das doas, das romaxes, os bailados, da conversa coa Natureza... Da outra, os homes expresaron o amor innacesible, perfectivo, a contemplación, a «mesura», a servidume do «vasalo» á «señor», a doenza, o «morrer de amor», en xogo dialéctico de ficcións...

¹⁰¹ Gaston Paris (Marne, 1839-Cannes, 1903). Romanista e medievalista francés. Profesor do Collège de France e cofundador das revistas *Revue critique* (1866) e *Romania* (1872). Como especialista en literatura francesa medieval, fundamentou a teoría das cantilenas como orixe dos cantares de xesta. Entre os seus estudos salientamos *La littérature française au Moyen Âge* (1888), *La Poésie du Moyen Âge* (1885) e *François Villon* (1901).

¹⁰² Incita, move, induce.

Compre cavar no transfondo social das dúas liñas. O xogar, o segrel, e tamén os trovadores das «cantigas de amigo», renden tributo á idea de que o pobo das «cantigas de vilaios» vive un amor natural e fondo que o señorío pode envexar. E fan dicir ás namoradas o que eles quixeran que as mozas dixesen deles. O escenario non é o castelo, nen o pazo, senón o adro, a fonte, o monte, a ribeira... A xentiña miúda pode contenciar nese terreo cos finos amadores cortesáns.

O Cancioneiro «de Amor» ten asemade a súa xustificación no penzo¹⁰³ dos niveis sociais. O trovador nobre pode aspirar ó casamento coa dona que cortexa; mais o probe, o «vilao», o fidalguíño aldeán que a cantan teñen que se contentar con loubar e contemplar á muller. Élles permitido, sempre que non teña connotacións carnaís. Sosterán que o verdadeiro amor é o inasequible, o imposible, alonxado de todo vieiro nupcial. E Andrea Capellanus virá codificalo. Platón no lonxe, moi lonxe e... «en espello».

En *Faro de Vigo*, 20-XI-85.

(Reproducido en *V-Adral* (1989), pp. 26-27).

A revistiña «Adral», 1925

Os profesores Liñares e Villaverde, que moito se interesaron polas xeiras da xeración do «Seminario de Estudos Galegos», inquiren sobre o que foi a revistiña «Adral», da que, con seguranza, xa non terá ninguén a curta colección enteira. Facíase «ciclostilada» nunha sorte de «vietnamita» que nós mesmos dispuxeramos e a tirada sería dunha ducia de exemplares que andaban, de man en man, polos claustros da Universidade. Tiña un xorne de humor parodístico, sen acedume. Saíra por primeira vez o 26 de abril de 1925.

Na casa de Luis Tobío

O moito que temos traballado daquela no cabán¹⁰⁴ de Tobío, na casaíña do Patio de Madres, proba que, para o labor intelectual, non é mester moito

¹⁰³ Desigual, torcido, irregular.

¹⁰⁴ Habitación.

confort. Tiña unha pequena galería mirando a Belvís. Había unha mesiña, dúas camas, a de Luis e a do irmán, que eran as nosas «mesas auxiliares», uns estantes e catro sillas. Non tiñamos máquina de escribir nin ficheiros. Alí argallouse a creación do «Seminario», dispuxéronse actos, redactáronse moitas notas de prensa, colexiouse o «Vocabulario Popular Galego Castelán», que escomenzou a publicarse no 1926... E aquela foi a redacción de «Adral».

A familia, compracente, termaba das nosas molestas trafegas.

Redactores e ilustradores

Compartían a redacción Magariños Negrera («Julio Marín»), Luis Tobío («Ariel Garcés»), Cordal Carús («Paio da Chousa», «Cordeil», «Lauro Clarisel»). Lucho Bouza Brey («Luccius»), que era, con Vilariño, o ilustrador. Eu firmaba «Filicaria», que dese xeito me chamaba Otero Pedrayo. Andaban tamén no choio Vidán Freiría, Pena, Martínez López e outros compañeiros.

«Adral» publicaba relativamente pouco en galego, xa que o reservabamos para máis altos empeños, por refugar do uso rexoubeiro e tamén porque abundaban as contrafacturas, porque na diana estaban tanto os escritores coma a semiótica do tempo. Era un facer irónico, que podía esperta-lo sorriso, pero non a gargallada; culturalista e antitópico. Os obxectos da crítica eran moi variados. Tiñamos un fondo respecto para os nosos mestres «oficiais» e para os «gratuítos», anque houbese algunhas alusións. Poñamos por caso nas «cantigas do pobo». Así, a refrida a certos anacronismos:

«Eicho de dar queridiña,
eicho de dar que o teño,
un palimpsesto de Gaio,
feito no século primeiro».

Ou, aludindo ó áxil e directo discurso do ben querido Cabeza de León:

«Salvador, Salvadoriño,
Salvadoriño pequeno,
moito falas Salvador,
«moito parolas, meu neno».

Había biografías de compañeiros e amigos, feitas no ton de gabanza corrente nas periodísticas, en desvío a un nivel irreal. A entrevista sobre supostas obras e proxectos. A parodia do ensaio pseudofilosófico, amoreando termos insólitos, baldeiros, un tanto non ronsel de Joyce: «Poesía tumefacta. Poligenismo halomántico que trae anacatarsis rítmica...». Degradación das «frases célebres»: «Dijo Napoleón, cierta noche, a su ayuda de cámara: Mañana me lavaré los pies».

Humor: paradoxa e parodia

O cultivo da paradoxa: o artigo en galego e no estilo de «A Nosa Terra», pero propoñendo a supresión total da nosa lingua e a unificación da paisaxe coa de Castela. Tema que se repite na «campana» «Galicia está chamada a desaparecer». A crítica poética endereitábana, sempre, con «remedillos», ós post simbolistas que plaxiaban a Rubén e a Valle-Inclán, ó surrealismo e ó neopopularismo. Do primeiro xorne era o meu sexquipedal poema «Lirofónica»:

«Hermanos: tendamos al mar, soñoliento de sonos cromáticos, las redes unánimes que viejas jeringas tejieron...».

No segundo era especialista Lucho Bouza:

«Bombardean los chamanes
charrascos de dioses manes
chorizos de batanes
alalá
alalá
alalá».

Non faltaban intenciones, «Ecos locales» nin reseñas de supostos partidos de fútbol, entre os equipos «Procedimientos» e «Referéndum».

Donos do tempo

Cando un se volve a evocar aqueles anos, o primeiro en que repara é no moito que o tempo daba de si. Era un tesouro do que eramos donos. Daba para todo, para cursar dúas carreiras a un tempo, para investigar nos arquivos e nas bibliotecas, para ler a fartar, para escribir a cotío nos xornais,

ensaia-los dramas de Cotarelo, asistir ós parladoiros dos cafés, organiza-lo «Seminario de Estudos», exposicións, concertos, campañas e «divertimentos». Un dos máis xurdios chamábase «Adral», que agora é o título dos volumes das escolmas de artigos dun daqueles rapaces de hai sesenta e sete anos.

En *La Voz de Galicia*, 22-IX-1992.
(Reproducido en *VIII-Adral* (1994), pp. 241-243).

Antonio Odrizola

Unha flor na lapela. Tanto tiña que fose premiada nun concurso ou ventureira, collida nun valado. Era a súa insignia, o seu brasón. E na man dereita un groso e pesado cartafol negro. Dentro del unha increíble mestura, espello das variegadas xeiras do dono: o libro do trinquete mercado en Seoane, as separatas adicadas por Norton, Schiavo ou os Lavaud, as fotocopias derradeiras das follas do «Breviario Compostelano» rescatadas nun «Arquivo de Protocolos», o guión dunha conferencia para a Biblioteca Nacional, unha bolsiña de cogumelos, outra cos ósos para os canciños que criaba en Lérez...

Coa carga ía cara á Biblioteca, viña ó Museo, saudaba ós siareiros na que el chamou «a roita dos viños», demorábase nas rúas a falar con traballadores e con estudiosos...

Chegara a Pontevedra hai corenta e catro anos, chamado polo seu irmán Miguel, enxeñeiro agrónomo, investigador de xenética animal, autor de valiosas obras, entre elas unha adicada ó cabalo onde non faltan notas de erudición humanística. Viñera á Misión Biolóxica de Galicia no 1929, á par de Gallástegui, e casara en Pontevedra, por certo cunha parenta miña, Mercedes Lino. Foi na voda onde coñecín a Antonio e ó pai deles, un home esgrevio (Dicía María Mendoza: «Son de proskenio»).

Os dous irmáns naceran na «Granxa Modelo» de Vitoria. Antonio no 1911. Anque estudiou Dereito e foi Bibliotecario da «Misión», nunca lle perdera a lei ás ciencias da natureza, nas que fora iniciado de neno e que deron base o seu método de traballo bibliográfico. A el responde a «invención» das identificacións da «letrería» dos incunables.

Nesa liña están os traballos e os cursos de Botánica, as campañas sobre as setas comestibles, sobre floricultura e sobre todo, o fervor pola camelia na promoción de festas e mostras da «flor das Rías».

Outra liña, a da musicoloxía. Chegou a ser toda unha autoridade no coñecemento das gravacións, desde o inicio do LP. Organizou exposicións sobre Salazar, Mozart, Bartok, Stravinski...

Os seus saberes bibliográficos abranguen desde os Libros Litúrxicos, e as impresións castelás do XVI, á imprenta galega de tódolos tempos e ás minucias familiares dos talleres pontevedreses. Fiable sempre, era escoitado e consultado polos máis prestixiosos especialistas. Coido que ningún coñeceu mellor as edicións de Valle Inclán.

Na mocidade vivira o ambiente da «Resi»¹⁰⁵ e fixera amizade cos escritores mozos da preguerra, sobre todo coa rolda de «El Gallo Crisis», Sijé, Miguel Hernández, e coa de «Cruz y Raya».

Home de universal cultura, levaba dentro o «blusa» alavesa. Unha vez ó ano, o día trinta e un de xullo, axuntaba ós amigos de xenia euskérica. Podía gabarse de ter sangue de tódalas demarcacións forais: vitoriano de nacemento, da liñaxe dos Martínez de Zuaso; guipuzcoano polos Odriozola, Egaña e Rementería; vizcaíno polos Echevarría; navarro dos Pietas e Riberos... — Carmen, a súa dona, axudábao e dáballe alento en tantas e tan diversas laborías.

Perdera oído. Refugaba o uso do audiófono. Quizais por iso, non escoitou o auto que se lle viña enriba, mesmo á porta da súa casa de Pedra Picada.

O cadaleito entrou no Museo ás doce do día oito do mes de Nadal. Era a mesma hora en que el chegaba sempre traendo insólitas novas, maxinando mostras do Museo ou edicións dos Bibliófilos Galegos que presidía, ganoso de dar resposta ás nosas preguntas. Agora terá xa tódalas respostas no Alén.

«Atlántico», 9, XII, 1987.

(Reproducido en *VIII-Adral*, (1994) pp. 244-245).

¹⁰⁵ A coñecida “Residencia de Estudiantes” de Madrid.

*Nos setenta anos da Coral Polifónica de Pontevedra*¹⁰⁶

Tal día como o nove de abril do 1925, a Sociedade «Coral Polifónica» de Pontevedra ofrecía un primeiro concerto, sacro, na igrexa de San Francisco. Era Xoves Santo; Venres cantaba en Santa María. En programa, antífonas dos séculos XVI ó XVIII: Jacobus, Händel, Martini... Foi un feito trascendente para a vida musical de Galicia: abría novas perspectivas á composición e ó repertorio dos coros e á promoción de pezas «a capella» sobre os temas do noso tesouro das melodías tradicionais. Con razón Rafael Dieste —que este ano festexamos no «Día das Letras»—, un dos primeiros a louvala, dicía que era «a entidade artística de Galicia que leva no seo máis rexos e sorprendentes pulos de porvir», «un proel».

Daquel proposto xurdiron uns novos conceptos que hoxe agroman en tantas corais de cidades e vilas galegas.

Foi cousa, como outras iniciativas froitosas na Pontevedra dos anos vinte, dos mozos do «Karepas», un «club» deportivo e algareiro, nos tempos en que coinciden en Pontevedra Losada Diéguez, Castelao, Iglesias Vilarelle¹⁰⁷, Blanco Porto, Paz Andrade, Bóveda... o asesoramento de Sánchez Cantón e La Sota, moveron vontades non só para ese anovamento musical, senón para os «Estudos Galegos», as pensións artísticas, a Misión Biolóxica, o Museo...

Promoven a fundación da «Coral Polifónica» catro personalidades cimeiras: Iglesias Vilarelle, un Inspector de Facenda, músico autodidacta, que en Madrid non perdera concerto, formara con Claudio Losada na «claqué» do Real, e cantara dirixido por Villalba; home de bos libros e de felices intuicións. Buscou para a Dirección a un fraternal amigo, Blanco

¹⁰⁶ Vid. tamén: “Elogio de la Coral Polifónica de Pontevedra”, en *El Pueblo Gallego* (21-X-1941) e “A Polifónica nas Rutas do Románico”, en *Ruta cicloturística del Románico*, Pontevedra (2-III-1986).

¹⁰⁷ Filgueira tratou a figura deste seu amigo en artigos como “Elogio de Iglesias Vilarelle”, en *Diario de Pontevedra* (12-5-1971); “Antonio Iglesias Vilarelle (1891-1971)”, en *BRAG*, n.º 359 (1977), pp. 335-337; “La Misa Deus Fratesque Gallaecia, de Iglesias Vilarelle”, en *Diario de Pontevedra* (28-5-1971); “Na homenaxe a Iglesias Vilarelle”, en *Diario de Pontevedra* (20-8-1991); e “Iglesias Vilarelle, un home de moitas almas”, en *La Voz de Galicia*, (31-X-1991).

Porto, que tiña formación musical e literaria. Losada Diéguez, o primeiro Presidente, recibira as primeiras orientacións musicais no Colexio dos Xesuítas, melloráraas en Deusto e en Madrid; tocaba o violín e sabía moi ben as roitas das artes no mundo de entón. Castelao, bo cantor na corda de baixos, puxo ademais a aportación plástica da fermosa escenografía e sucedeu a Losada na Presidencia da entidade. Non podo esquecerme do asesoramento do repertorio con novas composicións galegas do franciscano P. Luis María Fernández, e vellos e novos eruditos que aportaron o seu saber.

A xeira, de escomenzo, non foi doada. Topaba coa inmediata tradición dos orfeóns de voces varonís e repertorio «Rillé»¹⁰⁸ e coa novidade grata dos coros galegos, iniciados asemade en Pontevedra por Feixoo. A polémica desencadenouse nas páxinas do «Faro de Vigo» e motivou unha lúcida aclaración de Losada Diéguez. É curioso que fillos dos contradictores participasen afervoadamente na laboría da nova «Coral».

Outra oposición ofrecía meirandes riscos. Namentres que as autoridades eclesiásticas acollían a idea con agarimo, certos moralistas, de vía moi estreita, condenaban, pola súa conta, os «coros mixtos», baixo o lema paifoco de que «en España los mixtos se inflaman». Un exaltado predicador foráneo levou o tema ó púlpito, e foi mester toda a autoridade moral de Losada Diéguez, que era moita, para lograr unha difícil rectificación.

Polo que di á perfección acadada, poucos anos despois, no 1928, a máxima competencia dun Adolfo Salazar¹⁰⁹ proclamaba que «los programas de la Polifónica de Pontevedra son dignos de mostrarse, por su selección y altura, al mundo entero». Stokowski, logo de dirixilos no 1951, escribía: «Con este coro se pueden hacer cosas deliciosas. Esta visita a Pontevedra dirigiendo este coro, será imborrable para mi. La Polifónica muestra una sensibilidad increíble».

¹⁰⁸ O termo está tomado do musicólogo francés François Anatole Laurent de Rillé (1829-1915), autor de pezas de música sacra e tamén de operetas, así como obras para coros infantís.

¹⁰⁹ Adolfo Salazar (Madrid, 1890-Cidade de México, 1958) foi musicólogo, crítico, historiador, periodista e compositor de amplísima obra de creación musical e de crítica nos ámbitos da bibliografía e o xornalismo. É autor da obra panorámica *La música en el siglo XX* (1936) e, como curiosidade, da partitura para “Tres poemas de Rosalía de Castro” (1915).

Setenta anos. Quiñentos catorce concertos en Galicia, por toda a Península, por Europa adiante, en América... Vintecinco mil horas de ensaios, un repertorio de máis de dúascentas obras de grandes mestres ou de estreas galegas. Foron directores: Blanco Porto, Iglesias Vilarelle, Fernández Cayeiro, Bertomeu, J. A. Sánchez, hoxe Vereá Montero. Os cantores, que seguen sendo unha rolda de amigos das máis diversas ideas e moi distintos mesteres, sobre todo, gozan cantando e transmitindo o seu fervor pola mellor polifonía, coa ledicia de ver que hoxe competen tantos e tan ben os seus ideais que inspiraron a fundación da Coral.

Acto conmemorativo, abril, 1994.
(Reproducido en *Adral*, IX (1995), pp. 231-233).

Os cantores dos Institutos de Pontevedra

No derradeiro ano festexaron cumpreanos, con fermosos concertos, a «Sociedade Coral Polifónica» e a «Filarmónica de Pontevedra» (setenta aniversario) e os «Cantores dos Institutos» (corenta). Falemos hoxe dos Cantores. Cando os instituímos, no 1955, non imaxinabamos que o seu labor fose tan froitoso, nin que poideran perdurar, e mantendo o mesmo espírito.

A iniciativa, favorecida por un claustro con mestres exemplares que eu presidín, tiña precedentes moi valiosos, lóxicos na tradición musical da «Boa Vila». Dende catro lustros atrás os escolares intervían cos seus cantos nas solemnidades docentes, baixo a dirección de Blanco Porto e de Pita Romero. A presenza doutro mestre de formación excepcional, Agustín Isorna Ríos, permitiu encetar novos camiños. O proxecto abarcaba a preparación anual de catro liñas de composicións: polifonía relixiosa da Semana Maior, que Halffter¹¹⁰ me recordaba con emoción hai poucos días, «vilancetes» de nadal; música medieval galega e as súas perduracións en cantos do Calixtino e do Camiño de Santiago. A verdade é que cando Isorna nos propuso exhuma-las

¹¹⁰ Cristóbal Halffter (Ponferrada, 1930), músico, compositor e director de orquestra. A estrea da obra *A Orestíada* tivo lugar no Teatro Romano de Mérida en 1959.

mellores páxinas da «Hebdómana¹¹¹ Sacra», de Tomás Luis de Victoria, non podíamos soñar que os «Cantores» serían chamados por Sopena e Gómez Ledo para cantalas na Cidade Universitaria e en San Agustín de Madrid, e que serían gravadas, baixo a dirección de Roberto Pla.

A primeira actuación, o 16 de marzo do 1955. Cursaba como alumno oficial no Instituto e asistía a clases e xogos un novicio de Poio que se ordenaba de sacerdote aquel día. E o coro cantou na misa. Poucos días despois, a «Pasión» e os «Improperia»¹¹², de Victoria, o Venres Santo en Santa María.

Despois... Facultades Universitarias, Congesos Internacionais, «Despedida do Vilancico», agasallos e antigos alumnos, ilustracións musicais de conferencias, actuacións teatrais...

Lembranzas perdurables: a homenaxe a don Ramón Menéndez Pidal na Academia da Historia; e a de Sánchez Cantón no Prado; o «Camiño de Santiago» entonando as vellas cantigas dende a Tour Saint-Jacques de París ó Cebreiro; a estrea da partitura da «Orestíada» de Halffter coa Compañía de Tamayo; o «Auto da Quinta Angustia» nas Ruínas de Santo Domingo; a Catedral de Sevilla, ó paso das procesións; concertos sinfónico-corais con cantatas de Bach. Premios nacionais de interpretación.

Fixeron o milagre a constancia dos rapaces e o saber dilixente e xeneroso dos mestres: Isorna, García Polo, Fernández Cayeiro, Luis Villar, J. A. Sánchez, Xosé Vereá... agora Fernando Olbés, saído do propio coro coma outro dos directores. Cantantes, profesores, musicólogos... foron un día cantores e súmanse ós estudantes de agora nas audicións nadaliñas. Para os antigos alumnos e para min os do coro agroman nos máis ledos records.

O froito máis granado da formación musical no coro foi, sen dúbida, o que tantos e tantos rapaces coñecesen páxinas sobranceiras da nosa música de tódolos tempos, soubesen escoita-las melodías medievais, as obras de Victoria e de Bach, é dicir, levasen para sempre consigo o amor á mellor música. Pero, asemade, do coro saíron directores de corais, catedráticos,

¹¹¹ Semana.

¹¹² Ultrajes, insultos, ofensas.

eruditos na investigación musicolóxica e por non faltar nada, unha cantante de ópera e directora de conservatorio en Alemaña.

Non poderei esquecer nunca ás nosas «familias Thrap» cantando polifonía nas horas máis ledas do ano.

Escollo, entre centos de anécdotas, unha, reveladora do que representa esta formación no aspecto do «pensum» literario. Na oposición a cátedras de Literatura, unha antiga cantora ilustrou o seu exercicio con abondosas citas a un tema relativo ó zéjel, ó vilancico e ó paralelismo nos Cancioneiros tardíos. Un dos membros do Tribunal preguntoulle se estaba preparando unha tese sobre o tema: «Non. É que os cantaba cos Cantores do Instituto de Pontevedra».

Para o acto conmemorativo, Museo de Pontevedra, xaneiro, 1955.
(Reproducido en *Adral*, IX (1995), pp. 234-236).



4. FRAGMENTOS CRÍTICO-BIOGRÁFICOS

*Afonso X*¹¹³

As cortes líricas durante o reinado de Afonso X

Bastarían as miniaturas que presentan a El-Rei Sabio presidindo e dirixindo a súa corte de eruditos, compositores, instrumentistas e incluso danzaríns para comprender o que representou en tódolos aspectos do cultivo do espírito. Non é doado achar un paralelo nas monarquías do seu tempo, porque, ó exaltar os ideais do prerrenacemento, encarnaba, a un tempo, a tradición clásica e o contacto coa sabiduría de árabes e xudeus, e promovía un universalismo que xustificaba as súas aspiracións imperiais. Para atopar unha corte que poida parangonarse coa súa hai que buscala na Sicilia doutro Rei Sabio, *Federico II*, anque con produción de órbita distinta e menor amplitude.

Tivo conciencia do seu papel axial, nunha transformación que dilataba os horizontes, con afán de grandes espazos territoriais e tectónicos¹¹⁴: conquista, cruzada, peregrinación. O arco oxivo e a traslúcida vidrieira son símbolos desta «extensio». Aspiraba El-Rei, ó propio tempo, ó pluralismo, vivindo nun ambiente internacional, crisol de múltiples tendencias e linguaxes. Podía ser emblema, así mesmo, a columna fasciculada. Espéllase no método, tanto nas grandes compilacións como na prolixa subdivisión temática, e na vida social cos seus complexos estamentos. O sentimento da Natureza vivificaba a poesía e o relato, pero asemade promovía a investigación científica. O idealismo animaba ó desenrolo de valores éticos, exaltábanse o «amor cortés» e a sublimación no culto marial. Consciente da súa función, pretendeu abarcar o pasado histórico nas crónicas, regular o presente coa codificación legal, adivinar o futuro na observación dos astros...

¹¹³ Vid. os artigos de Filgueira: “Afonso X e a Torre de Hércules”, en *El Ideal Gallego* (18-V-1980); “Afonso X versus Compostela”, en *El Ideal Gallego* (25-VII-1980); “Afonso X. Un Dante para Galicia” (4-IV-1984), no mesmo xornal; “Alfonso X El Sabio”, en *Gran Enciclopedia Gallega*, Tomo I, (1974), pp. 242-252.

¹¹⁴ Relativo á estrutura da codia terrestre.

A confluencia de melodías e de estilos musicais é paralela ó poliglottismo da corte. Dá testemuño a confluencia no riquísimo acervo das «Cantigas» do popular e o eclesiástico, o árabe, o galaico-portugués e o occitánico. Aínda a poesía é cantada. Tardaría a ruptura renacentista, cos textos para ler. A transformadora «Ars nova» non removera aínda os fundamentos da «Antigua» e tanto a igrexa como os trovadores, sometían a liña melódica ó texto poético. Pero novas modas ían afastando á lírica das súas fontes. Hai un testemuño do trovador *Martín Soares* (CEM 285) que sinala claramente as lindes que separaban a música culta da vilanesca, o gusto cortesán e o do pobo, son partidarios do vello e vulgar estilo os executantes, os instrumentos dos cales están axustados á súa tonalidade «porque lhis cabe trombas vosso son». En «cas de El-Rei» resoaban os máis diversos ritmos e melodías, cos máis variados acompañamentos. Nas «Cantigas de Santa María» e nos xéneros profanos serían, como na Compostela do século anterior, co «Calixtino» e o «Pórtico» de Mateo, un signo de universalidade.

Para un Congreso sobre Afonso X en Toledo, 1992.
(Reproducido en *Adral*, IX (1996), pp. 26-27).

*Álvaro Cunqueiro*¹¹⁵

As intervencións radiofónicas de Álvaro Cunqueiro

A Fundación *Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa*, únese á celebración do *Ano de Álvaro Cunqueiro* coa publicación deste conxunto inédito das súas intervencións radiofónicas, tan importante pola beleza literaria como atractiva polo caudal de insólitas novas e da fantasía lúdica.

¹¹⁵ Ocupouse Filgueira Valverde da figura de Cunqueiro en numerosas ocasións, como acreditan os artigos: “En la muerte de Álvaro Cunqueiro”, en *Ya* (Madrid, 12-3-1981); “Na morte de Álvaro Cunqueiro”, en *Faro de Vigo* (1-3-1981); “Tres nótuas sobre Cunqueiro”, en *Faro de Vigo* (1991); “Cunqueiro. As cancións do reiseñor” (maio 1991), no mesmo xornal; “Álvaro Cunqueiro. O periodismo e o ensaio”, en *El Correo Gallego* (17-V-1991); “Cunqueiro e Trapero Pardo”, en *El Progreso*, Lugo (17-V-1991), e “Sobre la lírica de Álvaro Cunqueiro”, en *A Peneira*, Pontevedra, (17-V-1991).

Cunqueiro sentíase a gusto escribindo para oíntes, do mesmo modo que na técnica das súas novelas se encarnou en personaxes narradores (Felipe de Almancia¹¹⁶, Simbad...). Algunha vez aquí diríxese ó auditorio ou a amigos. Tamén recibía respostas, pois os oíntes pedíanlle tal ou cal tema coa súa *lámpada marabillosa*.

A palabra

O dominio da palabra uníase nel á admiración reverencial polo don impar que representa. E gustaba de interesarse polas interpretacións filosóficas que intentan desentraña-los seus misterios e polos mitos creados arredor do seu valor máxico, como os *golem*. Gustaba de inventar e poñer nomes. Díciame dos *Bautizantes* que estaban moitas veces *ó borde mesmo dos grandes misterios da creación*. Colixía a onomástica dos anxos, dos demos, das bruxas, dos anos... e as lendas do tempo antigo e dos lugares máis arredados, que exaltan o poder da palabra. Gozaba *el gusto de inventar y el calor que da al espíritu el sacar una historia de la nada, donde están las palabras, calladas y confusas, antes de ser*.

*A noticia e a fantasía*¹¹⁷

Estes guións fannos lembra-la vella distinción entre obras *a noticia* e obras *a fantasía*. A primeira, coma unha faísca, prende a labarada da súa imaxinación. Dixen noutras ocasións que se entraba nunha biblioteca e tomaba nas súas mans un libro, por onde o abrira atoparía algo novo ou insólito que comentar. E que, ó coller un xornal, os ollos íanselle, de seu, á referencia do extraordinario. E, porque posuía o don de tecer todo un

¹¹⁶ Correctamente, Felipe de Amancia, personaxe narrador de *Merlín e familia*, de Álvaro Cunqueiro.

¹¹⁷ Esta subdivisión ou dicotomía aparece desenvolvida, no ámbito teatral, polo escritor pa-cense Bartolomé Torres Naharro (1485-1540), concretamente no seu tratado *Propalladia* (1517) ou “Primeiros ensaios dedicados a Pallas”, baseado en Terencio e outros comedió-grafos latinos.

tapiz con escasos fíos, a glosa resultaba ser para lectores ou oíntes moito máis importante que o feito relatado, porque sobre el abría insospeitados horizontes.

Ós saberes imaxinarios que parten de datos certos aludía Cunqueiro na presentación de *El desencanto del camellero*:

Había imaginado que este libro fuese iniciado con una carta dedicatoria al que allí, en el siglo XVI, fue obispo de Mondoñedo, Fray Antonio de Guevara. Y no solamente por lo que aprendí en él, aprendí a escribir, sino porque conforme van pasando los años, me encuentro fiel a él—como a Borges, por ejemplo— en la invención de erudiciones, sin temor a ningún bachiller Rhua que salga diciendo que no hay tal peligro, que tampoco sabio chino dijo tal verso y que en la «Heimskringla» no muere de amor ninguna doncella rubia.

Falou, con reiteración, das *Bolas de neve*. O seu sentido, na semiótica cunqueiriana, foi analizado por Tarrío¹¹⁸. Coma eses recipientes nos que, ó axitalos, móvense as figuras ou as folerpas cubren a paisaxe, así das concisas liñas dun libro ou simplemente dun despacho telegráfico xurdían accións e visións orixinais. Atoparedes nestas intervencións radiofónicas comentarios de acaecementos da historia cotiá. Calquera noticia podía servirlle: a elección do Pontífice, que lle permitía lembra-las *profecías* de San Malaquías; a morte do Rei Hakon de Noruega ou a dunha canonesa de Remiremont; a derrota dos españois na Olimpíada; a voda de Grace Kelly ou o centenario da invención da harmónica; a pedrada ó cadro da Gioconda; a revolución do Nepal; o 42 aniversario da República de Armenia; o baile da Ópera de París...

3

Entendedor de Galicia

O galego está sempre presente nos comentarios de Cunqueiro, preto ou lonxe, como tema ou como referencia. Nas series radiofónicas

¹¹⁸ Anxo Tarrío Varela. Catedrático de Literatura Galega da Universidade de Santiago de Compostela. A referencia de Filgueira está en función do estudo *Álvaro Cunqueiro ou os disfraces da melancolía* (Galaxia, 1989).

nas que se asoma ás fiestras do mundo e elixirá motivos distantes, a visión, desde a alma do noso pobo, arraiga o alleo. No último treito, cando está xa próximo ó seu fin, ocupa todo o horizonte; os traballos e os días son nosos, é este o *mundo* das súas *estampas* e engadirá o subtítulo *Haz y envés de Galicia*: a marabillosa lámpada condensa a súa luz sobre o que está máis preto.

Grande ourive do noso idioma, enriquecíaos con préstamos do seu *don de linguas*, coma o seu achegado Valle-Inclán tributara ó castelán coas do *latín galaico*. Ó recibir en 1980 o Doutorado *honoris causa* da Universidade Compostelana, aludía graciosamente ó seu poliglótismo.

Se a obra en galego foi un fito no camiño cara *mil primaveras máis, entendedor* de Galicia, coa xusta bisemia de *namorado* e de *coñecedor*, foi tamén un dos seus máis expertos guiadores por ela e cara a ela. Nestes parlamentos, coma en tantos centos de artigos e nos seus libros de andar e ver.

No que agora vos presentamos podedes encontrar valiosos achegamentos e interpretacións, mestras no saber de Galicia: as terras e as paisaxes (moi fermosa a evocación do Miño); Compostela, o camiño, os peregrinos, a festa, evocada tantas veces e con crecente fervor; cidades e vilas: o seu Mondoñedo natal, o Vigo de adopción, Portomarín, Cambados, o Padrón rosaliano, A Lanzada... Carboeiro; os pazos e as construcións adxectivas da vivenda, coma os hórreos... Hai páxinas de gran viveza descritiva sobre os costumes: Aninovo, Entroido, Semana Maior, Corpus, a noite de san Xoán, as dionisiacas vendimas, as San Lucas mindonienses, San Froilán, Betanzos e o seu globo... E as lendas; cidades mergulladas, habitantes soterraños, tesouros agochados...

Prólogo a *As intervencións radiofónicas de Álvaro Cunqueiro*.

Fundación Barrié de la Maza (1991).

(Reproducido en *Adral*, VII (1992), pp. 118 e ss).

*Castelao*¹¹⁹

A arte da caricatura según Castelao

Castelao definiu, por primeira vez, a súa arte na conferencia «Algo acerca de la caricatura», publicada en redacción definitiva, no 1916, e dada, dende catro anos atrás, en varias cidades. Logo, nos «Diarios», daría meirandes azos ás súas confesións estéticas.

Para él a caricatura —sempre chamou dese xeito ó «humor gráfico»— é unha arte grave. A par da súa transcendencia, oposta á noción da «arte para rir», están os seus valores éticos. «En nuestro tiempo, el arte para serlo ha de ser serio, y penetrado en el mundo interior tratará de modificar nuestros sentimientos en el sentido del bien; así será útil».

Beleza, verdade e ben son convertibles. A grandeza da caricatura ven de que, identificando a verdade ca beleza, redime a fealdade. Compre valora-la beleza, descubríndoa, onde poida acharse: «un esputo llevado al microscopio, puede proporcionarnos bellos temas decorativos».

É moi importante a súa distinción entre a fealdade e a beleza: «A fealdade é mais, eterna, e a vellez sempre vai a máis e nunca ven a menos. A fealdade será fea, como a vellez está perto da morte, pero fan despertar en nós fondos sentimentos de cristianos. A fermosura desperta instintos de besta. Por iso, nun medio pervertido, a fermosura é Beleza».

A caricatura non é unha demasía ridícula, nin argalla chatas, nin vai buscálas, nin as pon onde non as hai; é un arte superior, «clínico», consciente, baseado na simplicidade, que suprime todo o inespresivo; selectivo, non esaxera, senón que escolle. O valor dunha caricatura non radica en que sexa bela, senón en que exprese ben. Sintetiza, en poucos rasgos, un carácter. A fasquía reflexiva é a que fai que sexa superior á pintura, onde a forma é un medio, non un fin. Alónxase da beleza «comercial» en percura da beleza «psicolóxica».

Con Croce, coidaba que non pode sere fixada unha linde que arrede o cómico do que non o é, a risa do sorriso, e da gravedade, ou que esculpa, con liñas netas, a corrente continua en que se difunde a vida.

¹¹⁹ Todo o *IV-Adral* (un total de vinte escritos) está dedicado a Castelao.

Todo ten eispresión: os vivos, os mortos, os animais, «y también lo inerte, las montañas, las piedras, nuestras viviendas». A espresión e o xesto son universais, non precisan de traducións. O bon caricaturista ten de seren un bo psicólogo: diante dun individuo ha de saber decir «cómo se sonríe, cómo llora, cómo se enfurece». «Faguer expresións e imitá-los ouxetos eispresivos, ou, mellor dito, estraer dos obxectos a súa parte eispresiva, veleí a miña preocupación. Agora ben, eu coido que, polo de hoxe, témonos que contentar con copialas eispresións, sen copialos ouxetos. A síntesis que compre hoxe é pouco mais do que eu desexo como intención intelectual da caricatura».

Castelao acha na Alemaña o senso da «caricatura arbitraria», que é «unha síntesis, pero a intención non é a de sintetizar. A intención é a de conseguir arbitrariamente o mesmo efeuto que polos procedimentos normales. Eu coido que o expresionismo non é máis que o que eu chamaba caricatura arbitraria».

Dos valores lineares e cromáticos, decía que foron os dibuxantes e non os pintores os que encetaron un novo arte, co virtuosismo da liña, que é definición. Se este arte non é xa o de hoxe «será o de mañán». Para el, gracias á liña, a pintura e ó «arte dos intelectuaes», pois a cor —«adxetivo» do «sustantivo» liña— é música, e a música cicais non teña nada que ver co intelecto. Chegou a decir: «a pintura é tan impopular como as ciencias».

En *Limiar de 175 Cousas de Castelao*.

Caixa de Aforros de Santiago, 1976.

(Reproducido en *Cuarto Adral* (1987), pp. 176-178).

A. Cotarelo Valledor

Cotarelo Valledor

Cando morreu o mestre Cotarelo Valledor, hai xa trinta e tres anos, escribía eu unhas conmovidas liñas no seu louvor e lembranza. Decía nelas que a tristeira nova chegárame no intre en que estaba a ler unhas cavilacións de Xavier Zubiri sobre o valor actual do pasado. O senso reverencial con que nos achegamos ó legado dos pais, dos mestres, dos amigos primeiros,

dá a mensura da nosa propia estimanza. A personalidade e a obra penden en moito dese «pretérito presente». Temos de facerlles honra «re-coñecendo» o que temos deles.

Do mesmo xeito os pobos afinan a identidade cando dan testemuña do valer dos homes que os forxaron. Este é o senso do «Día das Letras Galegas».

O mestre

Para min e para tantos discípulos Don Armando será sempre o prototipo do mestre formador e conformador. «Enséñase o que se é». El era un transmisor de ensinamentos, de experiencias e de exemplos. Mestre dentro e fóra das aulas: na conversa, e na conferencia, no libro, no artigo, no teatro, na outa e incansable laboría cultural.

Polo que di, a cátedra tiña un programa moi longo e daba unhas leccións moi curtas, sen a pretensión de agotalo nin de esixilo. Tratába monográficamente os temas. Ofrecía na utilísima «Introducción» un guieiro cronolóxico e bibliográfico, orientador. Ensinounos a penetrar con fondura nun tema, a intuí-la largacía, a coñece-las fontes, a ter un criterio propio dos feitos. As digresións eran tan atraíntes coma as glosas do cerne das cuestións. Notas de humor, poucas e punxentes, acrecían a amenidade. Logo conversas de horas. Quedaba «al poste» rematada a clase, como nas vellas universidades, respondendo con paciencia ós nosos inquéritos. Longo camiñar polas rúas ou pola Ferradura, entre os alumnos, quedando «en vértice de uve» que, según o dito de Pérez Millán, é a suprema aspiración do santiagués de pro que se goza en ser escoitado. Visitas dirixidas a moimentos e lugares que nos fixo descubrir e comprender. Biblioteca persoal riquísima, aberta a nós, coma a súa mesma casa, onde dona María Botana, tan faladeira e lida, nos entretiña namentres él chegaba. Xeneroso do seu saber, sen ciumes nin reservas.

Era un orador nato, tanto na capacidade para o «curso retórico», en discursos e nas soflamas dos seus personaxes do teatro, coma na non menos difícil elocución docente, natural, clara, sinxela, mais coidadísima, sen anacolutos, fallas de concordancia nen reiteracións. Se todo mestre debe selo, non só na especialidade senón na lingua en que ensina, él érao. Con él penetrábase na entraña da fala, mais tamén recibíase o xeito modelar de manexala.

O polígrafo

Debémolles outro exemplo: nada era alleo para él. Tiña un senso total do cultivo das ciencias. Acadaba as máis alonxadas ramas da árbore dos saberes. Era, de certo, un polígrafo, unha enciclopedia xurdia, desas que xa non quedan neste tempo noso que require especialidades por veces deshumanizadoras. Teño sulinado que, por elo, prefería ós escritores «de moitas almas»: Séneca, San Isidoro, Afonso X, Feixoo, Sarmiento, Goethe...

Disposto pola súa preparación ó cultivo da ciencia en obras do meirande alento, soía aplica-las súas forzas de xigante a traballos de formiga. Ensinounos que non hai tema, por miudiño que sexa, que non mereza estudo, nin libro, por ruín que nos pareza, do que non podamos sacar, en ben ou en mal, algunha lección de proveito.

É difícil atopar na historia das nosas letras, fóra dos dous frades xeniais do século XVIII, un exemplo semellante de quebra das sebes dos lindeiros das ciencias. Filólogo coñecedor das linguas clásicas, investigador das románicas, historiador da antigüidade, do alto medievo da reconquista, de figuras e institucións do renacemento, do barroco, do romantismo..., teórico e cultivador das artes –debuxante dado a trazar arquitecturas– con aptitudes musicais, sabedor das Ciencias da Natureza, da Física, sobre todo da Astronomía, poeta, narrador, dramaturgo...

En *Faro de Vigo*, 17-VI-1984.

(Reproducido en *V-Adral* (1989), pp. 364-365).

Euxenio Montes

Euxenio Montes

Fora, no ar das nosas letras, coma unha estrela fuxidía, esbelladora¹²⁰. Cruzáralo, xogoral, sorprendendo. O seu mestre e tocao Euxenio d'Ors –tan

¹²⁰ Deslumbrante.

parello a él, en tantas cousas, aínda Xenius— definírao decindo: «tiene calidad de alfil».

Non é doado que podades enxergar de cheo os escritores de hoxendía o que foi prós mozos de entón o abrente de Euxenio Montes e da rolda dos «novos», antre os que era cabezaleiro. Os que tiñamos daquela dazaseis anos non podiamos saír dos vieiros do postsimbolismo, por moi andados que estiveran. Era moito home o «gran Don Ramón» pra que desleixásemos roitas que nos abrira, todos á porfía por aquelarse a imitalo. E medraba unha rolda de repetidores. De súpeto, das follas de «La Centuria», de «Céltiga», de «Galicia»... desgaxábanse ventos do trinque. Sen esquencer os mestres, escomenzamos a ter outros guieiros, poemas distintos que decorar, garridas prosas na nosa fala...

Montes adeprendera en Valle-Inclán, e soupo codificalo, que era mester quebrar as fronteiras da poesía. Decíanos que «o verso non é máis que unha forma de expresión característica das edades mozas, non somentes na Historia senón nos individuos...». Presentábanos ó poema como un espello emocional, e á «prosa como a herdeira, magna e progresiva do verso, asumindo as obrigas, necesidades e ledicias dise patrimonio; a facerse, en consecuencia, poética, arrecadando ritmos, cadencias e deberes que denantes o verso tiña en monopolio». El soupo acadar esta perfección degarada¹²¹, e tanto no áxil verso, como na prosa galega ou castelán. Tal que un orfebre cheo de inxel sensibilidade. E asemade no ensaio, na erudición, no discurso académico ou na siareira e cotián presenza, con artigos, nos xornais. Toda unha lección duradeira de bon facer literario.

Pasados sesenta anos de aquel primeiro deslumbramento, a obra de Euxenio Montes sigue viva pra nós. A longa e sempre atilada¹²² laboría en castelán non escurece as primeiras páxinas galegas. De certo temos moito en que recreármonos lendo e releendo «El viajero y su sombra», a «Melodía Italiana», as «Elegías Europeas», a «Estrella y su estela». Adepréndenos o xeito de axuntar a erudición ca expresión atraínte no «Federico II» ou nos discursos de ingreso, tan recentes. Mais nada pode ter comparanza, para

¹²¹ Desexada, ansiada.

¹²² Extremadamente pulcra, elegante.

nós, co xuntoiro inicial da fala enxebre cas correntes que irradiaban dos focos culturais da Europa de entreguerras.

Cicais para os mozos de hoxe o encontro con Montes non poda ter o aglaio¹²³ que tivo pra nós, os mozos de fai sesenta anos. Atrévome, nembargantes, a pedirllles neste intre –cando aínda non está soterrado o corpo do poeta– que o lean. Terán de sentire, como nós, a súa chamada á Natureza, omnianimada con fondo amor: «E nin siquera ti, río, has de poder ir ó ceo!». Achegaranse ás raíces do espírito galego na «Estética da muiñeira». Saberán da door dos ollos cegos nas refendas de «O vello mariñeiro toma o sol»...

28-Outono-1982.

(Reproducido en *Terceiro Adral* (1984), pp. 398-399).

Luis Seoane

Luis Seoane, gravador

Correspóndeme falar dunha das facetas reveladoras da actividade múltiple e vizosa de Luis Seoane, artista total, como Castelao, cultivador das máis diversas liñas, dende o debuxo ó poema, sempre con directa visión e con coñecemento das novas tendencias. E pois foi, asemade, o mellor dos nosos críticos de arte, quixese eu escolmar nas súas verbas os criterios sobre a gravura, cando nunha sorte de autoestética falou da obra propia e cando lembrou ou xulgou a dos grandes mestres. Pois nese polifacético labor, ten o gravado un posto sobranceiro, polo interés erudito e técnico que espertou nel e máis aínda polas creacións artísticas, xa dende a mocidade. Foi un «entendedor», mesmo no senso medieval da verba, como «namorado».

Interesábanlle o material e as súas variacións dende as orixes: o buxo, o cobre, o chumbo, o cinc, a pedra litográfica, o linóleo, a retícula de fotogravado... cos procesos, os aparellos e ferramentas do traballo; as mudanzas e adiantos, e as obras cimeiras de cada época; e o destino das obras, foran

¹²³ Abraio, asombro.

endereitadas ó pobo ou da meirande cobiza cultista. Home integrador, cunha visión superadora das dicotomías, tivo sempre, a modo de tema-conductor, a función da plástica ó servizo da palabra e da palabra en ben do deseño ou da pintura. E, o destino popular da estampa, como medio de comunicar mesmo para os que non sabían ler. Porque á beira das obras mestras dos grandes buriladores, o rexistro devoto, a haxiografía, os «gozos», as «aucas»¹²⁴, os «pregos de cordel», as «aleluias» ían endereitados a todos. En Galicia encetou Castelao, co «*Bendito San Amaro*», un renovo que Seoane tentou axiña noutros eidos e seguiu Isaac Díaz Pardo, áxil comentador das súas gravuras dende «O Castro».

1

Na presentación da *Estampa popular galega* no 1969, facía lembranza dos seus primeiros traballos, de mans dadas cos artistas anovadores dos vizosos anos vinte:

«Foi a partir da segunda decena diste século cando apareceron moi interesantes e inquedos grabadores galegos en madeira, en linóleo, iaugaforte, punta seca, litografía... Un fato de nomes citados de memoria abonda para ilustrar o que afirmamos. Dous malogrados, Fernández Mazas e Luis Huici, que grabaron en madeira, que foron con seguranza, e con Xaime Prada, grabador en linóleo, os primeiros eispresionistas galegos; Castelao, que introduxo o linóleo en Galicia e dou lugar ó movemento de grabadores neste material de Pontevedra; Carlos Maside, que foi o máis grande grabador en madeira que tivo Galicia, abonda pra acreditalo o seu autorretrato e o retrato de Castelao; Arturo Souto, coas súas litografías, algunhas maxistrais, da guerra civil española; e Colmeiro, coas puntas secas do seu álbum «La Ofrenda», feito no desterro de Buenos Aires. Falamos samente dunha xeneración acreditada. Viñeron, denantes da Estampa Popular Galega. Foi o primeiro esforzo dun fato de grabadores pra levar seu arte ó pobo, cicáis o primeiro intento feito en Galicia logo da Barraca Resol, que se abriu na Feira de Santa Susana de Compostela».

En *Congreso Luis Seoane*, Santiago de Compostela, 1994.

¹²⁴ Catalanismo. Aleluias.

(Reproducido en *Adral*, IX (1996), pp. 197 e 199).

Losada Diéguez

Losada Diéguez e os estudos galegos

A Xuntanza de investigacións de Pontevedra

Pois Losada foi tamén o precursor do «Seminario de Estudos Galegos». No despacho da súa casa da Plaza de Teucro, onde tantas nobles ideas fixeron niño, xurdía, no 1922, unha «Xuntanza» pontevedresa. A nova «oficial» foi dada por Iglesias Vilarelle e Octavio Pintos no número 16 do «Nós», con data primeiro de febreiro do ano seguinte:

«O redor do fervente galeguismo de Antón Lousada Diéguez, Profesor do Instituto de Pontevedra, formou naquela cidade unha Xuntanza de Estudos na que traballa un fato de rapaces, cheos do máis grande amor á Terra, domiñando a idea de axudar á degarada formación da Histórea de Galiza. Coa súa grande e froitosa esperencia e coa xenerosidade dos seus fondísimos coñecimentos na arqueoloxía galega, don Casto Sampedro, Presidente da Comisión Arqueolóxica de Pontevedra, dou quentura a este novo movemento ó que tamén leva a súa axuda artística, sempre baril y enxebre, Alfonso R. Castelao».

1

A fundación do «Seminario de Estudos Galegos»

Aqueles traballos ían atopar cumprimento e continuidade no «Seminario de Estudos Galegos». Seis rapaces botabamos os alicerces del no Castro de Ortoño, o día doce do outono do 1923. Nin que decir ten a ledicia con que a nova foi acollida por Losada Diéguez e a rolda dos que con el traballaban. Refléxase nun fermosísimo debuxo de Castelao na «Galicia». Na segunda sesión do novo centro compostelán, tal día como o tres do mes de Santos, a «Xuntanza» pontevedresa integrábase no Seminario,

